





CONSIDERACIÓN SOBRE A situación económica

1.- Crecemento e converxencia

Cadros C.1.1. a C.1.3. e gráfico C.1.1.

No ano 2001 produciuse unha forte ralentización no ritmo de crecemento da economía mundial, estimado polo FMI nun 2,5% do PIB, 2,3 puntos menos que no ano 2000. A economía estadounidense deixou de se-la protagonista principal da medra económica mundial dos últimos anos, presentando un crecemento do seu PIB de tan só 1,2% (4,1% no ano anterior); na Unión Europea o incremento do PIB foi do 1,7%; no estado español, do 2,8%.

En Galicia no ano 2001 notáronse os efectos da ralentización do ritmo de crecemento económico. O valor engadido bruto (VEB) total a prezos básicos de tódolos sectores económicos xerado en Galicia medrou nun 3,0% en termos reais, segundo a estimación do IGE (unha décima superior á taxa de

crecemento no conxunto do Estado), 1,1 puntos menos que o fixera no ano anterior, confirmando o fin do ciclo expansivo que anunciáramos na memoria anterior para o ano 1999.

O comportamento da actividade económica en Galicia permite un lixeiro e conxuntural acercamento á produción por habitante da economía española (do 79,6% ó 80,4%).

O dito crecemento do ano 2001 veu acompañado dun cadro macroeconómico caracterizado por un menor crecemento da taxa de variación interanual de inflación (2,6% fronte ó 3,7% do ano anterior) e por un importante saneamento das contas das administracións públicas, no obxectivo goberamental de acadalo déficit cero.

Asemade, a ralentización do crecemento económico tivo consecuencias negativas na creación de emprego, que estancouse cun



CADRO C.1.1.

Taxas de variacións anuais do VEB ⁽¹⁾ e do emprego 2000-01 en Galicia e España: distribución segundo sectores económicos

	Galicia				España			
	00/99	01/00	00/99	01/00	00/99	01/00	00/99	01/00
Sectores	VEB	Emprego	VEB	Emprego	VEB	Emprego	VEB	Emprego
Primario	-1,6	2,3	0,6	-12,4	1,5	-2,5	-0,3	-0,9
Industria	5,5	3,8	2,6	8,1	4,1	4,0	1,3	1,2
Construcción	6,5	11,2	4,8	1,5	6,3	8,8	5,5	6,1
Servicios	3,7	4,6	3,1	1,3	3,9	5,4	3,4	1,9
Non primarios	4,1	5,3	3,2	2,8	4,1	5,4	3,1	2,2
Total VEB pb	4,1		3,0		4,0		2,9	
Total PIB pm	3,9		2,8		4,1		2,8	
Total emprego		4,8		0,1		4,7		2,0

(1) VEB a prezos básicos. Prezos constantes (base 1995)

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE e INE

CADRO C.1.2.

Converxencia real das CC.AA. fronte a España e a Unión Europea (UE-15)

	PIBR por habitante ⁽¹⁾			PIB por habitante (poder de compra)			
	2000	2001	01/00	1999	1997/99	1999	1997/99
	(media española= 100)		variación absoluta	(media UE-15=100)		(media AC10+UE15=100) (2)	
Andalucía	75,1	76,0	0,93	60,0	58,8	66,1	64,8
Aragón	107,0	107,6	0,58	86,8	86,2	95,6	95,0
Asturias	86,3	87,3	0,90	71,0	70,1	78,2	77,3
Baleares	107,6	105,0	-2,61	101,4	100,9	111,8	111,2
Canarias	92,1	90,0	-2,13	80,9	78,4	89,1	86,4
Cantabria	97,8	98,2	0,34	77,7	75,2	85,6	82,9
Castela-A Mancha	81,9	82,2	0,31	65,0	64,8	71,6	71,4
Castela e León	93,9	95,3	1,44	75,3	74,1	82,9	81,7
Cataluña	119,8	119,1	-0,65	100,6	98,6	110,9	108,8
C. Valenciana	95,5	95,7	0,12	79,4	77,5	87,5	85,5
Extremadura	67,3	68,1	0,86	51,8	50,3	57,0	55,5
Galicia	79,6	80,4	0,79	65,4	64,1	72,0	70,7
Madrid	134,4	132,9	-1,54	111,6	108,2	122,9	119,3
Murcia	82,8	81,6	-1,27	68,1	67,2	75,1	74,1
Navarra	129,8	127,8	-2,07	104,6	103,1	115,3	113,7
País Vasco	123,4	123,8	0,36	100,9	97,6	111,2	107,6
A Ríoxa	113,6	112,3	-1,35	92,9	92,1	102,3	101,6
Ceuta y Melilla	80,1	78,7	-1,41	65,4	65,8	72,0	72,5
Total	100	100		82,2	80,5	90,6	88,7

(1) Para o seu cálculo tense en conta os datos do PIB a prezos de mercado (prezos constantes) da Contabilidad Regional do INE, e os datos de poboación segundo os padróns de habitantes a 1 de xaneiro dos anos 2000 e 2001.

(2) Los países AC10 son Chipre, República Checa, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia, Eslovaquia e Eslovenia.

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE e Eurostat

incremento de só 0,1% (800 novos empregos), máis de catro puntos e medio por debaixo do que sucedera no ano 2000. O emprego no sector primario descende un 12,4% (22,0 miles de persoas) e nos sectores non primarios medra un 2,8% (22,8 miles de persoas).

O conxunto da economía española, cun parello crecemento da produción, presenta unha taxa de creación de emprego 1,9 puntos superior.

Así, a eficiencia en converter crecemento en emprego (dividindo a taxa de crecemento do emprego entre a taxa de crecemento da produción), que era do 117% no 2000, cae no 2001 ó 3,3%, moi por debaixo do 68,9% español.

Desde o punto de vista da oferta, cómpre salienta-la ralentización do crecemento dos sectores non primarios, que pasan de medrar un 4,1% no ano 2000 a un 3,2% no ano 2001, xunto á leve recuperación do sector primario

CADRO C.1.3.

Valor Engadido Bruto a prezos básicos das CC.AA. 2001: distribución segundo ramas de actividade ⁽¹⁾


	Agricultura, gand. e pesca (en miles de euros)	CA/total (%)	Industria (en miles de euros)	CA/total (%)	Enerxía (en miles de euros)	CA/total (%)	Construción (en miles de euros)	CA/total (%)	Servicios (en miles de euros)	CA/total (%)	VEB (en miles de euros)	CA/total (%)
Andalucía	5.883.350	27,50	7.690.199	8,19	2.242.290,00	11,15	6.661.476	15,87	47.972.784	14,22	67.776.530	13,68
Aragón	930.639	4,35	3.724.018	3,97	639.138,00	3,18	1.116.787	2,66	9.756.664	2,89	15.553.702	3,14
Asturias	273.843	1,28	2.107.720	2,24	1.081.970,00	5,38	1.113.563	2,65	7.172.276	2,13	11.303.485	2,28
Baleares	192.546	0,90	760.756	0,81	459.639,00	2,29	905.173	2,16	9.232.855	2,74	11.112.612	2,24
Canarias	488.183	2,28	1.169.749	1,25	702.078,00	3,49	2.178.336	5,19	15.541.509	4,61	19.317.828	3,90
Cantabria	301.655	1,41	1.275.336	1,36	252.198,00	1,25	592.648	1,41	4.187.675	1,24	6.358.682	1,28
Castela e León	2.473.647	11,56	5.328.559	5,67	1.746.577,00	8,69	2.567.482	6,12	17.483.854	5,18	28.476.800	5,75
Castela-A Mancha	2.143.679	10,02	2.851.329	3,04	745.609,00	3,71	1.805.852	4,30	10.521.587	3,12	17.382.376	3,51
Cataluña	1.818.490	8,50	25.556.649	27,21	3.376.995,00	16,80	6.136.941	14,62	57.996.122	17,19	91.284.322	18,43
C. Valenciana	1.499.719	7,01	10.923.818	11,63	1.331.149,00	6,62	4.590.146	10,93	32.000.533	9,48	48.434.767	9,78
Extremadura	1.035.470	4,84	596.228	0,63	525.393,00	2,61	1.004.035	2,39	5.996.266	1,78	8.809.871	1,78
Galicia	1.807.793	8,45	4.472.300	4,76	1.819.851,00	9,05	2.531.944	6,03	16.895.735	5,01	26.482.955	5,35
Madrid	177.570	0,83	12.597.923	13,41	3.077.863,00	15,31	6.370.100	15,17	67.168.777	19,90	85.999.814	17,36
Murcia	947.754	4,43	1.861.359	1,98	483.021,00	2,40	1.192.621	2,84	7.676.792	2,27	11.700.018	2,36
Navarra	457.832	2,14	2.809.742	2,99	167.342,00	0,83	610.539	1,45	4.853.852	1,44	8.561.580	1,73
País Vasco	603.311	2,82	9.107.252	9,70	1.327.717,00	6,60	2.271.470	5,41	19.263.571	5,71	31.337.169	6,33
A Ríoxa	355.140	1,66	1.061.763	1,13	97.134,00	0,48	256.949	0,61	2.030.822	0,60	3.657.530	0,74
Ceuta e Melilla	3.379	0,02	23.300	0,02	27.035,00	0,13	74.938	0,18	1.294.767	0,38	1.369.400	0,28
Total	21.394.000	100	93.918.000	100	20.103.000	100	41.981.000	100	337.480.000	100	495.353.000	100

(1) VEB a prezos básicos (prezos constantes) calculado coa 1ª estimación para o 2001

Fonte: INE, Contabilidade Regional de España



GRÁFICO C.1.1.



(1) (1997-98): estimación provisional; 1999: estimación avance e 2000: 1ª estimación
 Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE

que incrementa a súa produción un 0,6% despois do descenso do 1,6% experimentado no ano anterior. Aspecto a ter en conta xa que os datos da Contabilidade Rexional, o peso do sector agrario no VEB galego é do 6,8%, moi superior ó peso relativo do sector primario en España, que é do 4,3%.

O sector industrial presentou no ano 2001 unhas taxas de crecemento do VEB do 2,6% fronte á 5,5% rexistradas no ano anterior, o que supón reducir á metade o seu ritmo de crecemento. O peso relativo deste sector no VEB total galego é do 23,8%, superior ó 23,0% da economía española (o sector industrial, sen o subsector enerxético, representa o 16,9% en Galicia, fronte o 19% en España).

A construción segue sendo no ano 2001 o sector de maior crecemento da economía galega, cunha taxa anual do 4,8%, se ben 1,7 puntos inferior á experimentada no ano anterior (6,5%). Ó igual que acontecía no caso do sector primario, o seu peso relativo no VEB galego (9,6%) é superior ó peso deste sector en España (8,5%).

Os servizos tiveron un crecemento medio de 3,1%, fronte ó 3,7% experimentado

o ano anterior en Galicia. Este é o sector máis importante en canto á xeración do VEB, xa que aporta o 63,8% do mesmo no ano 2001, inferior á contribución do mesmo na economía española, que foi do 68,1% no ano 2001.

De resultados do anterior, a economía galega creceu un 3,0% –medida en VEB a prezos básicos–, fronte ó aumento do 2,9% no conxunto do estado, co que se detén, ó menos de momento, o proceso de perda de peso da economía galega con respecto á española.

A incorporación dos fluxos fiscais e de transferencias das AA.PP. ás familias (**cadro C.5.14. Renda familiar bruta dispoñible (poder de compra) nas CC.AA. 2000-01**) eleva en máis de 16 puntos esa converxencia. No ano 2001, o índice RFBD por habitante acada un valor de 97,17% (media española=100), fronte ó 96,38% do ano anterior. Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia só supera a Andalucía, Asturias, Canarias, Castela-A Mancha, Extremadura e Murcia.

O peso relativo da economía galega en España, medido en termos do PIB a prezos de mercado, descende ó longo desta onda expan-



CADRO C.1.4.

Investimento estranxeiro bruto en empresas españolas 2000-01: distribución segundo CC.AA.

	2000		2001		01/00
	(en miles de €)	CA/total (%)	(en miles de €)	CA/total (%)	(%)
Andalucía	591.008	0,9	729.266	1,5	23,4
Aragón	195.462	0,3	98.526	0,2	-49,6
Asturias	31.506	0,0	156.329	0,3	396,2
Baleares	208.723	0,3	314.688	0,7	50,8
Canarias	816.343	1,2	646.439	1,3	-20,8
Cantabria	7.507	0,0	4.648	0,0	-38,1
Castela e León	54.843	0,1	62.023	0,1	13,1
Castela-A Mancha	58.897	0,1	4.874	0,0	-91,7
Cataluña	8.842.220	13,2	6.724.571	14,0	-23,9
C. Valenciana	1.426.267	2,1	2.019.224	4,2	41,6
Extremadura	16.379	0,0	40.032	0,1	144,4
Galicia	38.845	0,1	551.234	1,1	1319,1
Madrid	49.341.914	73,7	34.661.124	71,9	-29,8
Murcia	30.378	0,0	11.228	0,0	-63,0
Navarra	159.476	0,2	54.043	0,1	-66,1
País Vasco	2.939.779	4,4	1.981.781	4,1	-32,6
A Ríoxa	14.837	0,0	5.253	0,0	-64,6
Ceuta-Melilla	2.065	0,0	1.795	0,0	-13,1
Varios	2.212.370	3,3	121.151	0,3	-94,5
Total	66.988.819	100	48.188.229	100	-28,1

Fonte: Dirección General de Comercio e Inversiones

siva que semella perder forza, pasando do 5,60% en 1996 ó 5,35% do ano 2001. Entre os anos 2000 e 2001 este peso relativo desce do 5,37% ó devandito 5,35%.

Tomando como indicador de converxencia da economía galega á española o PIB rexionalizable per cápita, no ano 2001 redúcese o distanciamento do mesmo con respecto á media española. No ano 2001 o indicador do PIB per cápita acadou un valor de 80,43%. Comparada coas outras comunidades autónomas, Galicia é a terceira comunidade co menor valor por diante, ó igual que en 2000, de Andalucía e Extremadura, con 75,98% e 68,13%, respectivamente.

No contexto europeo, a economía galega presenta no ano 1999 (último dato dispoñible para o conxunto das rexións europeas) un PIB per cápita do 65% da media dos quince países da UE, sendo o valor do conxunto do estado do 82%. Isto reclamaría dos axentes económicos e institucionais galegos un maior esforzo de converxencia, xa que o actual non está a da-los froitos desexados.

Neste senso, en relación coas 211

rexións europeas consideradas, Galicia ocupa o posto 192, por diante de 19 rexións: 7 gregas, 4 francesas e portuguesas, 2 de España, e unha de Alemaña e Italia. Asemade, hai catro rexións que presentan, no devandito ano, un PIB per cápita igual ó galego (dúas en España e unha en Grecia e no Reino Unido).

Cómpre reflexionar sobre este dato, en especial nunha comunidade autónoma que é obxectivo nº 1 en termos da política rexional europea (NUTS II cun PIB per cápita menor ó 75% da media europea) e no contexto da ampliación da Unión a países e rexións menos desenvolvidas. Pois o PIB per cápita de Galicia, no ano 1999, pasaría do 65% da media dos actuais 15 países da UE ó 72% da media dos 25 países previstos despois da primeira ampliación, porcentaxe que sería superior ó 75% da media europea coa posterior ampliación a Bulgaria e Romanía.

Co dito horizonte, é tan importante un alto grao de execución do gasto público do actual Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006 e o cumprimento dos indicadores para a asignación financeira adicional da “reserva de eficacia” como, estratéxica-




CADRO C.1.5.

Importacións e exportacións de Galicia e España 2000-01

	Importacións			Exportacións			Saldo comercial		
	2000	2001	01/00	2000	2001	01/00	2000	2001	01/00
	(en miles de €)		(%)	(en miles de €)		(%)	(en miles de €)		(%)
A Coruña	3.303.955	3.286.002	-0,5	2.056.638	2.070.624	0,7	-1.247.317	-1.215.378	-2,6
Lugo	322.568	363.745	12,8	241.717	296.113	22,5	-80.851	-67.632	-16,3
Ourense	198.557	208.736	5,1	396.649	417.809	5,3	198.092	209.073	5,5
Pontevedra	5.070.610	5.514.331	8,8	5.603.575	6.485.994	15,7	532.965	971.663	82,3
Galicia	8.895.690	9.372.814	5,4	8.298.579	9.270.540	11,7	-597.111	-102.274	-82,9
España	169.468.101	171.690.791	1,3	124.177.336	128.671.957	3,6	-45.290.765	-43.018.834	-5,0
G/E	5,25	5,46		6,68	7,20		1,32	0,24	


Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos ICEX

GRÁFICO C.1.2.



Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos ICEX

GRÁFICO C.1.3.



Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos ICEX

mente, que nas negociacións da nova Política Agraria e Pesqueira Común se teña en conta o proceso de reestructuración sectorial da economía galega e a especial dependencia que, na xeración do seu valor engadido, ten Galicia do mundo rural e do sector pesqueiro, tanto para impulsar o seu desenvolvemento económico como para manter e incrementar as súas taxas de ocupación.

2.- Demanda e sector exterior

Cadros C.1.4. a C.1.7. e gráficos C.1.2. e C.1.3.

O investimento en construción (público e privado) e o consumo privado foron os compoñentes da demanda interna que máis contribuíron ó crecemento da economía galega no ano 2001, mentres que o investimento en bens de equipamento non presentou un bo comportamento.

Respecto ós indicadores de consumo, cómpre salientalo comportamento da renda familiar bruta dispoñible por habitante e do gasto medio por persoa, que medraron un 6,7% e 3,5%, respectivamente (8,9% e 12,8% no ano 2000), así como a medra da importación de bens de consumo (un 22% respecto ó ano anterior) e a recuperación das matriculacións de automóbiles, que medraron un 0,2% fronte á caída do 5,8% do ano 2000.

No concernente ó investimento, o investimento en construción rexistrou un bo comportamento no ano 2001, ó medrar a licitación oficial de tódalas administracións un 32% (a licitación oficial da administración autonómica o fixo nun 45,3%) e o consumo de cemento un 10,1%. Pola contra, o ano 2001 non foi un bo ano para o investimento en bens de equipamento, dada a forte ralentización das importacións de bens de equipamento (medran un 2,7% no ano 2001 fronte ó 27,5% do ano 2000) e a caída, aínda que en menor medida que no ano 2000, da matriculación de vehículos de carga (-6,3% e -12,6% nos anos 2001 e 2000, respectivamente).

O investimento das Administracións públicas presentou (**cadro C.5.7. *Investimento público real territorializado por axentes das administracións públicas 2000-01: presupostos iniciais***) unha variación interanual de 5,8%, tendo un comportamento positivo a Administración autonómica e as entidades locais (102,1 millóns de euros máis) en tanto que o investimento do Estado ten un comportamento negativo (-23,4 millóns de euros).

A economía galega rexistra un forte crecemento do investimento estranxeiro no ano 2001, que fai que o peso relativo do investimento estranxeiro bruto en empresas galegas no total estatal pase do 0,1% do ano 2000 ó 1,1% do ano 2001. Aínda así, esta porcentaxe do investimento total está moi por debaixo do noso peso económico (5,35%). En cifras globais, presentou unha medra do 1.319% en relación ó ano anterior, fronte a un descenso do 28,1% no conxunto do estado, aínda que a taxa se vexa afectada polo dato residual do ano 2000. Pero certamente Galicia pasa a ser no ano 2001 a sétima comunidade autónoma en canto ó volume de IDE capturado mentres que no ano 2000 era a décimo segunda.

Os principais países que invisten entre nós son Reino Unido e Francia, que aportan o 62,5% e o 22,4% do investimento total en Galicia. No conxunto do estado, estas porcentaxes ascenden só o 24,2% e 5,3%, respectivamente.

Os subsectores de intermediación financeira, banca e seguros e o de fabricación de vehículos de motor e compoñentes son os principais receptores deste investimento, acoillendo o 62,4% e o 22,3%, respectivamente.

No que se refire á demanda externa, debemos anotar que o comercio exterior galego presentou no ano 2001 un crecemento superior ó estatal, rexistrando unhas taxas de crecemento do 8,2% e 2,3%, respectivamente. O valor das exportacións galegas medrou un 11,7% (3,6% en España), en tanto que o valor das importacións ascendeu un 5,4%





CADRO C.1.6.

Importacións 2001: principais capítulos e importacións da Unión Europea, Francia, Portugal e o Mercosur

Nº Cap.	Denominación	Importe (en millóns de €)	cap. / total (%)	01/00 (%)	Unión Europea	Francia	Portugal	Mercosur
1	87 Automóbil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	3.007,3	32,09	1,1	2.994	2.643	40	1
2	3 Pescados e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	1.322,8	14,11	25,3	328	49	112	243
3	27 Combustíbles minerais e aceites minerais; os seus destilados; materias bituminosas ceras minier.	1.189,7	12,69	-20,0	282	42	28	12
4	84 Reactores nucleares, caldeiras, máquinas, aparatos mecánicos; partes.	320,1	3,42	-0,9	263	20	22	2
5	62 Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	282,5	3,01	24,5	101	3	76	-
6	44 Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira	274,0	2,92	-2,4	114	15	63	41
7	61 Prendas e complementos de vestir, de punto	271,3	2,89	48,4	159	2	135	-
8	72 Fundición, ferro e aceiro	240,5	2,57	9,9	178	42	79	4
9	30 Produtos farmacéuticos	227,6	2,43	172,5	203	54	-	-
10	85 Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes, aparatos de grabación e repr. e partes	178,8	1,91	1,2	139	51	19	-
Total dos principais capítulos		7.314,5	78,04		4.761	2.921	574	303
Resto		2.058,4	21,96		1.085	161	325	146
Total		9.372,8	100	5,4	5.846	3.082	899	449

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do ICEX

CADRO C.1.7.

Exportacións 2001: principais capítulos e exportacións cara á Unión Europea, Francia, Portugal e o Mercosur

Nº Cap.	Denominación	Importe (en millóns de €)	cap. / total (%)	01/00 (%)	Unión Europea	Francia	Portugal	Mercosur
1	87 Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	4.627	49,91	21,7	4.156	1.787	175	66
2	3 Pescados e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	735	7,93	9,0	620	73	280	3
3	62 Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	440	4,75	20,0	298	82	122	10
4	16 Preparacións de carne, de peixe ou de crustáceos	331	3,57	24,0	283	59	38	4
5	68 Manufacturas de pedra, yeso, cemento, amianto, mica, etc.	327	3,52	2,8	298	128	35	-
6	61 Prendas e complementos de vestir, de punto	227	2,45	16,3	151	35	71	8
7	27 Combustibles minerais, aceites minerais e produtos da súa destilación; materias bituminosas; ceras minerais	218	2,35	-5,5	102	13	39	-
8	44 Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira	173	1,86	-16,6	123	14	76	-
9	76 Aluminio e manufacturas de aluminio	166	1,79	19,4	159	31	77	1
10	85 Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes, aparatos de grabación e repr. e partes	164	1,76	-0,1	109	30	47	5
Total dos principais capítulos		7.406	79,89		6.299	2.252	960	97
Resto		1.864	20,11		1.361	153	716	24
Total		9.271	100	11,7	7.660	2.405	1.676	121

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do ICEX



CADRO C.1.8.

IPC galego e español 2000-01: medias e taxas de variación anuais

	índice xeral base 1992		taxa de variación		taxa de variación interanual	
	2000	2001	2000	2001	2000	2001
	(media anual)		(media anual)			
Galicia	131,9	136,5	3,2	3,5	3,7	2,6
A Coruña	132,7	137,3	3,0	3,4	3,6	2,7
Lugo	130,2	134,4	3,4	3,3	3,8	2,0
Ourense	130,1	133,7	3,5	2,8	3,5	2,0
Pontevedra	132,6	137,6	3,4	3,8	3,9	2,8
España	131,0	135,7	3,4	3,6	4,0	2,7

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE

CADRO C.1.9.

Índice de prezos de consumo harmonizado dos países da UE 2000-01

(Base 1996)

	Índice		Taxa anual
	Decembro 2000	Decembro 2001	
			(%)
Alemania	105,8	107,4	1,5
Austria (1)	105,8	107,7	1,8
Bélgica	107,6	109,7	2,0
España	111,6	114,8	2,9
Finlandia	107,9	110,4	2,3
Francia (1)	105,2	106,7	1,4
Grecia	118,9	123,1	3,5
Holanda (1)	109,2	114,8	5,1
Irlanda	113,5	118,5	4,4
Italia	109,7	112,2	2,3
Luxemburgo	109,4	110,4	0,9
Portugal	111,6	116,0	3,9
Unión Monetaria (1)	107,4	109,7	2,1
Dinamarca	109,1	111,4	2,1
Reino Unido	106,4	107,5	1,0
Suecia	105,5	108,9	3,2
Unión Europea (1)	107,5	109,7	2,0

(1) datos provisionais
Fonte: INE

(1,3% no conxunto do estado), o que provocou un crecemento da taxa de cobertura, que pasou do 93,3% do 2000 ó 98,9% deste ano. No conxunto do estado, esta taxa foi do 74,9%. Estes trazos positivos sitúan a cota exportadora de Galicia no total español por riba do peso da poboación galega (7,2% e 6,65%, respectivamente).

No que se refire ás exportacións, o capítulo 87 (do automóbil) é responsable nun 84,9% do seu incremento. É dicir, dos 972 millóns de euros nos que se incrementan as exportacións, 825 millóns de euros corresponden ó capítulo do automóbil. Polo tanto, as taxas de incremento de exportacións e de cobertura vense inevitablemente afectadas

pola enorme influencia que ten o sector automobilístico –e, nomeadamente, Citroën– na balanza comercial galega.

Sucede así que a taxa de cobertura de Galicia, se lle quitamos o valor das importacións e exportacións correspondentes ó devandito capítulo 87, situárase no 73%, próxima á taxa de cobertura do conxunto do estado (74,9%).

O comercio exterior galego seguiu caracterizándose, como en anos anteriores, por unha elevada concentración e especialización. Por unha banda, a provincia de Pontevedra concentra aproximadamente o 64,4% do comercio exterior da comunidade, sendo a



CADRO C.1.10.

Índice de prezos industriais 2000-01 segundo destino económico: taxas medias de variación anuais

	2000	2001	01/00
	(%)		
Índice xeral	127,6	129,8	1,7
Bens de consumo	130,6	134,7	3,1
Alimentos, bebidas e tabaco	135,5	141,4	4,4
Manufacturas de consumo	126,9	129,6	2,2
Material de transporte privado	131,8	133,8	1,5
Bens domésticos de uso duradeiro	121,3	124,4	2,6
Calzado, vestido e confección	120,8	122,7	1,6
Farmacia e química	120,6	122,9	1,9
Outras manufacturas de consumo	133,3	137,8	3,4
Bens de equipamento	121,4	122,9	1,3
Estructuras metálicas e calderería	135,2	138,7	2,6
Material de transporte (excepto turismo)	121,0	121,9	0,8
Maquinaria e outros bens de equipo	116,1	117,0	0,8
Bens intermedios	126,9	127,6	0,6
Energía	139,6	136,8	-2,0
Materiais para a construción	122,0	124,7	2,2
Extracción e transformación de minerais non enerxéticos. Productos químicos	126,2	125,2	-0,7
Outros bienes intermedios	121,1	124,4	2,8

Fonte: INE

única que aporta un saldo exterior positivo de certa magnitude. Por outra, a Unión Europea (especialmente Francia e Portugal), segue a se-lo noso principal socio comercial, ó acolle-lo 82,6% das exportacións galegas e o 62,4% das importacións. Para nós os fluxos con Portugal supoñen o 13,8% do total fronte ó 5,8% no conxunto do estado.

Atendendo ós produtos comercializados, tamén se constata a devandita especialización do noso sector exterior. Así, un só capítulo arancelario, o capítulo 87 (vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, partes e accesorios), representa o 32,1% e o 49,9% do total das importacións e exportacións galegas, respectivamente. Cómpre salientar tamén os produtos do mar, cun papel crucial de intermediación do sector galego a nivel mundial, que son o segundo capítulo exportador e importador, co 7,9% e o 14,1% do total das importacións e exportacións galegas. O peso relativo dos 10 primeiros capítulos de importación e exportación sitúase no 79,9% do total das exportacións e no 78% no caso das importacións galegas no ano 2001.

No marco da crecente importancia entre

as relacións sociais, económicas e culturais ente Galicia e o norte de Portugal, en 1999 (último ano dispoñible) o valor total das exportacións galegas á devandita rexión ascendeu a 619,1 millóns de euros (un 21,7% máis que o ano anterior) en tanto que as importacións acadaron os 437,2 millóns de euros (un 24,2% máis que o ano anterior), polo que o saldo da balanza comercial galega é de 181,9 millóns de euros (un 16,2% superior ó superávit do ano anterior).

Salienta a importancia do sector téxtil e confección, que acolle o 40,6% do valor total das importacións galegas do norte de Portugal en 1999 e o 12,5% das exportacións do sector téxtil e confección. Tamén salienta a importancia dos produtos agrícolas, gandeiros e da pesca, co 12,2% das importacións e o 31,5% do valor total das exportacións á devandita rexión.

Os intercambios co exterior informan dun apreciable grao de apertura da economía galega, como pon de manifesto o feito de que o volume do comercio exterior (importacións + exportacións) foi equivalente ó 54,0% do PIBpm galego no ano 2001 (fonte: INE). Comparado coas outras comunidades



autónomas, Galicia sería a terceira comunidade con maior grao de apertura, tras Navarra e Cataluña.

3.- Inflación

Cadros C.1.8. a C.1.10.

Tanto a taxa media de inflación coma a interanual, na economía galega e na estatal, rexistraron no ano 2001 valores moi superiores ás previsións iniciais nas leis de presupostos xerais do Estado e da Comunidade Autónoma, cifrados no 2%.

A taxa de variación interanual de inflación en Galicia, medida a través do índice de prezos ó consumo (IPC), descendeu do 3,7% de 2000 ata o 2,6% do ano 2001. No conxunto do estado, a taxa de variación interanual rexistrou un descenso similar, pasando do 4,0% de 2000 ata o 2,7% do ano considerado.

A contradicción entre a taxa media e a interanual produce distorsión na aplicación de datos indicadores para determina-la evolución, fundamentalmente, das rendas de traballo e prestacións sociais. A taxa media de inflación anual en Galicia ascendeu no ano 2001 a 3,5%, unha décima inferior á rexistrada polo conxunto do estado: 3,6%. No ano 2000, estas taxas de variación media anual ascenderon a 3,2% e 3,4%, respectivamente, o que supón continuar co seu deterioro ano tras ano.

O único dato positivo é que a inflación en Galicia situouse só unha décima por debaixo da media de España.

Atendendo ós distintos grupos de gastos, hai que salientar que no ano 2001 o grupo dos alimentos e bebidas non alcohólicas e o de ocio e cultura amosáronse como os máis inflacionistas, cunha medra do 6,1% e 4,4%, respectivamente. Pola contra, a taxa de inflación descende no caso dos transportes e das comunicacións un 3,4% e 2,6%, respectivamente.

A taxa de variación interanual do índice de prezos de consumo harmonizado (base 1996) en España no ano 2000 foi dun 2,9%, só inferior á rexistrada en Holanda (5,1%), Irlanda (4,4%), Portugal (3,9%), Grecia (3,5%) e Suecia (3,2%). No conxunto da Unión Europea o incremento do IPC foi do 2,0%

O índice xeral de prezos industriais (IPI) experimentou a nivel estatal, unha taxa de variación anual de 1,7%. Dun xeito máis desagregado, salienta o aumento do índice de prezos no caso dos bens de consumo, que rexistran un aumento do 3,1% no último ano, mentres que o índice no caso dos bens de equipamento medra un 1,3% e no bens intermedios, un 0,6%. Tendo en conta as diferentes ramas de actividade, no ano 2001 descende o índice de prezos industriais no caso da rama enerxética (-2,0%) e no da extracción e transformación de minerais non enerxéticos e produtos químicos (-0,7%).

A integración de España na Unión Europea, que impide actuar a nivel nacional sobre as políticas monetarias e de cambio, fai necesario potenciar medidas para mellora-la competencia en sectores máis inflacionistas. ■





CONSIDERACIÓN SOBRE O emprego

1.- Poboación

Cadro C.2.1.

Galicia conta, segundo a revisión do Padrón Municipal de 1 de xaneiro de 2001, con 2.732.926 habitantes, 1.026 persoas máis que as recollidas na revisión de xaneiro de 2000. En termos relativos, a poboación galega medrou un 0,04% fronte ó 1,5% rexistrado no conxunto do estado, polo que continúa o preocupante descenso do peso relativo da poboación galega no total español, que pasa do 6,75% do 2000 ó 6,65% do 2001. O aumento da poboación galega é un dos menos acusados, superando tan só ó experimentado por Castela-León, con 307 habitantes máis, e Asturias, onde a poboación descende en 1.238 persoas.

Esta leve recuperación da poboación só afecta á provincia de Pontevedra, cun 0,4% máis de habitantes (3.555 persoas), perdendo poboación as outras tres provincias. Esta

perda é especialmente notable nos casos de Lugo e Ourense, con 1.494 e 618 habitantes menos, respectivamente, agravando o declive demográfico destas zonas. Na provincia de A Coruña descende o número de habitantes en 417 persoas.

En relación a súa distribución xeográfica, o 69,3% da poboación se concentra nas comarcas occidentais e costeiras, en tanto que as comarcas orientais e interiores acollen ó 30,7% da mesma. Asemade, esta concentración da poboación prodúcese tamén nos sete grandes núcleos de Galicia, que albergan o 35,7% da poboación. Salientar tamén o elevado grado de dispersión ou espallamento xeográfico do hábitat galego, que se reflicte no feito de que en Galicia hai un total de 29.964 entidades de poboación, que supoñen o 48,9% do total de entidades en España.

En Galicia persisten fortes movementos migratorios que explican, en parte, a situa-





Poboación de dereito nas CC.AA. 2000-01

	Revisión padronal a 1/1/2000			Hab./Km²	Revisión padronal a 1/1/2001			Hab./Km²	(%)	01/00 (variac. absoluta)
	Total	Homes	Mulleres		Total	Homes	Mulleres			
Andalucía	7.340.052	3.609.412	3.730.640	83,8	7.403.968	3.647.194	3.756.774	84,5	0,9	63.916
Aragón	1.189.909	586.122	603.787	24,9	1.199.753	592.682	607.071	25,1	0,8	9.844
Asturias	1.076.567	516.398	560.169	101,5	1.075.329	515.897	559.432	101,4	-0,1	-1.238
Baleares	845.630	419.095	426.535	169,4	878.627	437.340	441.287	176,0	3,9	32.997
Canarias	1.716.276	854.899	861.377	230,5	1.781.366	890.549	890.817	239,2	3,8	65.090
Cantabria	531.159	258.682	272.477	99,8	537.606	261.967	275.639	101,0	1,2	6.447
Castela e León	2.479.118	1.221.973	1.257.145	26,3	2.479.425	1.222.612	1.256.813	26,3	0,0	307
Castela-A Mancha	1.734.261	860.657	873.604	21,8	1.755.053	873.287	881.766	22,1	1,2	20.792
Cataluña	6.261.999	3.058.628	3.203.371	195,0	6.361.365	3.115.336	3.246.029	198,1	1,6	99.366
C. Valenciana	4.120.729	2.020.667	2.100.062	177,2	4.202.608	2.066.487	2.136.121	180,7	2,0	81.879
Extremadura	1.069.420	531.144	538.276	25,7	1.073.381	533.622	539.759	25,8	0,4	3.961
Galicia	2.731.900	1.312.391	1.419.509	92,4	2.732.926	1.314.078	1.418.848	92,4	0,0	1.026
A Coruña	1.108.419	531.744	576.675	139,4	1.108.002	532.039	575.963	139,4	0,0	-417
Lugo	365.619	177.594	188.025	50,3	364.125	176.856	187.269	50,1	-0,4	-1494
Ourense	345.241	165.472	179.769	35,0	344.623	165.295	179.328	35,0	-0,2	-618
Pontevedra	912.621	437.581	475.040	203,0	916.176	439.888	476.288	203,8	0,4	3.555
Madrid	5.205.408	2.501.285	2.704.123	642,8	5.372.433	2.584.779	2.787.654	663,4	3,2	167.025
Murcia	1.149.328	570.125	579.203	101,6	1.190.378	595.757	594.621	105,2	3,6	41.050
Navarra	543.757	269.826	273.931	52,3	556.263	277.118	279.145	53,5	2,3	12.506
País Vasco	2.098.596	1.026.651	1.071.945	290,1	2.101.478	1.028.392	1.073.086	290,5	0,1	2.882
A Ríoxa	264.178	130.956	133.222	52,4	270.400	134.506	135.894	53,6	2,4	6.222
Ceuta	75.241	38.497	36.744	3.960,1	75.694	38.884	36.810	3.983,9	0,6	453
Meilla	66.263	33.976	32.287	5.097,2	68.789	35.027	33.762	5.291,5	3,8	2.526
Total	40.499.791	19.821.384	20.678.407	80,0	41.116.842	20.165.514	20.951.328	81,2	1,5	617.051

Fonte: INE. Cifras de población española a 1-1-2001

CADRO C.2.2.

Volume de estranxeiros residentes e poboación total 2001

	Estranxeiros	Poboación total	(%)
U.E.	32.950.648	377.988.000	8,72
España	1.109.060	41.116.842	2,70
Galicia	26.612	2.732.926	0,97
A Coruña	7.366	1.108.002	0,66
Lugo	3.545	364.125	0,97
Ourense	5.337	344.623	1,55
Pontevedra	10.364	916.176	1,13
(%)			
España/ U.E	3,37	10,88	
Galicia/España	2,40	6,65	
A Coruña/ Galicia	27,68	40,54	
Lugo/ Galicia	13,32	13,32	
Ourense/ Galicia	20,05	12,61	
Pontevedra/ Galicia	38,94	33,52	

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE, Eurostat e Ministerio del Interior

ción descrita anteriormente. Das 45.351 migracións interiores rexistradas no ano 2000, 37.125 realizáronse entre concellos dunha mesma provincia, sendo a provincia de A Coruña a que rexistra, en termos absolutos, un maior número de desprazamentos, con 18.309, seguida de Pontevedra, con 10.097 movementos, e de Ourense e Lugo, con 5.517 e 3.202.

No caso dos movementos entre Galicia e o resto do estado, o saldo migratorio nos anos 1999 e 2000 non só presenta un signo negativo, senón que este aumenta, pasando de -5.138 a -5.653 no último ano. Canarias, Madrid e Cataluña son as principais comunidades de procedencia e de destino, acollendo o 56,9% dos movementos migratorios de Galicia cara ó resto do estado e o 48,8% do total das inmigracións con procedencia noutras comunidades autónomas.

O número de estranxeiros residentes en Galicia en 2001 ascendeu a 26.612 persoas (2.471 estranxeiros máis que no ano anterior), o que representa o 2,4% do total de estranxeiros residentes en España.

Hoxe en día, máis importante que a emigración ó exterior é o retorno de emigrantes. A Galicia volven o 18,6% do total de retorna-

dos a nivel estatal, o que dá un primeiro sinal da importancia que tivo a emigración en Galicia en décadas pasadas. En 2000 retornaron 6.933 persoas, das que o 59,1% procedía de países europeos e o 40,9% restante de fóra de Europa. A explicación está en que a emigración máis recente foi a Europa e tiña carácter temporal.

2.- Mercado laboral

Cadros C.2.2. a C.2.13.

No último ano, a poboación maior de 16 anos medrou un 0,2% (3.800 persoas) respecto ó ano anterior. En Galicia, ó contrario do que acontece en España, a evolución da poboación activa en 2001 mostra un resultado negativo que rompe a tendencia iniciada en 1998, xa que no último ano se rexistra un descenso da mesma de 11.900 persoas (un 1%). A poboación inactiva medrou un 1,6% (18,6 miles de persoas) respecto o ano anterior.

A taxa de actividade tivo, ó contrario do acontecido no ano anterior, unha evolución negativa en Galicia ó descender no ano 2001 seis décimas, ata acadalo 49,2%. Comparado coa media española aumenta o diferencial coa taxa de actividade en 0,9 puntos porcentuais (a taxa para o conxunto do estado é do 51,6%),

estando ademais por debaixo de rexións como Cataluña (53,1%). O descenso da taxa de actividade prodúcese con máis intensidade na masculina que na feminina (0,9 puntos fronte a 0,2 puntos). Esta evolución consegue reducir lixeiramente os 20 puntos de diferenza existentes entre a taxa de actividade masculina e a feminina (59,4% e 40,0%, respectivamente).

A reducida taxa de crecemento do emprego no ano 2001 racha a tendencia dos últimos anos, o permanecer practicamente constante a media anual da poboación ocupada, con 800 novas ocupacións, (un 0,1% máis que no ano 2000). Así, a ralentización do crecemento da produción trasladouse de forma directa ó aumento do emprego. A probabilidade de emprego en Galicia, calculada como a relación entre o incremento de emprego / (stock inicial de parados + variación de activos + destrución de emprego) é do 13%, oito puntos inferior á taxa do ano 2000.

Malio crecemento do VEB do 3% no ano 2001 (unha décima superior ó crecemento estatal) o emprego xerado foi tan só do 0,1%, 1,9 puntos inferior ó total estatal. Retoma o sector primario –coa excepción do ano 2000- a súa tendencia á destrución de emprego sempre parella en intensidade á creación de emprego non primario.

O aumento da poboación ocupada no ano 2001 rexístrase tan só no caso das mulleres, onde o seu crecemento compensa o descenso da ocupación entre os homes. En termos absolutos, o emprego masculino cae aproximadamente en 8.900 empregos mentres que a ocupación feminina aumenta en 9.700 novas ocupacións. En termos relativos, o emprego feminino medrou nun 2,5%, mentres que o masculino descende nun 1,5%.

Esta evolución non variou de xeito importante o peso das mulleres no emprego galego, que se sitúa lixeiramente por riba do 40% da poboación ocupada galega.

Desde a perspectiva do territorio, e a

diferencia do acontecido no ano 2000, cando a ocupación medrara en tódalas provincias, a poboación ocupada medra tan só en A Coruña e Ourense. O incremento máis acusado é o de A Coruña, con 2,7 miles de persoas máis, mentres que Lugo experimenta a maior caída, con 2,4 miles de ocupados menos. A Coruña e Pontevedra acollen o 74% da ocupación de Galicia, dúas décimas máis que no ano 2000.

No concernente á evolución sectorial da ocupación, no sector primario descendeu un 12,4% (22,0 miles de persoas) no ano 2001 (fonte EPA). No caso da agricultura, a caída foi do 13,2% (18,7 miles de persoas) e no caso da pesca, do 9,2% (3,3 miles de persoas).

O emprego non primario (industria, construción e servizos) incrementouse en case 23.000 persoas, cunha taxa de variación do 2,8%, alcanzando en 2001 un máximo histórico superior ás 832.000 persoas ocupadas. Esta porcentaxe está, non obstante, por baixo do 3,2% do crecemento do VEB non primario e é pouco máis da metade da taxa do ano anterior (5,3%).

O sector máis dinámico no pasado ano, polo que se refire á creación do emprego, foi a industria, cun incremento do 8,1% (14.100 novas ocupacións). O sector da construción experimenta unha medra positiva no seu volume de ocupación, con 1.700 empregos novos, un 1,5% máis que no ano precedente.

A industria toma así o relevo do sector da construción como sector máis dinámico en termos de emprego, asunto vencellado á evolución das nosas exportacións.

A ocupación no sector servizos experimentou unha medra, en termos absolutos, de 7.000 novas ocupacións, sendo en termos relativos a porcentaxe de incremento do 1,3%. Nin en termos absolutos nin relativos, o proceso de terciarización da economía galega semella acada-lo nivel e intensidade do da economía española no seu conxunto. Este



CADRO C.2.3.

Principais datos do mercado de traballo 2000-01

	2000			2001			01/00		
	Homes	Mulleres	Total (en miles de persoas)	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres (%)	Total
Poboación total maior de 16 anos	1.105,23	1.221,25	2.326,45	1.101,10	1.229,13	2.330,23	-0,4	0,6	0,2
Poboación activa	666,73	491,25	1.157,95	654,50	491,60	1.146,10	-1,8	0,1	-1,0
Poboación ocupada	597,13	389,50	986,63	588,20	399,20	987,38	-1,5	2,5	0,1
Poboación parada	69,60	101,75	171,38	66,33	92,40	158,70	-4,7	-9,2	-7,4
Poboación inactiva	432,88	730,03	1.162,90	443,98	737,53	1.181,53	2,6	1,0	1,6
Paro rexistrado			135,30			132,04			-2,4
Afiliaidos á Seguridade social			880,10			904,34			2,8
								(puntos porcentuais)	
Taxa de actividade	60,32	40,23	49,77	59,44	40,00	49,18	-0,9	-0,2	-0,6
Taxa de temporalidade	33,98	35,10	34,39	33,50	35,27	34,19	-0,5	0,2	-0,2
Taxa de paro	10,44	20,71	14,80	10,13	18,80	13,85	-0,3	-1,9	-1,0

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE e Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales



CADRO C.2.4.

Poboación ocupada 2000-01: distribución segundo sectores económicos e situación profesional

	2000			2001			01/00		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)						(%)		
Poboación ocupada	597,1	389,5	986,6	588,2	399,2	987,4	-1,5	2,5	0,1
Sectores económicos									
Agricultura	60,7	80,4	141,1	55,2	67,3	122,5	-9,2	-16,3	-13,2
Pesca	28,6	7,4	36,0	26,1	6,6	32,7	-9,0	-9,9	-9,2
Industria	127,7	47,8	175,5	135,8	53,9	189,6	6,3	12,7	8,1
Construcción	111,8	4,8	116,6	112,9	5,4	118,3	1,0	12,4	1,5
Servicios	268,3	249,1	517,4	258,3	266,0	524,3	-3,7	6,8	1,3
Situación profesional									
Empresarios sen asalariados	104,6	93,3	197,9	102,8	88,3	191,1	-1,7	-5,3	-3,4
Empresarios con asalariados	45,5	11,8	57,3	46,6	12,4	59,0	2,4	5,3	3,0
Axudas familiares	15,6	35,5	51,1	14,2	31,8	45,9	-9,3	-10,6	-10,2
Asalariados	428,0	244,7	672,7	422,5	264,4	686,9	-1,3	8,0	2,1
Outros	3,5	4,2	7,7	2,1	2,3	4,4	-40,0	-44,6	-42,5

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa

CADRO C.2.5.

Asalariados e taxa de temporalidade 2000-01

	Total		Homes		Mulleres	
	2000	2001	2000	2001	2000	2001
	(en miles de persoas)					
Asalariados	672,7	686,9	428,0	422,5	244,7	264,4
Empregos temporais	231,3	234,8	145,5	141,6	85,9	93,3
Empregos indefinidos	441,3	452,1	282,5	281,0	158,8	171,1
Taxa temporalidade	34,39	34,19	33,99	33,50	35,09	35,27

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, Enquisa de Poboación Activa

sector segue como o principal sector en volume de ocupación (co 53,1% de ocupados) de Galicia, mais aínda por baixo do grado de terciarización medio da economía española.

A evolución ó longo do ano non foi homoxénea e xa no último trimestre se aprecia un cambio de rumbo. Aínda que, para o conxunto da economía galega, nos tres primeiros trimestres se produciu un crecemento continuo de postos de traballo, no cuarto trimestre xa se reflicte claramente un descenso, concretamente do 1,5%.

Na distribución do emprego por sectores e sexos cómpre salientar que o peso relativo da ocupación feminina no total de ocupación aumenta nos diferentes sectores agás no sector agrícola e pesqueiro, onde o peso relativo da muller representa o 54,9% e 20,2% da poboación ocupada neses sectores económicos, fronte ó 57% e 20,6% existente no

ano 2000. Nos sectores industrial e construción, o peso relativo da ocupación feminina medra dende o 27,2% e 4,1%, respectivamente, do ano 2000, ata ós 28,4% e 4,6% do ano 2001. No caso dos servicios, a importancia relativa pasa do 48,1% de 2000 ós 50,7% do ano 2001.

O importante crecemento do emprego feminino no sector servicios non modifica o maior peso do masculino, pero os 16.900 novos empregos femininos no sector consolidano como o máis feminizado da economía.

No referente á situación profesional das persoas ocupadas, o colectivo que mellor evolucionou no ano 2001 foi o das persoas asalariadas, cun aumentou en 14.200 novas ocupacións, mentres que o número de empresarios con asalariados aumentou en 1.700 persoas. Este crecemento compensa o descenso rexistrado no número de empresarios sen



CADRO C.2.6.

Poboación parada 2000-01: distribución segundo o tempo de procura de emprego

	2000		2001		01/00	
	(en miles de persoas)	(% / total)	(en miles de persoas)	(% / total)	(en miles de persoas)	(% / total)
Homes	69,6	100	66,3	100	-3,3	-4,7
menos de 6 meses	24,6	35,3	22,3	33,5	-2,3	-9,4
de 6 a 11 meses	11,9	17,1	10,1	15,2	-1,8	-15,3
de 1 a 2 anos	12,6	18,1	11,5	17,3	-1,1	-8,7
de 2 a 3 anos	4,8	6,9	4,7	7,0	-0,2	-3,6
máis de 3 anos	13,1	18,9	13,4	20,2	0,3	1,9
xa atopou traballo	2,7	3,9	4,5	6,8	1,8	66,7
Mulleres	101,8	100	92,4	100	-9,4	-9,2
menos de 6 meses	25,8	25,3	23,9	25,8	-1,9	-7,5
de 6 a 11 meses	14,4	14,1	14,6	15,8	0,3	1,7
de 1 a 2 anos	17,2	16,9	16,5	17,8	-0,8	-4,5
de 2 a 3 anos	9,6	9,4	6,8	7,3	-2,8	-29,4
máis de 3 anos	32,8	32,3	26,9	29,1	-5,9	-18,0
xa atopou traballo	2,0	1,9	3,8	4,1	1,8	92,4
Amolos dous sexos	171,4	100	158,7	100	-12,7	-7,4
menos de 6 meses	50,3	29,4	46,1	29,1	-4,2	-8,3
de 6 a 11 meses	26,2	15,3	24,7	15,5	-1,6	-6,0
de 1 a 2 anos	29,8	17,4	27,9	17,6	-1,9	-6,3
de 2 a 3 anos	14,4	8,4	11,4	7,2	-3,0	-20,8
máis de 3 anos	45,9	26,8	40,3	25,4	-5,6	-12,2
xa atopou traballo	4,6	2,7	8,3	5,2	3,7	78,9

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa

asalariados (6,8 miles de persoas menos), das axudas familiares (5,2 miles de ocupados menos).

O incremento do 2,1% no total dos traballadores e traballadoras dependentes é a prolongación dun proceso sostido de crecemento deste colectivo que sobe máis cá cifra global do emprego. O resultado deste proceso é que no ano 2001, de cada 100 persoas ocupadas en Galicia, en torno a 70 persoas son asalariadas, cando no conxunto estatal os asalariados son case 80 de cada 100 ocupados.

A evolución na distribución sectorial do emprego reflicte que o proceso de modernización da estrutura ocupacional de Galicia aínda non ten rematado. A pesares de seren os asalariados o 70% do total de ocupados, estamos dez puntos por baixo da media española.

Na evolución do emprego segundo situación profesional e sexo, cómpre destacar que a taxa de crecemento das mulleres asalariadas foi do 8%, 19,7 miles de asalariadas, en tanto que no caso dos homes, a poboación ocupada asalariada descende un 1,3%, 5,5 miles de ocupados. Asemade, no ano 2001 aumenta o número de mulleres empresarias

con asalariadas nun 5,3% (0,4 miles de persoas).

O volume de paro estimado pola EPA diminúe en Galicia en 12,7 miles de persoas, ata situar en 158,7 miles de persoas o total de parados no ano 2001. O paro de longa duración afecta ó 50,2% (79,6 miles de persoas), das que case dúas terceiras partes, 50,2 miles de persoas, son mulleres.

Atendendo ó tempo de permanencia no desemprego, o 32,6% das persoas paradas no ano 2001 levaban nesta situación máis de dous anos, e unha de cada catro persoas paradas non tivo ningún emprego nos últimos tres anos, circunstancia que os coloca en claro risco de exclusión do mundo laboral.

A poboación parada feminina, que descendeu un 9,2%, representa o 58,2% da poboación parada total. A análise por xénero pon de manifesto que as mulleres son as que sofren con maior intensidade os problemas do desemprego. O 54,3% das mulleres paradas levan máis dun ano no paro, unha porcentaxe superior en 9,7 puntos á que sofren os homes, que en todo caso é tamén moi alta: o 44,6%.





CADRO C.2.7.

Contratos de traballo, contratos convertidos en indefinidos e adscricións en colaboración social 2000-01

	2000			2001			01/00		
	Homes	Mulleres	Total (en miles de persoas)	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres (%)	Total
Contratos de duración indefinida									
Indefinido ordinario	9.474	3.244	40.811	11.169	2.722	35.875	17,9	-16,1	-12,1
Indefinido Lei 63/97	12.268	7.567	19.835	6.502	7.371	13.891	-47,0	-2,6	9,2
Indefinido tempo parcial (1) (3)			7.723			7.560			-30,1
Minusválidos	418	117	535	420	131	551	0,5	12,0	-2,1
									3,0
Contratos de duración temporal									
Obra ou servizo	157.501	65.526	641.298			649.841			1,3
Eventual circunstancias da produción	131.827	73.517	223.027	160.505	67.492	227.997	1,9	3,0	2,2
Interinidade	15.451	27.813	205.344	127.141	67.122	194.263	-3,6	-8,7	-5,4
Temporais minusválidos	262	64	43.264	16.248	33.443	49.691	5,2	20,2	14,9
Tempo parcial (2) (3)			326	315	77	392	20,2	20,3	20,2
Sustitución por xubilación ós 64 anos			111.150			118.928			7,0
Prácticas	68	21	89	53	29	82	-22,1	38,1	-7,9
Formación Lei 63/97	3.317	2.938	6.255	2.958	2.731	5.689	-10,8	-7,0	-9,0
Minusválidos en centros especiais de formación	8.649	4.712	13.361	8.199	4.459	12.658	-5,2	-5,4	-5,3
Outros contratos	231	160	391	285	166	451	23,4	3,8	15,3
	19.201	18.831	38.091	22.813	16.791	39.690	18,8	-10,8	4,2
Total contratos	402.550	279.500	682.109	400.996	284.634	685.716	-0,4	1,8	0,5
Conversión de contratos temporais en indefinidos	6.587	3.895	10.482	14.501	10.041	24.542	120,1	157,8	134,1

(1) refírese ós contratos a tempo parcial de duración indefinida

(2) non inclúe os contratos deste tipo que teñen duración indefinida

(3) no ano 2000, dos 118.873 contratos a tempo parcial, 74.990 foron firmados por mulleres e 43.883 por homes, e no 2001, dos 126.488 contratos, 82.100 foron firmados por mulleres e 44.388 por homes.

Fonte: INEVI



Demandas de emprego e colocacións rexistradas 2000-01

2000					
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Altas	877.259	349.577	92.109	72.856	362.717
Baixas	882.019	350.283	92.691	73.939	365.106
Colocacións xestionadas	30.737	12.275	3.254	3.847	11.361
Colocacións comunicadas	676.367	269.017	70.815	50.272	286.263
Non renovación	146.818	57.056	14.722	16.609	58.431
Traslado	9.513	3.795	1.118	1.467	3.133
Outras	18.584	8.140	2.782	1.744	5.918
Colocacións	685.742	279.272	70.908	47.030	288.532
Xestionadas	31.790	12.239	3.409	3.985	12.157
Comunicadas	653.952	267.033	67.499	43.045	276.375
Ofertas xestionadas (SPE)	91.918	39.069	7.775	14.960	30.114
Oficinas de emprego	34.402	13.574	3.583	4.547	12.698
Centros asociados	57.516	25.495	4.192	10.413	17.416
2001					
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Altas	883.873	352.968	91.797	73.363	365.745
Baixas	886.617	354.704	92.420	74.345	365.148
Colocacións xestionadas	33.897	9.679	4.339	4.520	15.359
Colocacións comunicadas	674.357	275.557	67.626	49.565	281.609
Non renovación	145.150	56.530	14.317	16.570	57.733
Traslado	10.242	4.028	1.112	1.553	3.549
Outras	22.971	8.910	5.026	2.137	6.898
Colocacións	688.316	282.920	69.838	47.136	288.422
Xestionadas	35.712	9.875	4.515	4.827	16.495
Comunicadas	652.604	273.045	65.323	42.309	271.927
Ofertas xestionadas (SPE)	86.898	27.380	8.024	20.745	30.749
Oficinas de emprego	37.699	10.248	4.923	5.184	17.344
centros asociados	49.199	17.132	3.101	15.561	13.405

Fonte: INEM

A redución do paro (7,4%) chegou ó mesmo tempo que o crecemento do emprego se estancaba (medra un 0,1%), de tal xeito que a redución de case un punto da taxa de desemprego non se produce tanto pola vía activa, de atoparen traballo os desempregados, senón, sobre todo, pola vía pasiva, de as persoas abandonaren a busca activa de emprego e deixaren de contar como parados. En 2001, a redución do paro (12,7 miles de persoas) está explicada pola redución da poboación activa (11,9 miles de persoas) e non polo incremento do emprego (0,8 miles de perosas).

Tendo en conta a evolución dos parados e da poboación activa, no ano 2001 redúcese o diferencial entre as taxas de paro masculina e feminina. Con todo, este diferencial é de 8,7 puntos, situándose no 18,80% a taxa de paro deminina fronte ó 10,13% no caso dos homes. En 2001 hai máis de 90.000 mulleres en paro fronte a 66.000 homes. Máis mulleres en paro e menor poboación feminina activa

son as razóns do diferencial entre as taxas de homes e mulleres. Nun mercado de traballo no que a maioría dos activos son homes (un 57,1% fronte a un 42,9% de mulleres), son sen embargo mulleres a maioría das persoas sen emprego.

En 2001 rexistráronse en Galicia 710.258 contratos, dos que a maior parte foron contratos iniciais (685.716) e o resto conversións de contratos temporais en indefinidos (24.542). O número de contratos rexistrado é elevado e segue unha tendencia crecente, aínda que o cativo crecemento (2,6%) do 2001 supón unha ralentización respecto de anos anteriores.

A contratación indefinida inicial descende en termos porcentuais (12,1%), fronte ó importante crecemento das conversións de contratos temporais en indefinidos (nun 134,1%). A contratación temporal rexistra no ano 2001 un crecemento do 1,3%.

A evolución dos contratos iniciais e das transformacións evidencia que se substitúen os contratos iniciais que antes se facían por transformacións dos temporais en indefinidos aproveitando a recuperación das bonificacións para esta finalidade. Esta substitución provoca que a contratación indefinida inicial pasa así de supoñe-lo 80% dos contratos indefinidos rexistrados ó 59% no ano 2001.

En termos absolutos, o número de contratos indefinidos realizados (35.875 contratos de duración indefinida e 24.542 conversións de contratos temporais en indefinidos) é notablemente inferior ós temporais (649.841). Cómpre salientar que, comparado co ano anterior, redúcese o peso dos contratos temporais no conxunto da contratación (82,6% no ano 2000 fronte o 81,5% do 2001).

Na evolución da contratación por sexos, o dato máis destacable é a desigual distribución: o 58,5% foron subscritos por homes e o 41,5% restante por mulleres, esta desproporción contribúe a consolidalo diferente peso de homes e mulleres no emprego galego (59,6% e 40,4%, respectivamente).

A relación entre o número de contratos temporais realizados (649.841 contratos) e a poboación asalariada temporal (234,8 miles de persoas) indica o grao de rotación existente no mercado de traballo galego. Esta mantense estabilizada nos últimos anos nos 2,8 contratos por persoa.

A taxa de temporalidade descendeu lixeiramente no ano 2001. A media anual pasou do 34,4% do ano 2000 ó 34,2% do ano 2001 (no conxunto do estado pasou do 32% ó 31,7%) e se afasta da media europea. O novo marco de incentivos, no ano 2001, non abonou para reducir suficientemente a precariedade laboral.

O descenso da taxa de temporalidade non se distribúe igual entre homes e mulleres: a taxa masculina cae 0,5 puntos e a feminina medra 0,2 puntos. O mellor escenario no que

se desenvolve o emprego feminino en 2001 non repercute na evolución da taxa de temporalidade feminina.

As demandas de emprego rexistradas (883.873) aumentaron un 0,8% respecto ó ano 2000 e as colocacións medraron un 0,4% respecto ó mesmo ano. Do total de colocacións (688.316), un 68,9% correspondeu a persoas cun nivel primario de estudos.

O número de empresas de traballo temporal en Galicia ascendeu a 34 (o 4,4% do total deste tipo de empresas en España) e realizaron un total de 78.542 contratos de posta a disposición, é dicir, un 7.118 contratos menos que os rexistrados no ano anterior (o 4,2% do total de contratos no conxunto do estado).

O custo total medio por traballador e mes nos sectores de industria e servizos, no ano 2001, foi de 1.611 euros (o 88% do custo total medio en España), superior ó de 2000, cando estivo nos 1.533,6 euros. A taxa de crecemento foi do 5% (77,4 euros), superior á rexistrada en España (o salario medio foi de 1.830,9 euros/mes) que foi do 4,2% (73 euros).

Os traballadores do sector industrial son os que rexistran un maior custo total, con 1.793,0 euros ó mes (o 86,7% do custo total medio no conxunto do estado nese sector), seguido do sector servizos, con 1.562,6 euros/mes (88,3%) e o sector da construción, con 1.470,7 euros (86,1%). Comparado co ano anterior, os custos totais no sector industrial medran un 5,3% fronte ó 4,9% do sector servizos e da construción.

O incremento salarial medio pactado nos 294 convenios e revisións salariais negociados en Galicia no ano 2001 foi do 3,26% respecto ó ano anterior. No caso dos convenios pactados a nivel empresa o incremento salarial pactado foi de 3,16%, inferior ó existente para o caso dos convenios doutro ámbito, que foi de 3,56%.



CADRO C.2.9.

Custo laboral segundo traballador e mes e segundo hora efectiva en Galicia e España 2000-01: distribución segundo compoñentes do custo

2000

	Galicia			España		
	Total	Industria	Construción	Servicios	Total	Industria
(en €)						
Custo laboral por traballador e mes						
Custo total	1.533,6	1.702,4	1.402,5	1.489,5	1.757,9	1.978,6
Custo salarial total	1.150,6	1.270,1	1.024,3	1.127,4	1.326,4	1.487,4
Outros custos non salariais	383,0	432,3	378,2	362,1	431,5	491,1
Custo por percepcións non salariais	29,6	35,8	28,0	27,2	40,3	40,2
Custo por cotizacións obrigatorias	365,8	409,6	356,7	348,3	407,0	468,8
Subvencións e bonificacións da S.Social	12,4	13,1	6,6	13,5	15,6	17,5
Custo laboral por hora efectiva						
Custo total por hora	10,7	11,5	9,0	10,8	12,6	13,6
Custo salarial por hora	8,1	8,6	6,6	8,2	9,5	10,3
Outros custos por hora	2,7	2,9	2,4	2,6	3,1	3,4
Custo por hora extra	13,4	14,8	11,4	11,7	13,1	15,9

2001

	Galicia			España		
	Total	Industria	Construción	Servicios	Total	Industria
(en €)						
Custo laboral por traballador e mes						
Custo total	1.611,0	1.793,0	1.470,7	1.562,6	1.830,9	2.066,9
Custo salarial total	1.198,5	1.331,6	1.085,3	1.171,1	1.372,4	1.541,8
Outros custos non salariais	412,4	461,4	405,4	391,5	458,5	525,1
Custo por percepcións non salariais	35,8	34,8	34,9	36,4	46,8	50,4
Custo por cotizacións obrigatorias	387,5	437,3	377,6	367,0	425,1	489,2
Subvencións e bonificacións da S.Social	10,9	10,8	7,1	11,9	13,3	14,5
Custo laboral por hora efectiva						
Custo total por hora	11,3	12,1	9,6	11,4	13,1	14,3
Custo salarial por hora	8,4	9,0	6,9	8,6	9,8	10,7
Outros custos por hora	2,9	3,1	2,6	2,9	3,3	3,6
Custo por hora extra	14,3	13,8	13,3	15,7	13,1	15,8

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Índice de Costes Laborales



Tempo de traballo segundo traballador e mes en Galicia e España 2000-01: distribución segundo tipo de xornada e sectores de actividade

2000

	Total sectores		Industria		Construcción		Servicios	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Horas pactadas								
Total traballadores	159,7	168,1	169,2	154,7	161,6	166,8	171,5	156,9
Traballadores a tempo completo	170,5	171,9	172,3	169,5	170,9	171,9	172,9	170,0
Traballadores a tempo parcial	81,7	87,7	85,1	80,9	80,8	85,4	86,4	79,8
Horas efectivas								
Total traballadores	140,4	145,8	151,0	136,4	143,2	148,3	155,7	137,9
Traballadores a tempo completo	149,8	149,0	153,7	149,3	151,3	152,8	156,9	149,1
Traballadores a tempo parcial	73,0	77,3	78,0	72,3	72,8	77,5	76,3	71,7
Horas non traballadas								
Total traballadores	20,0	23,8	18,7	18,9	19,5	20,8	17,1	19,4
Traballadores a tempo completo	21,6	24,5	19,1	20,9	20,8	21,6	17,2	21,4
Traballadores a tempo parcial	8,8	10,4	7,2	8,7	8,2	8,1	10,3	8,1
Horas extra por traballador								
Total traballadores	0,7	1,4	0,4	0,6	0,9	2,1	1,0	0,3
Traballadores a tempo completo	-	-	-	-	-	-	-	-
Traballadores a tempo parcial	-	-	-	-	-	-	-	-

2001

	Total sectores		Industria		Construcción		Servicios	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Horas pactadas								
Total traballadores	159,7	161,4	167,9	167,8	168,9	169,9	154,9	156,3
Traballadores a tempo completo	170,0	170,3	171,4	171,0	171,8	172,0	169,0	169,4
Traballadores a tempo parcial	83,6	80,3	88,7	88,1	86,0	87,3	83,1	79,1
Horas efectivas								
Total traballadores	140,0	142,8	145,1	148,7	150,6	153,9	136,1	137,2
Traballadores a tempo completo	148,9	150,5	148,1	151,5	153,2	155,9	148,2	148,4
Traballadores a tempo parcial	74,5	72,5	77,7	80,3	77,4	76,2	74,1	71,4
Horas non traballadas								
Total traballadores	20,4	19,7	24,1	21,2	18,8	17,5	19,4	19,5
Traballadores a tempo completo	21,9	20,9	24,7	21,7	19,2	17,6	21,4	21,5
Traballadores a tempo parcial	9,2	8,0	11,1	8,2	8,7	13,5	9,1	7,7
Horas extra por traballador								
Total traballadores	0,7	1,0	1,2	1,9	0,4	1,2	0,6	0,5
Traballadores a tempo completo	-	-	-	-	-	-	-	-
Traballadores a tempo parcial	-	-	-	-	-	-	-	-

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Índice de Costes Laborales

CADRO C.2.11.

Xornada media pactada na negociación colectiva 2000-01

2000					
	Xornada media (1)	Sectores económicos			
		Agrario	Industria	Construcción	Servicios
		(en horas/año)			
Total convenios	1.776,8	1.784,0	1.779,5	1.760,8	1.796,2
Convenios de empresa	1.756,1	1.784,0	1.757,7	1.778,8	1.750,3
Convenios de sector	1.778,3	-	1.782,9	1.760,7	1.799,9

2001					
	Xornada media (1)	Sectores económicos			
		Agrario	Industria	Construcción	Servicios
		(en horas/año)			
Total convenios	1.773,2	1.751,5	1.764,2	1.757,2	1.803,8
Convenios de empresa	1.739,7	1.751,5	1.736,4	1.756,0	1.766,8
Convenios de sector	1.779,7	-	1.777,4	1.757,2	1.806,1

(1) Só se tiveron en conta os convenios que se regulan de xeito anual
 Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

CADRO C.2.12.

Xornada media efectiva por traballador 2000-01: distribución segundo sector de actividade

	2000 (1)				2001 (1)			
	Industria	Construcción	Servicios	Total	Industria	Construcción	Servicios	Total
(horas/año)								
Andalucía	1.719,0	1.798,1	1.619,2	1.666,1	1.700,8	1.805,3	1.635,9	1.675,0
Aragón	1.748,1	1.788,1	1.587,6	1.660,6	1.729,4	1.763,8	1.596,0	1.655,7
Asturias	1.647,8	1.784,5	1.570,3	1.619,6	1.640,7	1.765,4	1.593,9	1.629,5
Baleares	1.724,3	1.785,2	1.699,1	1.716,5	1.729,9	1.796,1	1.690,3	1.712,3
Canarias	1.774,2	1.818,6	1.701,8	1.727,4	1.749,2	1.828,5	1.670,4	1.703,5
Cantabria	1.758,4	1.764,9	1.598,1	1.666,0	1.730,7	1.794,9	1.623,9	1.677,1
Castilla-La Mancha	1.747,9	1.808,3	1.616,4	1.690,0	1.751,3	1.786,0	1.606,1	1.681,2
Castilla y León	1.720,0	1.781,7	1.602,1	1.660,0	1.722,6	1.793,0	1.580,7	1.648,6
Cataluña	1.731,6	1.754,9	1.625,3	1.668,6	1.726,9	1.755,5	1.621,5	1.664,1
Comunidad Valenciana	1.753,7	1.763,1	1.624,6	1.681,0	1.743,6	1.783,9	1.620,9	1.678,0
Extremadura	1.726,8	1.852,6	1.625,4	1.685,1	1.724,3	1.845,3	1.610,1	1.672,4
Galicia	1.737,9	1.781,0	1.641,8	1.687,8	1.740,6	1.800,2	1.652,9	1.697,9
Madrid	1.755,8	1.791,4	1.667,9	1.693,3	1.740,3	1.779,8	1.653,4	1.678,7
Murcia	1.751,1	1.771,5	1.588,3	1.667,1	1.718,5	1.754,1	1.607,5	1.657,6
Navarra	1.718,0	1.750,2	1.578,9	1.649,7	1.715,0	1.732,4	1.583,6	1.649,1
País Vasco	1.692,6	1.719,9	1.569,2	1.625,2	1.667,8	1.713,4	1.540,4	1.598,7
Rioxa (A)	1.752,4	1.765,4	1.608,1	1.681,0	1.721,2	1.775,1	1.605,2	1.668,2
Total	1.733,3	1.781,6	1.632,6	1.675,2	1.722,9	1.783,4	1.627,9	1.669,6

(1) Medias anuais
 Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Encuesta de Coyuntura Laboral

CADRO C.2.13.

Accidentes e enfermidades profesionais 2000-01: distribución segundo a gravidade e sectores económicos

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2000	2001	01/00 (%)	2000	2001	01/00 (%)	2000	2001	01/00 (%)	2000	2001	01/00 (%)
Agricultura	1.195	1.206	0,9	135	138	2,2	5	5	0,0	1.335	1.349	1,0
Pesca	2.032	1.912	-6,3	69	67	-2,9	35	28	-20,0	2.136	2.007	-6,0
Industria	13.720	14.837	7,5	204	237	16,2	21	13	-38,1	13.945	15.087	8,2
Construcción	11.117	11.912	6,7	210	251	19,5	19	20	5,3	11.346	12.183	7,4
Servicios	14.553	15.480	6,0	231	257	11,3	44	33	-25,0	14.828	15.770	6,4
Total	42.617	45.347	6,0	849	950	11,9	124	99	-20	43.590	46.396	6,4

Fonte: Dirección Xeral de Relacións Laborais

O poder adquisitivo do persoal asalariado afectado polos convenios de empresa rexistrou unha medra de 0,6 puntos porcentuais, mentres os afectados por convenios de sector incrementaron o seu nun punto. Pola contra, os traballadores afectados por incrementos salariais determinados pola Administración Pública viron como o seu poder adquisitivo caeu 0,6 puntos.

No ano 2001 prodúcese un descenso da xornada media pactada ou ponderada na negociación colectiva galega. Esta redúcese desde as 1.776,9 horas/ano do ano 2000 ata as 1.773,2 horas/ano do ano 2001. O sector agrario foi o que pactou a menor xornada media con 1.751,5 horas/ano, estando no caso contrario o sector servicios, cunha xornada media pactada de 1.803,8 horas/ano.

No ano 2001 rexístrase unha medra da xornada efectiva media por traballador que acada as 1.697,9 horas/ano, fronte ás 1.687,8 horas no mesmo período do ano anterior. O maior número de horas efectivas rexístranse no sector da construción, con 1.800,2 horas/ano, seguida do sector industrial, con 1.740,6 horas/ano.

En relación á sinistralidade no mercado laboral, no ano 2001 rexistráronse 46.396 accidentes e enfermidades profesionais con baixa en xornadas de traballo, fronte ós 43.590 do ano anterior, o que supón un incremento do 6,4%.

Por sectores, o 34% dos sinistros aconteceron no sector servicios (15.770); o 32,5%, na industria (15.087); e o 26,3% (12.183), no sector da construción. A meirande parte dos accidentes teñen a consideración de leves e un 2,3% considéranse graves ou mortais.

O índice de incidencia da sinistralidade laboral en Galicia, a pesares do incremento do ano 2001, segue por debaixo da media estatal: 63,91 miles de accidentes/nº medio de persoas expostas fronte ó 74,42 de España. Comparado co resto das comunidades autó-

nomas, Galicia é a quinta comunidade co menor índice, sendo superior ó rexistrado en Melilla (46,94%), Estremadura (53,71%), Aragón (58,93%) e Madrid (63,50%).

Ó contrario do acontecido no ano anterior, esta medra rexístrase nas catro provincias galegas. En Pontevedra o índice ascende ata os 74,45 miles de accidentes/ nº medio de persoas expostas (72,64 no ano 2000), sendo de 61,88 miles de accidentes/ nº medio de persoas expostas en A Coruña (59,72 no ano anterior). Na provincia de Lugo pasa dos 47,55 miles de accidentes/ nº medio de persoas expostas de 2000 ós 48,69 do ano 2001, e en Ourense de 52,54 a 55,03 miles de accidentes/ nº medio de persoas expostas.

Atendendo á distribución sectorial, cómpre salienta-lo elevado valor no caso da construción e da industria, con 144,72 e 102,71 miles de accidentes/ nº medio de persoas expostas, respectivamente. No sector pesqueiro, este índice acada os 65,21 miles de accidentes/ nº medio de persoas, sendo no sector servicios e na agricultura, de 40,47 e 18,13.

A meirande parte dos accidentes do ano 2001, 34.068 accidentes, corresponderon a persoas con contrato temporal (o 73,4% dos accidentes), mentres un 22,1% dos accidentes (10.264 accidentes) corresponderon a persoas con contrato indefinido.

Respecto ós accidentes “in itinere”, producíronse 3.762 no ano 2001, un 3,8% máis que no ano anterior.

3.- Políticas activas

Cadros C.2.14. e C.2.15.

Na convocatoria do ano 2001 aprobáronse para Galicia un total de 284 dos 370 plans de formación solicitados ó FORCEM, o que a sitúa como a quinta comunidade polo número de plans aprobados (un 5,5% do total estatal), por detrás de Madrid, Cataluña,



CADRO C.2.14.

Indicadores de demanda formativa 2000-01: plans de formación

	2000		2001			
	Planes solicitados	Planes aprobados	Planes solicitados		Planes aprobados	
			de demanda	de oferta	de demanda	de oferta
Andalucía	757	613	627	330	463	200
Aragón	187	167	152	94	121	63
Asturias	147	119	95	48	62	34
Baleares	128	109	99	31	81	18
Canarias	127	94	110	66	84	38
Cantabria	64	50	50	22	37	10
Castela e León	282	231	207	168	133	112
Castela - A Mancha	104	84	90	74	55	35
Cataluña	1.185	986	916	175	741	107
Comunidade Valenciana	320	263	283	94	230	66
Extremadura	78	61	52	58	26	42
Galicia	317	243	184	186	132	152
Madrid	1.579	1.356	1.424	607	1.166	485
Murcia	101	84	118	48	81	30
Navarra	130	99	122	31	84	15
País Vasco	179	146	344	47	210	34
Rioxa, A	33	29	16	11	14	11
Ceuta e Melilla	3	3	1	3	-	3
Sin asignar			2	3	1	2
Total	5.721	4.737	4.892	2.096	3.721	1.457

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de FORCEM

CADRO C.2.15.

Accións desenvolvidas en execución do previsto nos acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia 2000-01

	2000	2001
	Nº beneficiarios	Nº beneficiarios
Formación e orientación	82.908	73.415
Orientación laboral e asesoram.	50.358	42.986
F.P. Ocupacional	32.819	30.429
Fomento do emprego e estabilidade	18.698	17.397
Contratación indefinida discapitados	403	388
Fomento da contratación indefinida	15.692	14.428
Fomento contratos en prácticas	1.906	2.169
Apoio a substitución traballadores/as	641	345
Contratación traballadores difícil reinserción	56	67
Economía social e autoemprego	7.548	8.929
Promoción do emprego en cooperativas e sociedades laborais	1.906	2.324
Apoio ó autoemprego autónomo	3.957	4.699
Integración Laboral dos discapitados	1.180	1.394
Iniciativas de emprego: ILE/IER (1)	505	512
Programas de cooperación	9.934	10.208
Programas de cooperación con entidades locais	5.832	5.490
Programas de Cooperación con outras administracións (2)	391	481
Escolas obradoiro, casas de oficios, unidades de promoción e desenvolvemento e obradoiros de emprego	3.711	4.237
Total	119.088	109.949

(1) No ano 2000 as actuacións de iniciativas de emprego estaban compostas por Iniciativas Locais de Emprego e Iniciativas de Emprego Rural. No ano 2001 inclúense as novas iniciativas de emprego de base tecnolóxica.

(2) distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude

CADRO C.2.16.

Empresas de economía social constituídas en Galicia e España 2000-01

	Galicia		España	
	2000	2001	2000	2001
Sociedades	385	387	7.357	7.969
Socios iniciais	2.073	3.373	35.595	39.086

Fonte: Dirección General de Fomento de la Economía Social y del Fondo Social Europeo

CADRO C.2.17.

Empresas e traballadores de economía social nas CC.AA. 2000-01

	2000				2001			
	Sociedades		Traballadores		Sociedades		Traballadores	
	CA / total	(%)	CA / total	(%)	CA / total	(%)	CA / total	(%)
Andalucía	6.567	18,6	60.099	17,0	7.364	19,0	63.998	17,3
Aragón	1.287	3,6	10.809	3,1	1.396	3,6	11.103	3,0
Asturias	635	1,8	5.844	1,7	690	1,8	6.198	1,7
Baleares	301	0,9	2.838	0,8	338	0,9	3.077	0,8
Canarias	1.026	2,9	10.067	2,8	1.176	3,0	10.580	2,9
Cantabria	178	0,5	1.848	0,5	207	0,5	2.059	0,6
Castela - A Mancha	2.526	7,2	20.359	5,8	2.764	7,1	21.408	5,8
Castela e León	1.964	5,6	14.781	4,2	2.169	5,6	15.762	4,3
Cataluña	6.992	19,8	52.563	14,9	7.477	19,3	53.073	14,3
C. Valenciana	3.809	10,8	49.549	14,0	4.154	10,7	50.664	13,7
Extremadura	1.108	3,1	8.957	2,5	1.221	3,2	9.858	2,7
Galicia	1.428	4,0	12.298	3,5	1.636	4,2	13.445	3,6
A Coruña	543	38,0	4.394	35,7	609	37,2	4.517	33,6
Lugo	240	16,8	1.459	11,9	279	17,1	1.643	12,2
Ourense	272	19,0	2.982	24,2	295	18,0	3.067	22,8
Pontevedra	373	26,1	3.463	28,2	453	27,7	4.218	31,4
Madrid	2.550	7,2	19.670	5,6	2.826	7,3	20.981	5,7
Murcia	1.546	4,4	14.176	4,0	1.803	4,7	15.341	4,1
Navarra	713	2,0	8.061	2,3	755	2,0	8.683	2,3
País Vasco	2.334	6,6	59.392	16,8	2.399	6,2	61.558	16,6
Rioxa	231	0,7	2.045	0,6	235	0,6	2.117	0,6
Ceuta e Melilla	74	0,2	577	0,2	59	0,2	459	0,1
Total	35.269	100	353.933	100	38.669	100	370.364	100

(1) cooperativas e sociedades laborais a 31 de decembro de cada ano

Fonte: Dirección General de Fomento de la Economía Social y del Fondo Social Europeo

Andalucía e a C. Valenciana. Destes 284 plans, 132 corresponden a plans de demanda (con compromiso de formación previo) e 152 a plans de oferta (sen compromiso previo). O seu custo ascendeu a 11,1 millóns de euros no caso dos plans de demanda e a 20,6 millóns de euros no caso dos plans de oferta.

Dentro do programa de mellora da empregabilidade, pódese salientar o papel do Servicio Galego de Colocación (SGC). No ano 2001, o número de ofertas de traballo xestionadas polo Servicio Público de Emprego de Galicia ascendeu a 86.898, das que 37.699 corresponden a oficinas de emprego e 49.199 corresponden ós centros asociados ó SGC.

Nas actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral participaron un total de 17.397 traballadores, dos que máis de 14,8 miles de traballadores accederon a un contrato indefinido. Tendo en conta que no ano 2001 houbo un total de 64.417 persoas que accederon a un contrato indefinido, estas actuacións de fomento tiveron unha incidencia do 23%.

No caso dos programas de cooperación, o número de beneficiarios ascendeu a 10.208, dos que 5.490 asistiron ós programas de cooperación con entidades locais e 4.237 a escolas obradoiro, casas de oficios, UPD e obradoiros de emprego.

CADRO C.2.18.

Empresas existentes 2000 (1): *distribución segundo a súa condición xurídica*

	Persoas Físicas	S.A.	S.R.L.	Outras (2)	Total
A Coruña	47.115	1.817	15.861	5.228	70.021
Lugo	15.710	314	4.347	1.494	21.865
Ourense	14.815	498	4.564	1.259	21.136
Pontevedra	34.160	1.506	15.803	3.241	54.710
Total	111.800	4.135	40.575	11.222	167.732
España	1.651.265	129.349	667.441	197.262	2.645.317
G/E (%)	6,77	3,20	6,08	5,69	6,34

(1) os datos están referidos a 31 de decembro

(2) comprende: sociedades colectivas, sociedades comanditarias, comunidades de bens, sociedades cooperativas, asociacións e outros tipos e organismos autónomos e outros

Fonte: INE, *Directorio Central de Empresas*

CADRO C.2.19.

Sociedades constituídas nas CC.AA. 2000-01: distribución segundo a súa forma xurídica

	S.A.		S.L.		Outras		Total	
	2000	2001	2000	2001	2000	2001	2000	2001
Andalucía	380	349	15.541	16.288	863	1.065	16.784	17.702
Aragón	107	75	2.346	2.331	248	262	2.701	2.668
Asturias	61	53	1.495	1.437	127	136	1.683	1.626
Baleares	70	87	3.524	3.415	97	84	3.691	3.586
Canarias	127	102	6.130	5.423	331	256	6.588	5.781
Cantabria	23	9	883	878	38	61	944	948
Castela - A Mancha	117	110	3.054	2.981	439	471	3.610	3.562
Castela e León	150	120	3.679	3.396	281	307	4.110	3.823
Cataluña	728	697	21.134	20.365	742	877	22.604	21.939
C. Valenciana	279	268	12.063	11.738	504	545	12.846	12.551
Extremadura	45	41	1.140	1.074	100	154	1.285	1.269
Galicia	140	117	4.766	4.308	331	312	5.237	4.737
A Coruña	62	58	1.920	1.763	125	120	2.107	1.941
Lugo	8	3	455	388	59	53	522	444
Ourense	12	15	459	367	54	41	525	423
Pontevedra	58	41	1.932	1.790	93	98	2.083	1.929
Madrid	2.236	1.522	20.236	18.709	1.224	977	23.696	21.208
Murcia	55	57	2.473	2.848	176	227	2.704	3.132
Navarra	69	35	1.395	1.110	119	95	1.583	1.240
País Vasco	273	204	4.690	4.661	291	247	5.254	5.112
A Ríoxa	21	35	508	472	21	19	550	526
Ceuta e Melilla	-	8	-	226	-	4	-	238
Total	4.881	3.889	105.057	101.660	5.932	6.099	115.870	111.648

Fonte: *Registro Mercantil Central***4.- Economía social****Cadros C.2.16. e C.2.17.**

A 31 de decembro de 2001, o número de empresas de economía social (cooperativas e sociedades laborais) ascendía a 38.669 sociedades, 3.400 máis que no ano 2000, das que o 4,2%, 1.636 firmas, estaban en Galicia (208 máis que no exercicio anterior). O conxunto destas empresas en Galicia xeraba un total de 13.345 empregos (1.147 máis que no ano anterior), o 3,6% do total do sector español. No ano 2001 o número de empregos nestas sociedades equivale ó 1,4% da poboación

ocupada galega, fronte ó 2,5% no conxunto do estado.

É destacable, polo tanto, que a dimensión polo número de traballadores é moito menor en Galicia que en España, tendo en conta o anterior e o número medio de traballadores por empresa, 8,2 en Galicia fronte a 9,6 no estado.

A maior dimensión, en canto a traballadores, das empresas de economía social en Galicia dáse na provincia de Ourense, con 10,4 traballadores por empresa. Pola contra,

a menor corresponde a Lugo, con 5,9 traballadores.

No ano 2001 constituíronse un total de 387 cooperativas e sociedades laborais (dúas máis que no ano 2000), con 3.373 socios agrupados (1.300 máis).

Xunto as tradicionais medidas de promoción de emprego en cooperativas e sociedades laborais e o apoio ó emprego autónomo, hai que salienta-los centros especiais de emprego (para facilita-la incorporación dos traballadores con discapacidade ó mercado laboral) e o programa de iniciativas de emprego, que trata apoia-las iniciativas empresariais no ámbito local e rural.

No ano 2001 beneficiáronse destas axudas en Galicia un total de 8.929 traballadores (un 18,3% máis que no ano anterior). Do total de traballadores beneficiarios, 4.699 beneficiáronse das medidas de apoio ó emprego autónomo, 2.324 das fórmulas de autoemprego asociativo en empresas de economía social, 1.394 a través de actuacións específicas de cara á integración laboral de discapacitados, e 512 en iniciativas empresariais no ámbito local e rural e nas iniciativas de emprego de base tecnolóxica.

cios e un 12,9%, ó sector da construción (21.626 empresas).

No ano 2001 constituíronse, segundo os datos do Rexistro Mercantil, 4.737 sociedades (que supuñan o 4,2% das sociedades constituídas en España). Cómpre salientar que comparado co ano anterior, descende o número de constituicións de sociedades nun 9,5% (500 sociedades menos) respecto ó ano anterior. A meirande parte das empresas creadas en Galicia tivo a forma de sociedade limitada (o 90,9%) e só un 2,5% foron sociedades anónimas. Unha simple análise da taxa das sociedades constituídas sobre as existentes sitúa á comunidade no 80,3% da media española en 2000, o que supón empeorar o xa escaso nivel de converxencia do ano anterior.

No ano 2001 rexistráronse catro suspensións de pagamentos, o 2,6% das producidas en España, e dez quebras, un 2,1% das acontecidas no conxunto do estado. O número de extincións de sociedades foi de 332, o que representa o 3,4% das sociedades extinguidas en España. ■



5.- Desenvolvemento de empresas

Cadros C.2.18. e C.2.19.

Ó longo do ano 2000 o número de empresas activas aumentou en Galicia un 1%, fronte ó crecemento do 1,9% en España. Ó remate de 2000 había en Galicia un total de 167.732 empresas activas (o 6,34% do total de empresas existentes en España).

A meirande parte das sociedades activas en Galicia nese período corresponde a persoas físicas (66,7%), seguida das SRL, que acadaban o 24,2%, pertencendo o 78,3% das empresas (131.268 empresas) ó sector servi-



CONSIDERACIÓNS SOBRE OS sectores productivos

1.- Panorama xeral

Cadros C.3.1. a C.3.9.

As consideracións sobre a evolución das diferentes ramas de actividade productiva realízanse tendo en conta a relación entre os indicadores do emprego (fonte EPA) e do PIB (fonte IGE, Contabilidade Rexional). Posteriormente, considéranse tamén os datos da Seguridade Social e os datos empresariais facilitados por Ardán.

Atendendo ós datos da Contabilidade Rexional de Galicia (base 1995) estimado polo IGE, o produto interior bruto a prezos de mercado no ano 2001 acadou os 29.681,4 millóns de euros (prezos constantes), un 2,8% máis que no ano precedente. En termos nominais (prezos correntes), a taxa de crecemento do PIB a prezos de mercado foi do 6,7%.

Se se considera a súa evolución trimestral, a expansión da economía galega mantén-

se na desaceleración iniciada no ano 2000, xa que a taxa de crecemento descende trimestre a trimestre, pasando dun 3,1% no primeiro trimestre do ano 2001 a un 2,5% no derradeiro trimestre do ano. En termos nominais, estas taxas de crecemento foron de 7,1% e 6,3%, respectivamente.

A diferenza do acontecido no ano 2000, a ocupación en Galicia (987,4 miles de ocupados) permaneceu practicamente constante no ano 2001. O número de persoas ocupadas rexistrou unha medra do 0,1% respecto ó ano anterior, cifra que é 2,7 puntos inferior á experimentada polo crecemento económico.

Atendendo á desagregación por ramas de actividade, o sector servizos de mercado é o que xera un maior valor engadido, con 12.214,7 millóns de euros (o 41,2% do PIBpm galego), seguido do sector industria e dos servizos non de mercado, con 4.668,7 (o 15,7% do PIBpm galego) e 3.801,3 millóns





CADRO C.3.1.

VEB a prezos básicos e PIB a prezos de mercado 2000-01

	2000	2001					01/00
	Total	Total	I	II	III	IV	
	(en miles de €, prezos correntes)						(%)
Agricultura, silvicultura e pesca	1.863.954	1.963.274	477.377	534.724	475.982	475.191	5,3
Enerxía	1.386.401	1.428.964	354.311	353.590	357.264	363.799	3,1
Industria	4.954.121	5.328.824	1.312.263	1.351.635	1.317.966	1.346.960	7,6
Construcción	3.508.812	3.887.625	899.412	957.399	1.007.963	1.022.851	10,8
Servicios	18.219.654	19.513.891	4.655.963	4.890.310	4.908.076	5.059.542	7,1
de mercado	13.920.501	15.020.207	3.613.661	3.726.275	3.831.004	3.849.267	7,9
non de mercado	4.299.153	4.493.684	1.042.302	1.164.035	1.077.072	1.210.275	4,5
Impostos netos sobre os produtos	3.453.848	3.503.305	1.103.879	578.334	674.746	1.146.346	1,4
PIB a prezos de mercado	33.386.790	35.625.883	8.803.205	8.665.992	8.741.997	9.414.689	6,7
	(en miles de €, prezos constantes)						(%)
Agricultura, silvicultura e pesca	1.735.061	1.745.770	418.217	462.275	424.848	440.430	0,6
Enerxía	1.462.380	1.456.535	403.160	345.166	346.509	361.700	- 0,4
Industria	4.510.612	4.668.799	1.155.175	1.185.553	1.148.129	1.179.942	3,5
Construcción	2.919.664	3.058.931	713.960	761.209	789.606	794.156	4,8
Servicios	15.533.124	16.015.972	3.876.699	4.025.538	4.002.195	4.111.540	3,1
de mercado	11.810.890	12.214.685	2.993.035	3.039.283	3.090.112	3.092.255	3,4
non de mercado	3.722.234	3.801.287	883.664	986.255	912.083	1.019.285	2,1
Impostos netos sobre os produtos	2.721.628	2.735.413	864.581	464.901	522.622	883.309	0,5
PIB a prezos de mercado	28.882.469	29.681.420	7.431.792	7.244.642	7.233.909	7.771.077	2,8

Fonte: IGE



CADRO C.3.2.

Poboación ocupada en Galicia 2000-01: distribución segundo ramas de actividade

	2000	2001	01/00
	(en miles de persoas)		(%)
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	141,1	122,5	-13,2
Pesca e piscicultura	36,0	32,7	-9,2
Industrias extractivas	8,2	9,3	13,8
Producción, transp. e distrib. de electric., gas e auga	4,9	6,1	24,5
Coquerías, fabric. de prod. químicos e prod. metais	18,1	18,8	3,9
Fabricación de produtos metálicos. Construcción de máquinas e material mecánico	16,7	19,2	14,8
Fabricación de material de transporte	32,8	34,5	5,1
Industrias de produtos alimenticios, bebidas e tabaco	30,2	32,1	6,3
Industrias do téxtil, coiro, calzado e confeccións textís	23,3	27,8	19,7
Industrias da madeira e cortiza	14,0	16,1	15,0
Industrias do papel, artes gráficas e edición e reprodución de soportes gravados	7,4	8,7	18,0
Outras industrias manufactureiras	20,1	17,3	-14,2
Construcción	116,6	118,3	1,5
Comercio por xunto e polo miúdo	127,1	121,7	-4,2
Venda, mantem. e reparac. de vehículos de motor. Gasolineras	28,9	26,5	-8,3
Hoteis, restaurantes e bares	50,3	50,0	-0,6
Transportes e activ. anexas. Comunicacions	45,2	46,6	3,2
Institucións financeiras e de seguros	18,8	17,5	-6,9
Educación	45,7	51,4	12,4
Sanidade	43,5	47,5	9,3
Admons. públicas, defensa e seguridade social	57,8	55,5	-3,9
Outros servizos	100,3	107,7	7,4
Total	986,6	987,4	0,1

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE e INE

de euros (12,8% do PIBpm galego), respectivamente.

O VEB a prezos básicos (prezos constantes) do sector primario (agricultura, gandería e pesca) experimentou no ano 2001, ó contrario do acontecido no ano 2000, unha medra do 0,6% respecto ó ano precedente (no

ano 2000 a taxa de variación interanual foi do -1,6%). No segundo trimestre do 2001 prodúcese un cambio da tendencia da crecemento, pasándose das anteriores taxas negativas a taxas de crecemento positivas. A taxa de crecemento no segundo trimestre do 2001 foi de 0,6%, finalizando o anos cunha taxa de crecemento de 1,3% respecto ó cuarto trimestre do

CADRO C.3.3.

Empresas e traballadores en alta no Réxime Xeral e Réxime especial da minería do carbón 2001: distribución segundo o tamaño da empresa ⁽¹⁾

	Total	De 1 a 2 traballadores	De 3 a 5 traballadores	De 6 a 9 traballadores	De 10 a 25 traballadores	De 26 a 49 traballadores	De 50 a 249 traballadores	De 250 a 499 traballadores	De 500 a 999 traballadores	1000 e máis traballadores
Galia	75.790	41.926	16.889	7.103	6.544	1.904	1.229	100	52	43
A Coruña	31.220	17.043	6.941	2.916	2.820	852	558	51	23	16
Lugo	10.582	6.185	2.359	919	777	195	128	11	5	3
Ourense	9.617	5.522	2.073	897	780	192	130	14	6	3
Pontevedra	27.269	14.510	6.197	2.683	2.576	776	463	41	12	11
España	1.152.678	616.171	251.923	113.973	111.477	33.358	21.921	2.122	959	774
G/E (%)	6,6	6,8	6,7	6,2	5,9	5,7	5,6	4,7	5,4	5,6

⁽¹⁾ Datos a 31 de decembro de 2001

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales



CADRO C.3.4.

Sectores productivos 2000

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
(en millóns de €)						
Sector primario	2.750	10.706,1	1.454,3	448,3	6.418,3	20
Complexo Mar-Industria	731	3.674,1	535,0	162,9	2.599,1	27
Complexo Agro-Gandeiro	1.213	5.000,2	523,0	153,9	2.249,6	18
Complexo Silvicultura-Madeira	806	2.031,8	396,3	131,5	1.569,6	18
Industria	3.685	20.515,9	3.503,9	1.205,0	12.149,6	30
Energía	141	517,4	182,8	82,8	1.298,0	15
Bens intermedios	887	3.413,1	741,9	236,6	2.647,9	25
Bes de equipamento	1.889	11.460,7	1.618,0	419,7	4.947,3	25
Bens de consumo	768	5.124,8	961,2	466,0	3.256,3	47
Construcción e obras públicas	3.631	6.664,9	1.781,4	460,6	7.922,5	19
Servicios	2.328	3.687,2	1.268,9	338,1	5.362,4	21
Turismo viaxes e ocio	627	779,9	266,3	100,0	814,6	16
Transportes e serv. asociados	656	1.164,9	393,0	125,5	2.246,5	18
Servicios empresariais	488	796,6	312,8	68,2	1.301,1	27
Comunicacións	439	715,9	176,9	24,4	818,6	22
Servicios relac. coa saúde	118	230,0	119,9	20,1	181,6	41
Total	12.394	41.574,1	8.008,5	2.452,1	31.852,8	23

Fonte: Ardán

CADRO C.3.5.

Sectores productivos 1999-00: taxas de crecemento nominal

	Sector Primario	Industria	Construcción	Servicios	Galicia
Ingresos de explotación	8,32	18,00	16,57	12,23	14,61
VEB	7,54	10,86	15,23	5,96	10,37
Gastos de persoal	9,57	10,87	13,05	16,73	12,18
Rtdo. neto do exercicio	13,20	24,36	24,65	-10,73	18,05
Rtdo. de actividades ordinarias	2,82	21,57	17,89	-55,88	9,48
Rtdo. antes de impostos	10,50	19,07	25,25	-15,16	14,47
Rendibilidade Económica	↓	↓	↑	↓	↓
Rendibilidade Financeira	↓	↓	↑	↓	↓
Gastos persoal / ingresos	↑	↑	↓	↑	↑
Carga financeira / ingresos	↑	↑	↑	↑	↑

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos Ardán

ano anterior. Se a análise se fai considerando os prezos correntes (termos nominais) este sector presenta entre os dous anos considerados un crecemento do 5,3% (medra un 2,3% no ano 2000).

Malia este comportamento, a ocupación (fonte: EPA) no sector primario experimentou un descenso do 12,4% (case 22.000 persoas menos que no ano anterior), acollendo un total de 155,2 miles de traballadores, dos que 122,5 miles de persoas están englobadas na

agricultura, gandería, caza e silvicultura, e os 32,7 miles de ocupados restantes, no subsector pesqueiro.

O sector industrial (sen a rama enerxética) experimentou no ano 2001 un crecemento do seu VEB a prezos básicos (prezos constantes) do 3,5%, porcentaxe dous puntos inferior á acadada no ano precedente. Os síntomas de desaceleración anotados desde o ano 2000 parecen deterse na segunda metade do ano 2001, xa que a taxa de crecemento se

mantén constante no terceiro trimestre e aumenta no derradeiro trimestre do 2001 ata o 3,7%. Se a análise se fai considerando os prezos correntes (termos nominais) a taxa de crecemento do sector industrial entre os anos 2000 e 2001 foi do 7,6%, oito décimas máis que en 2000.

Atendendo ó Índice de Producción Industrial de Galicia (Ipiga), que estima a evolución da industria na comunidade, a taxa de crecemento industrial entre os anos 2000 e 2001 foi do 6,3%, fronte ó 11,8% do ano precedente; porcentaxe coherente cos datos (ingresos, gastos de persoal) da enquisa INE para o ano 2000.

O emprego tivo un crecemento do 7,6% (4,1 puntos superior á taxa de crecemento do sector industrial), acadando os 183,5 miles de persoas ocupados no ano 2001. Este dato destaca ó sector industrial como o de maior capacidade para trasladar o crecemento á creación de emprego no exercicio 2001. As ramas de fabricación de material de transporte e as industrias de produtos alimenticios, bebidas e tabaco son as máis importantes en canto ó número de traballadores, con 34,5 e 32,1 miles de ocupados, respectivamente.

A rama enerxética presentou no ano 2001 unha taxa de crecemento do VEB (en prezos constantes) do -0,4% fronte á medra do 5,5% experimentada no ano 2000. Salienta a importante diferenza entre as taxas de variación interanual do VEB a prezos básicos en termos reais e nominais (prezos correntes), xa que neste último caso a taxa de crecemento do VEB foi do 3,1% (5,8% no ano precedente).

Ó longo do ano 2001 prodúcese unha desaceleración do crecemento do VEB a prezos básicos, que no primeiro trimestre do ano medra a unha taxa de 2,9% (en termos reais) e nos terceiro e cuarto trimestre experimenta a taxa de crecemento negativa do 2,1%.

O emprego no sector enerxético (rama

“producción, transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga”) acadou no ano 2001 un total de 6,1 miles de ocupados, que significou un crecemento do 24,5% aínda que en termos absolutos este crecemento estivo en torno ós 1.200 empregos, en boa medida vencellados ó desenvolvemento das enerxías renovables.

No ano 2001 cómpre salientar que, un ano máis, o maior crecemento sectorial rexístrase no sector da construción, que experimentou unha taxa de crecemento do VEB (en prezos constantes) do 4,8% (6,5% no ano 2000), seis puntos inferior á taxa de variación interanual do VEB a prezos básicos en termos nominais (prezos correntes). Ó longo do ano prodúcese unha desaceleración do crecemento do VEB a prezos básicos, experimentando a súa maior taxa de crecemento no primeiro trimestre do ano, cunha taxa de 5,7% (en termos reais) e a máis baixa, co 3,7%, no derradeiro trimestre. Esta desaceleración está axustada á tendencia contractiva que xa presentaba a licitación oficial no ano 2000.

O emprego neste sector no ano 2001 rexistra un aumento do número de traballadores do 1,5% (3,3 puntos menos do que o fai a produción en termos reais) respecto ano anterior (1,7 miles de persoas ocupadas máis), sendo o número total de ocupados de 118,3 miles de persoas.

No ano 2001 o sector servizos experimentou unha taxa de crecemento do VEB (en prezos constantes) do 3,1% fronte ó 3,7% experimentado no ano anterior. En termos nominais, a taxa de variación interanual do VEB a prezos básicos mantívose no 7,1%. Atendendo á desagregación entre servizos de mercado e non de mercado, a taxa de crecemento do VEB, en termos reais, no primeiro caso foi do 3,4% respecto ó ano anterior, e no segundo de 2,1%.

Atendendo á evolución trimestral, esta permanece practicamente constante. A taxa de crecemento máis elevada rexístrase no pri-



meiro trimestre, cunha taxa de variación do 3,2% respecto ó mesmo período do ano anterior, e a máis baixa no segundo trimestre, cando a súa taxa de crecemento é do 3%.

A ocupación no sector servicios medrou no ano 2001 un 1,3% respecto ó ano anterior (o VEB a prezos básicos, en termos reais, medra 1,8 puntos máis) ata chegar ós 524,3 miles de ocupados. Entre as ramas máis importantes, salientan as de comercio por xunto e polo miúdo, con 121,7 miles de traballadores, e as de “outros servicios” (servicios a empresas), con 107,7 miles de persoas.

Con respecto á evolución do número de empresas, cómpre salientar que no réxime xeral da Seguridade Social en Galicia (segundo a radicación do seu centro de traballo) o número de empresas acadou as 75.790, 2.652 máis que ó rexistrado no ano anterior (un 3,6% máis). Asemade, o número de traballadores en alta laboral na Seguridade Social no réxime xeral aumentou un 4,5% respecto á ano anterior, para acada-los 628,2 miles de traballadores en 2001. É dicir, o número medio de traballadores por empresa mantense en 8,2 traballadores.

A pesares do anterior, o 55,3% das empresas teñen de un a dous traballadores (41.926 empresas) e en 1.424 empresas (1,9%) traballan máis de 50 empregados.

As consideracións sobre as variables empresariais da economía galega realízase a partires, fundamentalmente, da información que proporciona o servizo de estudos Ardán, que considera as empresas con domicilio social en Galicia –o que implica deixar fóra algunhas empresas importantes, polo que as cifras poden presentar algunha limitación no seu alcance–, das que se teñen datos no dous últimos anos consecutivos, e que presentan unha facturación superior ós 240.404,84 euros.

Da evolución do pequeno grupo de sete grandes empresas cotizadas na Bolsa, entre

os anos 2000 e 2001 perden un 6,3% do seu valor de capitalización, pero mentres Unión Fenosa ten perdas maiores, Pescanova, Banco de Galicia ou A. Domínguen melloran a súa.

Tendo en conta estas limitacións, o conxunto de empresas consideradas no período 1999-2000 (últimos datos dispoñibles) foi de 12.394 empresas, fronte ás 10.572 empresas seleccionadas para o período comprendido entre os anos 1998 e 1999. Comparado cos datos do Dirce, a estas empresas representan o 27,7% do total de empresas mercantís galegas (sociedades anónimas e sociedades de responsabilidade limitada) e acollen en torno ó 42% dos traballadores asalariados galegos. O emprego medio nas empresas consideradas foi de 23 traballadores por empresa.

A evolución positiva da maioría dos conceptos da conta de explotación agregada destas 12.394 empresas no ano 2000 permite afirmar que este foi un ano positivo para estas empresas, agás pola caída das rendibilidades económica e financeira. En conxunto, o resultado neto do exercicio no ano 2000 aumentou un 18,1% (un 14,5% no caso do resultado antes de impostos), o que significa un claro crecemento no beneficio destas empresas.

Constátase un crecemento do 9,5% do resultado de actividade ordinaria –aquela directamente relacionada coa actividade das empresas, xa que exclúe os resultados extraordinarios e o imposto de sociedades– e un aumento do resultado de actividades extraordinarias do 110,9%. Tamén salienta que os resultados financeiros medran un 58,2% (principalmente polo incremento dos ingresos financeiros) e a facturación das empresas, un 14,6%.

Este aumento da capacidade de xerar beneficios baseouse principalmente no crecemento da facturación das empresas e en menor medida no menor crecemento dalgúns dos custos empresariais, como os gastos de persoal en relación cos ingresos de explotación.



CADRO C.3.6.

Empresa galega 1999-00: indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecedemento dos Ingresos	V.E.B.c.f. / Ingresos	Gastos persoal / Ingresos	Rtdo. ec. n. explotac. / Ingresos (%)	Carga financeira / Ingresos	Cash-flow / Ingresos
2000	8,26	26,00	17,90	3,08	1,01	3,40
1999	10,90	26,32	17,88	3,16	0,94	3,44

Fonte: Ardán

CADRO C.3.7.

Investimento e financiamento na empresa galega 1999-00: taxas de crecedemento nominal

	Sector Primario	Industria	Construcción	Servicios	Galicia
	(%)				
Activo total	10,95	14,23	11,78	12,99	12,73
Activo fixo (neto)	12,06	14,92	14,43	12,66	13,63
Circulante neto	10,14	13,75	11,06	13,62	12,13
Financiamento permanente	9,42	14,30	41,23	10,26	17,00
Fondos propios	10,72	15,52	15,20	9,36	13,41
Recursos alleos l/p	5,29	10,81	87,17	11,95	24,48
Ingresos distribuídos en varios exercicios	13,85	14,65	-2,85	3,72	9,20
Acreeedores a curto prazo	12,51	14,16	-3,87	20,02	8,48
Fondo de rotación	-4,02	11,44	84,90	-14,23	31,48

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos Ardán

CADRO C.3.8.

Empresa galega 1999-00: rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica	Marxe	Rotación de activos	Rendibilidade financeira antes de impostos (%)	Coste neto da débeda	Coefficiente de endebedamento
2000	6,15	3,38	1,84	15,97	2,34	2,49
1999	6,33	3,40	1,85	17,99	2,19	2,59

Fonte: Ardán

No período 1999-00 o VEB a custo de factores e os ingresos de explotación do conxunto de empresas consideradas rexistran unhas medras do 10,4% e do 14,6%, respectivamente. A importancia relativa do VEB no total dos ingresos de explotación descende sete décimas, acadando no ano 2000 un total de 19,3%.

O indicador carga financeira/ingresos de explotación rexistra unha medra desde o 0,94% ata o 1,01% do ano 2000.

O resultado financeiro das empresas consideradas acada no ano 2000 os -66,7

millóns de euros fronte ós -159,4 millóns de euros do ano 1999. Na estrutura de custos das empresas o seu peso relativo no total dos ingresos de explotación equivale no ano 2000 ó -0,2% dos ingresos.

Cómpre salientar respecto ós gastos de persoal que experimentan un crecedemento do 12,2%, aínda que presentan unha redución do seu peso relativo na estrutura de custos con respecto ós ingresos de explotación, pasando de se-lo 12,4% de 1999 ó 12,1% do ano 2000.

A análise do balance agrupado das



Núcleos de localización empresarial máis importantes pola súa xeración do VEB 1999-00

Núcleos	1999	2000					00/99	
	Total	Total	S. Primario	Industria	Construcción	Servicios		
			(en millóns de €)					(%)
Vigo	1.617,5	1.790,7	262,3	1.056,0	242,2	230,2	10,7	
A Coruña	1.090,0	1.222,2	144,1	325,7	337,5	414,8	12,1	
Arteixo	660,8	776,9	34,6	639,6	61,1	41,5	17,6	
Santiago	414,3	399,7	103,9	126,8	90,1	78,9	-3,5	
Pontevedra	257,3	299,3	40,4	48,1	171,7	39,1	16,3	
O Porriño	214,6	254,2	38,7	166,5	35,1	35,1	18,4	
Ourense	177,5	193,7	21,4	42,6	86,5	43,2	9,2	
Lugo	155,9	181,1	33,0	52,4	54,9	40,8	16,2	
Subtotal	4.587,9	5.117,8	678,4	2.457,8	1.079,1	923,7	11,6	
Galicia	7.256,3	8.008,5	1.454,3	3.503,9	1.781,4	1.268,9	10,4	

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir dos datos de Ardán

12.394 empresas consideradas permite coñecer a situación financeira e patrimonial das devanditas empresas nos anos 1999 e 2000. O trazo fundamental é a boa situación financeira e patrimonial das empresas, despois dun período con bos resultados.

Sen embargo, no ano 2000 as empresas non aproveitaron eses resultados para darlle maior solidez á súa estrutura. Concretamente, mentres o financiamento permanente (fondos propios, recursos alleos a longo prazo e ingresos distribuídos en varios exercicios) medra un 17,0%, os fondos propios incrementáronse nun 13,4% e os recursos alleos a longo prazo o fixeron nun 24,5%.

A estrutura financeira e patrimonial reflectida na análise de Ardán mostra unha situación de solvencia: o financiamento permanente, con 16.503,1 millóns de euros, representa o 51,8% do total das fontes de financiamento e, dentro deste, os fondos propios significan o 30,9% e os recursos alleos o 18,8%. O activo fixo neto acadou os 12.995,5 millóns de euros, o que propicia un fondo de rotación de 3.507,6 millóns de euros. No ano 2000 o peso dos acredores a curto prazo no balance rexistrou unha medra de 1,8 puntos, mentres o dos fondos propios se incrementou en 0,2 puntos.

Da análise do balance das empresas des-

préndese que o activo total medra un 12,7%, sendo o crecemento do activo fixo neto do 13,6%, o que representa un aumento da súa contribución ó activo total en 0,3 puntos, mentres que o circulante neto medra nun 12,1%. Outro aspecto a destacar é o crecemento do inmovilizado material neto –que é a partida do activo que reflicte os investimentos productivos-, que medra un 10,3%, aínda que a súa contribución descende dende os 27,7% ata os 27,1% do 2000.

No concernente ó estudio económico e financeiro, os indicadores da rendibilidade e magnitudes asociadas amosan que no ano 2000 prodúcese unha caída das rendibilidades económica e financeira por mor da evolución das variables das que dependen. A rendibilidade económica (ratio que resulta de dividi-lo beneficio antes de intereses e impostos, entre o activo total neto medio) descendeu 2 décimas pasando dun 6,33% a un 6,15%. A redución da rendibilidade financeira (rateo que resulta de dividi-lo beneficio neto da empresa entre os recursos propios medios da mesma) foi superior, pasando dos 17,99% de 1999 ata os 15,97% de 1999.

No ano 2000 os oito principais núcleos de localización segundo o VEB a custo de factores xerado polas empresas emprazadas nestes municipios acollen, en conxunto, o 63,9% do VEB total xerado polas empresas

CADRO C.3.10.

Distribución xeral de terras 2000

	A Coruña (en Ha.)	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Total superficie cultivada	131.013	124.103	43.297	49.236	347.649
Cultivos herbáceos	120.159	114.747	29.546	30.726	295.178
Cultivos leñosos	6.185	4.960	10.512	15.542	37.199
Outras terras de cultivo	4.669	4.396	3.239	2.968	15.272
Total prados e pasteiros	81.119	149.071	69.709	45.710	345.609
Total superficie forestal	473.225	640.416	544.710	294.594	1.952.945
Caducifolias	54.314	155.650	130.151	51.164	391.279
Eucalipto	183.373	75.204	2.592	69.866	331.035
Piñeiro	121.916	140.444	90.264	65.694	418.318
Mato arborado	28.486	81.988	92.361	27.412	230.247
Mato	47.171	135.627	113.495	36.173	332.466
Mato pasteiro	37.965	51.503	115.847	44.285	249.600
Outras superficies	111.568	73.534	70.463	61.576	317.141
Dobres cultivos	1.638	1.880	837	1.576	5.931
Superficie total	798.563	989.004	729.016	452.692	2.969.275

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural

CADRO C.3.11.

Macromagnitudes agrarias 1999

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	99/98
		(en miles de euros)				(%)
Producción total agraria	2.594.415,3	833.618,7	893.107,5	347.773,7	519.915,4	4,5
Reemprego no sector agrario	789.642,8	251.204,5	362.573,8	58.897,9	116.966,6	13,3
Producción final agraria	1.804.772,4	582.414,3	530.533,7	288.875,7	402.948,7	1,1
Achega subsector agrícola	447.441,7	93.322,2	61.322,6	99.024,4	193.772,5	25,8
Achega subsector gandeiro	1.007.808,4	369.871,9	327.343,6	164.582,4	146.010,5	- 11,9
Achega subsector forestal	271.893,4	101.280,2	98.897,5	18.598,9	53.116,8	23,0
Outras producións	77.628,9	17.940,0	42.970,0	6.670,0	10.048,9	20,4
Gastos fóra do sector	723.601,8	267.243,8	209.137,3	120.631,4	126.589,3	5,5
Valor engadido bruto a p.m.	1.081.170,6	315.170,4	321.396,4	168.244,3	276.359,5	- 1,6
Subvencións de explotación	105.831,7	34.627,3	47.372,4	14.046,3	9.785,7	28,7
Valor engadido bruto ó c.f.	1.187.002,2	349.797,7	368.768,8	182.290,6	286.145,1	0,5
Amortizacións	272.162,2	93.581,9	101.029,3	37.875,2	39.675,8	5,0
Renda agraria	914.840,1	256.215,8	267.739,6	144.415,4	246.469,3	- 0,8

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e desenvolvemento rural, Anuario de estatística agraria 2000

galegas estudadas fronte ó 63,2% do ano anterior, sendo esta porcentaxe do 70,1% no caso do sector industrial. Pola contra, estes oito municipios xeran o 46,6% do VEB polas empresas do sector primario.

Vigo e A Coruña son os dous principais núcleos de localización de Galicia, que xeran un total de 1.790,7 e 1.222,2 millóns de euros, o que supón o 22,4% e 15,3% do VEB total xerado polas empresas seleccionadas polo Ardán. En Vigo, Arteixo e O Porriño, salienta a importancia relativa do sector industrial ó representar o 59%, o 82,3% e o

65,5%, respectivamente, do VEB xerado nos devanditos municipios (a media galega é do 43,8%), mentres que en Pontevedra e Ourense sobresaíe o sector da construción, que acolle o 57,4% e 44,7% do seu VEB xerado (en Galicia representa o 19,8%).

2.- Sector primario

Cadros C.3.10. a C.3.17.

Atendendo ós datos da distribución xeral de terras da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, do total



CADRO C.3.12.

Cota leiteira asignada ás CC.AA. e nº de explotacións nas campañas 1999-00 e 2000-01

	Campaña 1999-00				Campaña 2000-01			
	Cota (toneladas)	(%)	Explotacións (número)	(%)	Cota (toneladas)	(%)	Explotacións (número)	(%)
Andalucía	416.655	7,8	2.153	3,2	421.101	7,8	1.899	3,2
Aragón	80.889	1,5	287	0,4	81.796	1,5	253	0,4
Asturias	600.177	11,2	9.171	13,6	597.728	11,0	8.109	13,5
Baleares	105.478	2,0	508	0,8	104.232	1,9	462	0,8
Cantabria	473.044	8,8	5.242	7,8	468.152	8,6	4.819	8,0
Castela e León	749.478	14,0	7.542	11,2	753.017	13,9	6.655	11,0
Castela A Mancha	158.823	3,0	807	1,2	162.405	3,0	748	1,2
Cataluña	552.702	10,3	2.030	3,0	556.799	10,3	1.899	3,2
Estremadura	41.785	0,8	550	0,8	41.425	0,8	491	0,8
Galicia	1.636.439	30,6	35.661	53,1	1.667.304	30,8	32.097	53,3
venta a Industrias	-	-	-	-	1.659.351	30,6	31.894	52,9
ventas directas	-	-	-	-	7.953	0,1	203	0,3
Madrid	93.011	1,7	266	0,4	92.206	1,7	252	0,4
Región de Murcia	19.565	0,4	72	0,1	19.685	0,4	65	0,1
Navarra	156.775	2,9	692	1,0	158.055	2,9	623	1,0
País Vasco	210.428	3,9	2.061	3,1	235.821	4,4	1.762	2,9
A Ríoxa	16.034	0,3	60	0,1	17.551	0,3	54	0,1
Comunidade Valenciana	40.675	0,8	92	0,1	41.074	0,8	82	0,1
Total	5.351.958	100	67.194	100	5.418.351	100	60.270	100

Fonte: Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia



CADRO C.3.13.

Producción pesqueira, marisqueira e acuícola 2000-01: distribución segundo especies ou grandes grupos de especies

Especies	Producción			Valor		
	2000 (en Tm.)	2001 (en Tm.)	01/00 (%)	2000 (en miles de €)	2001 (en miles de €)	01/00 (%)
Producción pesqueira (1)	144.849,2	134.332,8	-7,3	347.455,2	334.863,8	-3,6
Bivalvos e Gasterópodos	8.021,3	5.124,3	-36,1	44.515,2	35.103,0	-21,1
Cefalópodos	6.671,8	6.158,8	-7,7	14.121,0	16.681,0	18,1
Crustáceos	1.432,4	1.418,0	-1,0	21.069,7	21.739,6	3,2
Peixes	128.232,1	121.079,0	-5,6	267.257,5	260.505,3	-2,5
Outros invertebrados mariños	491,6	552,7	12,4	491,7	834,9	69,8
Producción marisqueira (1)	8.021,3	5.124,3	-36,1	44.515,2	35.103,0	-21,1
Reio	1.040,4	1.171,9	12,6	849,2	1.354,6	59,5
Ameixa babosa	1.708,5	1.027,0	-39,9	15.219,1	11.863,1	-22,1
Berberecho	2.793,6	983,1	-64,8	7.447,5	3.573,4	-52,0
Ameixa rubia	464,3	481,7	3,7	2.393,1	3.348,8	39,9
Ameixa fina	699,1	425,1	-39,2	10.931,2	8.639,2	-21,0
Ameixa xapónica	721,7	414,6	-42,6	4.378,3	3.724,8	-14,9
Navalla	112,0	119,1	6,3	1.209,0	1.366,5	13,0
Outros	481,6	501,9	4,2	2.087,9	1.232,6	-41,0
Producción acuícola (2)	253.350,7			143.269,4		
Cefalópodos	27,5			116,3		
Moluscos cultivados en parque	2.588,0			11.109,6		
Moluscos cultivados en viveiro	247.531,5			109.606,1		
Peixes	3.203,6			22.437,4		
Total	406.221,2			535.239,8		

(1) Os datos do ano 2001 son datos provisionais

(2) Os datos do ano 2000 son datos provisionais

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura

da superficie xeográfica galega (2.957,7 miles de hectáreas), un 66,6% corresponde á superficie forestal, en tanto que a superficie dedicada a cultivo acada o 11,8%, e a prados e pasteiros o 11,7%. A superficie agraria utilizada ascendeu a 696.690 hectáreas (o 34,1% da superficie total censada).

A contribución do subsector agrícola á produción final agraria (PFA) do ano 1999 (último dato dispoñible) foi do 24,6%. A vocación comercial (que mide o nivel de integración da agricultura no seu entorno), medida pola relación PFA/PTA (producción total agraria), foi do 43,6% en 1999, moi lonxe da porcentaxe rexistrada polos subsectores gandeiro e forestal (84,1% e 91,3%, respectivamente).

O subsector gandeiro contribúe á PFA do ano 1999 cun 55,9% do total, fronte ó 64,1% do ano anterior. O subsector caracterízase pola pequena dimensión das explotacións e o predominio da industria láctea. Nesta actividade, as explotacións galegas teñen asignada unha cota de produción global do 30,8% do total de España. Pero debe destacarse a gradual mellora da dimensión media (nun 10% entre 1999 e 2000) e do número medio de vacas por explotación, proceso que debera reforzarse co novas políticas estruturais, de desenvolvemento rural e de cohesión da UE para rexións agrarias, como Galicia.

O subsector forestal contribuíu ó 15,1% da produción final agraria (PFA) en 1999 –fronte ó 12,4% do ano anterior–. A produción de madeira e leña en Galicia ascendeu en 2000 a 5.733,5 miles de metros cúbicos con cortiza, dos que 2.891,6 miles de metros cúbicos pertencen a coníferas. En relación ó destino da produción de madeira nese ano, a meirande parte da mesma corresponde a madeira para tritución, co 62,4%, seguida do destino de toros, co 33,8%. Este predominio prodúcese en tódalas provincias galegas agás en Ourense, onde a produción de toros

representa o 63,7% e a de madeira para tritución o 31,3%.

A renda agraria ou valor engadido bruto ó custo de factores diminúe un 1,3%, acadando os 909,6 millóns de euros en 1999 (último dato dispoñible).

E evolución dos prezos percibidos (+2,7%) verbo do IPC (3,5%) e dos prezos pagados polos agricultores no caso dos bens de investimento (incremento superior ó 5%) non é allea a esta tendencia.

Dentro do subsector mar-industria, cómpre salienta-lo descenso da produción pesqueira en Galicia, un 7,3% inferior respecto ó ano 2000, situándose nas 134.332,8 toneladas. O valor da produción dos produtos considerados acadou un total de 334.863,8 miles de euros, un 3,6% menos que o acadado no ano 2000: A diferenza do acontecido no caso da produción, que rexistra un descenso nos diferentes grupos de especies, o valor da mesma aumenta no caso dos cefalópodos e dos crustáceos.

A produción marisqueira en Galicia no ano 2001, descendeu un 36,1% respecto ó ano anterior, acadando as 5.124,3 toneladas. Este descenso prodúcese no caso da ameixa babosa, fina e xapónica, e sobre todo, no berberecho, que experimenta unha caída do 64,8%. O valor da produción marisqueira acadou os 35.103 miles de euros, un 21,1% menos que no 2000, producíndose a caída do valor da mesma, no berberecho (52%) e nas ameixas fina, xapónica e babosa.

A produción acuícola no ano 2000 ascendeu a 253.350,7 toneladas (un 6,8% inferior á experimentada en 1999), sendo o seu valor de 143.269,4 miles de euros (un 4,8% menos que no ano anterior). Atendendo ós diferentes tipos de especies, salienta a importancia do mexilón, que significa o 96,4% da produción acuícola galega, cun total de 244.127,7 toneladas, e o 68,5% do



CADRO C.3.14.

Sector primario 1999-00: taxas de crecemento nominal

	Sector Primario	Agro-gandeiro	Mar industria	Silvicultura madeira
	(%)			
Ingresos de explotación	8,32	7,10	8,10	11,89
VEB	7,54	8,18	9,53	4,19
Gastos de persoal	9,57	8,77	9,72	10,55
Rtdo. neto do exercicio	13,20	27,81	10,43	1,75
Rtdo. de actividades ordinarias	2,82	11,77	5,71	-8,29
Rtdo. antes de impostos	10,50	23,81	10,69	-2,65
Rendibilidade Económica	↓	↓	↓	↓
Rendibilidade Financeira	↓	↓	↓	↓
Gastos persoal / ingresos	↑	↑	↑	↑
Carga financeira / ingresos	↑	=	↑	↑

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos Ardán

CADRO C.3.15.

Investimento e financiamento nas empresas do sector primario 1999-00: taxas de crecemento nominal

	Sector Primario	Agro-gandeiro	Mar industria	Silvicultura madeira
Activo total	10,95	11,90	9,43	12,15
Activo fixo (neto)	12,06	14,52	11,64	9,64
Circulante neto	10,14	10,16	7,83	14,29
Financiamento permanente	9,42	10,68	7,47	11,27
Fondos propios	10,72	11,01	9,44	12,16
Recursos alleos l/p	5,29	7,81	3,19	6,38
Ingresos distribuídos en varios exercicios	13,85	22,40	8,94	34,41
Acreedores a curto prazo	12,51	12,89	11,74	13,14
Fondo de rotación	-4,02	-21,26	-7,11	22,04

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos Ardán

CADRO C.3.16.

Sector primario 1999-00: estudio económico-financiero

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
2000	5,90	8,26	16,39	26,00	11,70	17,90	2,01	3,08	0,81	1,01	2,84	3,40
1999	6,52	10,90	16,06	26,32	11,34	17,88	2,10	3,16	0,76	0,94	2,82	3,44

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
2000	5,39	6,15	2,45	3,38	2,11	1,84	11,87	15,97	2,25	2,34	2,16	2,49
1999	5,58	6,33	2,48	3,40	2,17	1,85	13,53	17,99	2,08	2,19	2,26	2,59

Fonte: Ardán



Sector primario 1999-00: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

Núcleos	1999	2000	00/99
	(en millóns de €)		(%)
Vigo	236,87	262,29	10,7
A Coruña	129,78	144,11	11,0
Santiago	100,42	103,90	3,5
Pontevedra	34,26	40,38	17,9
Redondela	40,34	39,73	-1,5
O Porriño	35,72	38,66	8,2
Carballo	37,51	37,62	0,3
Cangas	29,90	37,01	23,8

Fonte: Ardán

valor da mesma, con 98.030,7 miles de euros.

Atendendo á análise das variables empresariais das empresas pertencentes ó sector primario e industrias relacionadas, formadas polos subsectores agro-gandeiro, mar-industria e silvicultura-madeira, está formado, no ano 2000, por un total de 2.750 empresas (non considera as cooperativas), o que representa o 22,2% do total de empresas galegas consideradas por Ardán, e presentan un emprego medio de 20 traballadores por empresa

As actividades relacionadas co subsector agro-gandeiro son as que engloban un maior número de empresas (1.213 empresas) xerando o 46,7% do total de ingresos de explotación do sector primario e o 36% do valor engadido bruto a custo de factores. As 731 empresas pertencentes ó subsector mar-industria, xeran o 36,8% do valor engadido bruto.

No ano 2000 as empresas do sector primario e industrias relacionadas, consideradas no seu conxunto, presentaron un crecemento do seu resultado neto do exercicio do 13,2% para situarse nos 81,3 millóns de euros (o resultado antes de impostos medrou un 10,5%, ascendendo a 118,1 millóns de euros). O resultado de actividades ordinarias ascendeu a 103,9 millóns, un 2,8% máis que no ano precedente.

O sector primario e industrias relacionadas amosa un incremento do VEB do 2,8%, 7,6 puntos inferior ó crecemento experimentado polo conxunto das empresas galegas consideradas. Aínda así, teñen un forte peso dentro do total do VEB xerado polo conxunto de empresas de Galicia, un 18,2%.

O peso relativo do VEB permanece practicamente constante, pasando dos 13,7% de 1999 ata os 13,6% do ano 2000. En termos absolutos, o VEB acadou os 1.454,3 millóns de euros (o 18,2% do total galego) e os ingresos de explotación os 10.706,1 millóns de euros (o 25,8%).

A carga financeira mellorou no ano 2000 un 12,9% para situarse en -45,3 millóns de euros (un -0,5% dos ingresos de explotación). O indicador do nivel de actividade carga financeira/ingresos de explotación acadou o 0,81% no ano 2000 (0.76% no ano anterior).

Os gastos de persoal das empresas do sector primario seleccionadas por Ardán acadaron os 907,1 millóns de euros, un 9,6% máis que o ano anterior, premanecendo practicamente constante o peso relativo destes gastos respecto ós ingresos de explotación (8,38% e 8,47% nos anos 1999 e 2000, respectivamente). O indicador do nivel de actividade gastos de persoal/ingresos de explotación medrou dende o 11,34% ata o 11,70% de 2000.



Ingresos de explotación, gastos de persoal e persoas ocupadas na industria nas CC.AA. 1999-00: taxas de crecemento

	Ingresos de explotación	Gastos de persoal (%)	Persoas ocupadas
Andalucía	14,4	4,2	0,9
Aragón	13,3	10,6	5,8
Asturias	15,6	7,7	4,9
Baleares	14,1	0,5	-1,6
Canarias	14,1	-1,9	-8,9
Cantabria	10,0	7,2	4,1
Castela - A Mancha	9,8	-0,9	-6,3
Castela e León	9,0	7,5	0,3
Cataluña	12,1	6,9	0,2
C. Valenciana	10,5	10,1	2,3
Extremadura	19,4	9,5	-0,3
Galicia	15,6	8,1	5,0
Madrid	14,5	9,3	5,7
Murcia	18,8	9,3	4,0
Navarra	11,7	7,9	3,1
País Vasco	8,7	7,7	0,1
La Rioja	11,3	6,9	-0,3
Total	12,4	7,4	1,5

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos INE, Encuesta Industrial Anual de Empresas

O balance agregado das empresas deste sector amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 12,5% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 460,3 millóns de euros, un 4% inferior ó existente o ano anterior. O 87,5% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concerne ás fontes de financiamento, o 49,8% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 10,7% respecto ó ano anterior, supoñen o 32,4% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 5,3%, cun peso relativo do 13,6% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 6.418,3 millóns de pesetas, un 11% superior ó valor de 1999, dos que 2.738,7 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 12,1% superior en relación ó ano anterior). Os 3.679,6 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 10,1% en relación a 1999.

A rendibilidade económica rexistra unha caída de dúas décimas no ano 2000, situándose

se en 5,39%, en tanto que a rendibilidade financeira antes de impostos descende un punto e seis décimas para situarse no 11,9%. Ámbalas dúas son inferiores ás rendibilidades experimentadas polas 12.394 empresas seleccionadas, consideradas no seu conxunto.

Vigo, cun total de 262,3 millóns de euros, é o principal núcleo de localización segundo ó valor engadido bruto xerado polas empresas. Séguelle en importancia A Coruña e Santiago, cun valor engadido bruto xerado de 144,1 millóns de euros e 103,9 millóns, respectivamente. Estes tres municipios acollen o 35,1% do VEB xerado por este sector.

3.- Sector industrial

Cadros C.3.18. a C.3.24.

Segundo a Encuesta industrial anual de empresas do INE, no ano 2000 (último ano dispoñible) hai 157.373 persoas ocupadas na industria, destacando por actividades a de “material de transporte” con 26.476 persoas ocupadas, seguida da de “alimentación, bebidas e tabacos”, 25.238, e pola actividade de “industria téxtil, confección, coiro e calzado”,

CADRO C.3.19.

Principais variables económicas da industria 1999-00: taxas de crecemento segundo actividade económica.

	Galicia			España		
	Ingresos de explotación	Gastos persoal	Persoas ocupadas	Ingresos de explotación	Gastos persoal	Persoas ocupadas
	(%)					
Industrias extractivas, enerxía e auga	-1,0	-6,8	4,1	32,7	1,1	-0,1
Alimentación, bebidas e tabaco	10,2	6,1	1,2	1,5	2,2	-3,5
Industria téxtil, confección, coiro e calzado	66,0	22,4	15,6	4,9	2,2	-2,0
Madeira e corcho	15,0	15,3	6,8	11,0	7,9	2,7
Papel, edición, artes gráficas	31,3	22,0	12,4	18,6	15,2	9,1
Industria química	27,7	-0,5	12,0	15,9	4,8	1,7
Caucho e materias plásticas	1,3	9,4	6,0	11,8	13,9	7,8
Productos minerais non metálicos diversos	4,1	13,4	6,8	5,5	7,5	2,1
Metalurxia e fabricación de prod. metálicos	30,4	13,2	5,6	13,4	11,4	2,8
Maquinaria e equipo mecánico	-11,1	10,2	4,5	8,4	10,6	5,4
Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	20,7	10,7	6,1	12,1	8,7	1,1
Material de transporte	20,4	4,4	1,5	10,8	6,7	2,1
Industrias manufactureiras diversas	-15,7	2,4	-18,4	10,8	8,0	0,0
Total industrial	15,6	12,1	5,0	12,4	7,4	1,5

Fonte: INE, Encuesta Industrial Anual de Empresas

CADRO C.3.20.

Índice de Producción Industrial de Galicia 1999-01

	1999	2000	2001	00/99	01/00
	(Base 1990=100)			(%)	
Índice Xeral	136,2	152,4	162,0	11,8	6,3
Por ramas de actividade:					
Enerxía e Auga	100,9	114,4	120,2	13,4	5,1
Extracción e transformación de minerais non enerxéticos.					
Industria Química	153,7	156,5	156,3	1,8	-0,2
Ind. Transformación de Metais. Macánica de precisión	175,5	220,1	246,1	25,4	11,8
Outras industrias manufactureiras	137,8	140,2	145,6	1,7	3,9
Por destino económico:					
Bens de consumo	125,0	136,5	144,8	9,2	6,1
Bens intermedios	135,7	154,6	162,4	13,9	5,1
Bens de equipamento	165,7	179,3	200,6	8,2	11,9
IPIGA sen enerxía	154,8	172,3	183,8	11,3	6,7

Fonte: IGE

con 23.187, englobando estas tres actividades o 47,6% da poboación ocupada na industria en Galicia.

Por ingresos de explotación, a actividade de “material de transporte” é a máis destacable, con 7.807 millóns de euros, o que representa máis da cuarta parte do total de ingresos de explotación da industria en Galicia no ano 2000. Séguenlle en inimportancia as “industrias de alimentación, bebida e tabaco” con 4.355,8 millóns de euros e a “industrias extractivas, enerxía e auga”, con 4.332,5 millóns de euros.

A evolución dos ingresos de explotación da industria no período 1999/2000 amosa un

crecemento de 3.638 millóns de euros. Destacan polo forte crecemento, tanto en termos absolutos como relativos, os ingresos de explotación das “material de transporte” (750 millóns de euros máis que en 1999) e das “industrias do téxtil, confección, coiro e calzado” (1.324,8 millóns de euros máis que no ano anterior). Polo contrario, “industrias extractivas, enerxía e auga”, “maquinaria e equipo mecánico” e “industrias manufactureiras diversas” son as actividades que rexistran un descenso dos ingresos de explotación.

Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia ocupa a sexta posición no que á cifra de negocios, ingresos de explotación, total de consumos e gastos de explota-



CADRO C.3.21.

Resumo do sector industrial 1999-00: taxas de crecemento nominal

	Sector Industrial	Enerxía	Bens de equipamento	Bens intermedios	Bens de consumo
	(%)				
Ingresos de explotación	18,00	3,31	18,20	15,74	20,84
VEB	10,86	14,13	6,38	10,59	18,88
Gastos de persoal	10,87	3,04	8,41	7,54	20,03
Rtdo. neto do exercicio	24,36	8,43	-14,99	26,98	61,31
Rtdo. de actividades ordinarias	21,57	8,10	-5,46	21,70	50,82
Rtdo. antes de impostos	19,07	8,38	-13,08	25,36	52,83
Rendibilidade Económica	↓	↓	↓	↓	↑
Rendibilidade Financeira	↓	↓	↓	↓	↓
Gastos persoal / ingresos	↑	↑	↑	↑	↑
Carga financeira / ingresos	↑	↑	↑	↓	↑

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos *Ardán*



CADRO C.3.22.

Investimento e financiamento nas empresas do sector industrial 1999-00: taxas de crecemento nominal

	Sector Industrial	Enerxía	Bens de equipamento	Bens intermedios	Bens de consumo
	(%)				
Activo total	14,23	12,11	12,72	20,48	12,62
Activo fixo (neto)	14,92	12,43	9,36	26,20	14,27
Circulante neto	13,75	11,34	13,98	16,82	10,89
Financiamento permanente	14,30	15,45	10,29	23,73	11,40
Fondos propios	15,52	8,25	9,61	24,74	18,29
Recursos alleos l/p	10,81	21,61	13,97	18,09	-11,78
Ingresos distribuidos en varios ejercicios	14,65	8,29	4,82	33,17	20,50
Acreedores a curto prazo	14,16	0,79	14,41	17,12	13,92
Fondo de rotación	11,44	50,37	12,11	15,57	-324,07

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos *Ardán*

ción e de persoas se refire, por detrás de Andalucía, Cataluña, C. Valenciana, Madrid e o País Vasco. O peso relativo do volume total de consumos galegos no total estatal acada o 6,8%, en tanto que no caso do volume total da cifra de negocios ingresos de explotación e de gastos de explotación, este chega ó 6,3% e no caso dos gastos de persoas, a súa importancia relativa no total estatal é do 5%. Cómpre salientar ditas porcentaxes tendo en conta que a participación da economía galega no total estatal foi no ano 2000 do 5,48%.

Nas diferentes ramas de actividade, destaca por unha banda o importante crecemento

da “industria de transformación de metais. Mecánica de precisión” que, cun 11,8%, case duplica á taxa de crecemento do índice xeral (6,3%). Pola contra, a rama de “extracción e transformación de minerais non enerxéticos. Industria química” descende un 0,2%, cando no ano anterior rexistrou un crecemento do 1,8%.

Segundo o destino económico, só os índices de produción industrial dos bens de equipamento e o Ipiga sen ter en conta o sector enerxético presentan un crecemento, respecto ó ano anterior, superior ó índice xeral. O primeiro presenta a maior taxa de crece-



CADRO C.3.23.

Sector industrial 1999-00: estudo económico-financeiro

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega
	(%)											
2000	7,51	8,26	21,06	26,00	14,81	17,90	3,04	3,08	1,00	1,01	3,03	3,40
1999	11,27	10,90	20,73	26,32	14,20	17,88	3,21	3,16	0,93	0,94	3,17	3,44

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega
	(%)											
2000	6,34	6,15	3,30	3,38	1,89	1,84	15,85	15,97	2,33	2,34	2,42	2,49
1999	6,67	6,33	3,34	3,40	1,93	1,85	18,33	17,99	2,21	2,19	2,52	2,59

Fonte: Ardán

mento, cun 11,9%, en tanto que o Ipiga sen a enerxía medra un 6,7%. Os índices correspondentes ós bens de consumo e bens intermedios medran un 6,1% e 5,1%, respectivamente.

Finalmente, concretando a análise do sector coas variables empresariais consideradas polo Ardán, o sector industrial galego, composto polos subsectores enerxético, bens de equipamento, intermedios e bens de consumo, está formado 3.685 empresas (non se consideran as industrias relacionadas co sector primario, analizadas ó estudialo mesmo), o que representa o 29,7% do total das empresas seleccionadas para o conxunto de Galicia. O seu emprego medio foi de 30 traballadores por empresa, segundo os datos facilitados por elas mesmas.

A conta de explotación agregada das empresas do sector industrial amosa que no ano 2000 as empresas do sector industrial, consideradas no seu conxunto, presentaron un crecemento do seu resultado neto do exercicio do 24,4% para situarse nos 698,8 millóns de euros. Asemade, amosa que o

resultado antes de impostos medrou un 19,1% ascendendo a 943,6 millóns de euros, e que o resultado de actividades ordinarias medrou un 21,6% para situarse en 976,3 millóns de euros. Estas porcentaxes son superiores ó 15,6% anotado polo INE para os ingresos de explotación no 2000.

Esta mellora do resultado de actividades ordinarias ven producida principalmente polo crecemento da facturación das empresas e, en menor medida, pola redución do peso relativo dos gastos de persoal (10% dos ingresos de explotación fronte ós 10,6% do ano 1999). O resultado financeiro, despois dunha medra do 294,8%, acada os 68,9 millóns de euros fronte ós -35,4 millóns de euros do ano anterior.

As empresas industriais xeraron un VEB a custo de factores de 3.503,9 millóns de euros no ano 2000 (o 43,8% do total xerado polas empresas galegas consideradas), e uns ingresos de explotación de 20.515,9 millóns de euros. Comparado co ano anterior, o VEB medrou un 10,9%, 7,1 puntos menos que o que o fan os ingresos de explotación, polo





Sector industrial 1999-00: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

Núcleos	1999	2000	00/99
	(en millóns de €)		(%)
Vigo	972,34	1.056,03	8,61
Arteixo	530,04	639,62	20,67
A Coruña	294,86	325,70	10,46
O Porriño	134,70	166,52	23,63
Santiago	111,98	126,82	13,25
Narón	81,61	89,55	9,73
San Cibrao das Vías	66,86	70,26	5,09
Ferrol	66,82	56,70	-15,14

Fonte: Ardán

que o peso relativo do VEB descende dende o 18,2% de 1999 ata o 17,1% do ano 2000.

Respecto ó balance agregado das empresas deste sector, cómpre salientalo esforzo feito polas empresas do sector, xa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 14,8% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 1.056,3 millóns de euros, un 11,4% superior ó existente o ano anterior. O 85,2% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 49,9% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 15,5% respecto ó ano anterior, supoñen o 36,4% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 10,8%, cun peso relativo do 12,4% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 12.149,6 millóns de euros, un 14,2% superior ó valor de 1999, dos que 5.006,3 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 14,9% superior respecto ó ano anterior). Os 7.143,3 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 13,8% en relación a 1999.

As rendibilidade económica e financeira antes de impostos descenden no ano 2000. A primeira por mor da evolución seguida pola marxe de actividade e a rotación de activos, e a segunda pola evolución seguida pola rendi-

bilidade económica, e a medra do custo da débeda neste ano. Ó contrario do acontecido ano anterior, neste ano a rendibilidade financeira das empresas do sector industrial consideradas é lixeiramente inferior ás rexistradas polas 12.394 empresas galegas analizadas por Ardán, consideradas no seu conxunto.

Vigo, por mor, fundamentalmente, do papel das industrias relacionadas coa automoción, é o principal núcleo de localización das empresas segundo a xeración do valor engadido bruto, con 1.056 millóns de euros, un 8,6% máis que no ano anterior. O VEB xerado polas empresas de automoción en Vigo ascendeu no ano 2000 a 783,7 millóns de euros, o que representa o 74,2% do VEB xerado neste municipio polo sector industrial.

Séguelle en importancia Arteixo, cun VEB xerado de 639,6 millóns de euros, dos que o 92% (588,3 millóns de euros) é aportado polas empresas do sector téxtil. Pódese salientar tamén, o caso de Narón, onde as empresas englobadas dentro da industria auxiliar, aportan o 86,7% (77,7 millóns de euros) do VEB total xerado neste municipio (89,6 millóns de euros).

As 1.889 empresas que compoñen o subsector de bens de equipamento experimentaron, en conxunto, unha caída do seu resultado neto do exercicio, do resultado de actividades ordinarias e do resultado antes de impostos, en termos absolutos, os 171,1





CADRO C.3.25.

Sector construcción e obras públicas 1999-00: estudio económico-financiero

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
2000	13,09	8,26	32,32	26,00	24,09	17,90	3,65	3,08	1,13	1,01	3,33	3,40
1999	15,59	10,90	33,45	26,32	25,03	17,88	3,56	3,16	1,07	0,94	3,21	3,44

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)						(%)					
2000	6,28	6,15	3,78	3,38	1,72	1,84	20,08	15,97	2,30	2,34	3,42	2,49
1999	5,88	6,33	3,65	3,40	1,70	1,85	19,90	17,99	2,12	2,19	3,58	2,59

Fonte: Ardán

millóns de euros, 282,4 e 268,2 millóns de euros, respectivamente. Estas empresas xeraron un VEB de 1.618 millóns de euros (un 6,4% máis que en 1999), o que representa o 46,2% do VEB industrial.

Dentro do subsector industrial de bens de equipamento salientan, pola súa importancia en Galicia, os subsectores automoción e naval, que representan o 31,9% e 4,4%, respectivamente, do VEB industrial.

O subsector de bens intermedios presenta unha medra do resultado neto do exercicio e do resultado antes de impostos lixeiramente superior ó 25%, en tanto que o crecemento do resultado de actividades ordinarias está en torno ó 27%. As 887 empresas que compoñen este subsector xeraron un VEB de 741,9 millóns de euros (un 10,6% máis que en 1999), o que significa o 21,2% do VEB industrial.

Dentro deste subsector cómpre salienta-la importancia da industria extractiva, onde as 236 empresas consideradas xeran o 6,8% do VEB industrial.

No subsector de bens de consumo, o resultado neto do exercicio das 768 empresas consideradas medrou un 61,3% mentres que o resultado antes de impostos e o resultado de actividades ordinarias o fan nunha porcentaxe por riba do 50%.

As 560 empresas da industria téxtil, pertencentes a este subsector de bens de consumo, acollen o 24,3% do VEB industrial.

As 141 empresas enerxéticas consideradas, presentan un crecemento do resultado neto do exercicio, o resultado antes de impostos e o resultado de actividades ordinarias lixeiramente superior ó 8%. Asemade, a diferenza do acontecido no sector industrial e nos diferentes subsectores, as empresas enerxéticas experimentan, en conxunto, un crecemento do VEB superior ó rexistrado polos ingresos de explotación: 14,1% e 3,3%, respectivamente.

Finalmente, os catro subsectores industriais presentan un descenso das súas rendibilidades financeiras antes de impostos, mentres que no caso da rendibilidade económica,





Sector construción e obras públicas 1999-00: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

Núcleos	1999	2000	00/99
	(en millóns de €)		(%)
A Coruña	855,80	1.064,70	24,41
Vigo	198,08	242,18	22,26
Pontevedra	142,39	171,68	20,57
Santiago	73,75	90,12	22,19
Ourense	79,20	86,51	9,23
Arteixo	55,62	61,14	9,92
Lugo	39,14	54,87	40,17
O Porriño	32,29	35,10	8,72

Fonte: Ardán

esta descende en tódolos subsectores agás no de bens de consumo. A pesares desta evolución, os subsectores de bens de equipamento e bens intermedios presentan unha rendibilidade económica superior á media galega, en tanto que no caso da rendibilidade financeira, son todos inferiores agás as empresas da industria de bens intermedios.

4.- Construción

Cadros C.3.4., C.3.5., C.3.9., C.3.25. e C.3.26.

A poboación ocupada no sector da construción ascendeu a 118,3 miles de persoas, sendo o seu peso relativo no total galego do 12,0%, fronte ó 11,8% no ano 2000. En termos absolutos, o aumento da ocupación entre ámbolos dous anos considerados é de 1,7 miles de persoas, o que representa un incremento do 1,5% respecto ó ano anterior.

A licitación oficial de tódalas administracións, considerada como un estimador da tendencia de actividade nos próximos meses, foi un 32,0% superior á rexistrada no ano 2000 en Galicia. Esta medra prodúcese fundamentalmente polo crecemento da licitación pública total en edificación, que aumenta un 78,7%, en tanto que a licitación pública da obra civil medrou un 8,5%.

A licitación oficial da administración autonómica medrou un 45,3% respecto ó ano anterior, producíndose un crecemento do

25,8% no caso da obra civil e do 73,2% no caso da obra en edificación.

Respecto ó consumo de cemento, ó longo do ano 2001 consumíronse en Galicia un total de 2.719.767 toneladas, o que representa o 6,5% do total consumido en España. Comparado cos datos rexistrados no ano anterior, o consumo de cemento medrou un 10,1% en Galicia fronte a un crecemento do 9,7% no conxunto do estado

No eido da construción de vivendas prodúcese unha medra das vivendas rematadas e, pola contra, un descenso das iniciadas.

Atendendo ó criterio de selección de empresas realizado por Ardán, o sector da construción acolle un total de 3.631 empresas (o 29,3% do total de empresas seleccionadas), cun emprego medio de 19 traballadores. O VEB a custo de factores xerado por estas empresas ascendeu a 1.781,4 millóns de euros, que representa o 22,2% do VEB total xerado polo conxunto de empresas galegas consideradas.

A conta de explotación agregada das empresas constructoras reflicte que 2000 foi un bo ano para as empresas do sector da construción, sendo o sector máis dinámico dese ano, como quedou anotado na anterior Memoria sobre a situación económica e social do CES-Galicia. Por unha banda, o resultado neto do exercicio (341,7 millóns de euros) e o resultado antes de impostos (492





CADRO C.3.27.

Locais maioristas nas CC.AA. 1999-00 ⁽¹⁾: distribución segundo subsectores

	Total 1999	Total 2000	Intermediarios de comercio	Materias primas agrarias-alimentación	Productos de consumo no alimenticios	Productos no agrarios semielaborados	Maquinaria e equipamento	Outros
Andalucía	29.711	30.149	7.201	11.441	4.651	3.557	2.900	399
Aragón	6.508	6.762	1.612	2.145	1.081	887	937	100
Asturias	5.214	5.145	1.432	1.488	748	860	568	49
Baleares	4.439	4.465	1.117	1.335	1.019	537	401	56
Canarias	9.105	9.236	1.693	3.433	2.286	740	884	200
Cantabria	2.208	2.201	584	786	310	317	177	27
Castela-A Mancha	7.355	7.530	1.407	3.154	942	1.228	718	81
Castela e León	11.181	11.124	2.119	4.882	1.318	1.604	1.095	106
Cataluña	43.040	42.915	12.377	8.339	10.303	5.411	5.728	757
C. Valenciana	25.070	25.456	6.504	6.598	5.703	3.749	2.555	347
Extremadura	4.098	4.012	771	1.659	506	636	373	67
Galicia	14.098	14.231	2.584	5.266	2.107	2.571	1.539	164
Madrid	26.760	28.119	6.832	4.691	8.461	3.140	4.404	591
Murcia	6.521	6.651	1.663	2.551	890	807	647	93
Navarra	2.113	2.357	505	811	326	420	270	25
País Vasco	12.387	12.488	4.414	2.430	1.671	2.095	1.653	225
A Rioxa	1.732	1.745	515	590	242	207	161	30
Ceuta e Melilla	841	820	98	247	286	125	24	40
Total	212.381	215.406	53.428	61.846	42.850	28.891	25.034	3.357

(1) os datos fan referencia a 1 de xaneiro do ano seguinte
 Fonte: INE, Directorio Central de Empresas (DIRCE)

millóns) medraron en torno ó 25%, e o resultado de actividades ordinarias (456,6 millóns) o fixo preto do 18% en relación ó ano precedente.

Por outra, o crecemento do VEB no ano 2000 medrou un 15,2%, e os ingresos de explotación, crecen un 16,6% polo que o peso relativo do VEB descende lixeiramente dende o 27,04% de 1999 ata o 26,73% do ano 2000. Asemade, a importancia relativa do cash-flow acada o 6,9% dos ingresos de explotación en 2000 fronte o 6,6% do ano anterior.

En relación ó estudio do balance agregado das empresas deste sector, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fíxo neto e un 28% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 1.729,4 millóns de euros, un 84,9% superior ó existente no ano anterior. O 72% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 43,8% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 15,2% respecto ó ano anterior, supoñen o 22,4% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 87,2%, cun

peso relativo do 21,2% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 7.922,6 millóns de euros, un 11,8% superior ó valor de 1999, dos que 1.743,8 millóns de euros corresponden ó activo fíxo neto (un 14,4% superior respecto ó ano anterior). Os 6.178,8 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 11,1% con relación a 1999.

As rendibilidades económica e financeira antes de impostos aumentan no ano 1999, sendo superiores ás rexistradas polas 12.394 empresas galegas analizadas consideradas no seu conxunto. A rendibilidade económica ascendeu en 2000 ó 6,28% fronte ó 6,15% da economía galega, en tanto que no caso da rendibilidade financeira, as porcentaxes foron do 20,08% e do 15,97% no caso das empresas do sector da construción e no caso global de Galicia, respectivamente.

O principal núcleo de localización segundo ó valor engadido bruto xerado polas empresas é A Coruña, cun total de 1.064,7 millóns de euros, un 24,4% máis que no ano



CADRO C.3.28.

Viaxeiros, pernoctacións e estadia media en establecementos hoteleiros 2000-01

2000

	Viaxeiros			Pernoctacións			Estadia media
	Total	Residentes en España	Residentes no estranxeiro	Total	Residentes en España	Residentes no estranxeiro	
Galicia	2.528.436	2.078.835	449.601	5.848.583	4.947.402	901.181	2,31
A Coruña	1.092.917	849.374	243.543	2.534.946	2.037.191	497.755	2,32
Lugo	384.688	345.576	39.112	571.280	520.157	51.123	1,49
Ourense	160.366	149.866	10.500	326.611	310.117	16.494	2,04
Pontevedra	890.466	734.016	156.450	2.415.745	2.079.935	335.810	2,71
España	59.282.522	32.132.992	27.149.531	227.143.571	83.381.971	143.761.600	3,83

2001 (1)

	Viaxeiros			Pernoctacións			Estadia media
	Total	Residentes en España	Residentes no estranxeiro	Total	Residentes en España	Residentes no estranxeiro	
Galicia	2.522.633	2.066.564	456.069	5.851.992	4.964.215	887.777	2,32
A Coruña	1.030.900	792.411	238.489	2.386.410	1.926.754	459.656	2,31
Lugo	404.221	363.170	41.051	656.970	597.008	59.962	1,63
Ourense	181.172	169.276	11.896	377.782	352.410	25.372	2,09
Pontevedra	906.342	741.709	164.633	2.430.834	2.088.045	342.789	2,68
España	59.880.653	32.875.543	27.005.110	228.549.405	85.060.812	143.488.593	3,82

(1) datos provisionais
Fonte: INE, Encuesta de ocupación hotelera

CADRO C.3.29.

Oferta turística 2000-01

	2000			2001		
	número	habitacións	prazas	número	habitacións	prazas
Hoteis	477	19.253	34.677	506	19.801	35.727
Hostais e pensións	612	9.824	16.701	697	10.276	17.588
Fondas e casas de hóspedes	1.048	7.803	12.644	1.053	7.549	12.760
Campings	111		33.674	109		31.700
Apartamentos	37	434	1.759	41	549	1.981
Establecementos de turismo rural	283	1.579	3.108	338	1.945	3.819
Paradores	9	554	1.050	9	554	1.050
Balnearios	13	768	1.445	14	970	1.843
	número		prazas	número		prazas
Restaurantes	4.833		300.494	4.875		292.804
Cafeterías	1.445		94.955	1.455		90.439

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Dirección Xeral de Turismo

CADRO C.3.30.

Transporte de mercadorías e pasaxeiros 2000-01: datos xerais

		Mercadorías					Pasaxeiros		
		2000	2001	01/00			2000	2001	01/00
		(%)					(%)		
Estrada (1)	(en miles de Tm.)	64.294	35.843	-44,3	(en miles de persoas)		57.188	57.598	0,7
Ferrocarril (2)		2.911.345	2.491.417	-14,4			6.888.466	5.807.146	-15,7
Marítimo (3)	(en Tm.)	27.496.148	27.377.533	-0,4	(en persoas)		100.525	85.235	-15,2
Marítimo (4)		1.803.544	1.576.079	-12,6			1.975.472	645.112	
Aéreo		10.794.465	8.655.142	-19,8			2.593.488	2.681.001	3,4

(1) O dato de transporte de mercadorías do 2001 corresponde ó primeiro trimestre, e a taxa de variación, ó crecemento respecto ó mesmo período do ano anterior. Os datos de transporte de pasaxeiros por estrada refírense unicamente ó transporte urbano en autobús

(2) sumados orixe e destino

(3) tráfico nos portos do Estado

(4) tráfico nos portos de Portos Galicia. No caso dos pasaxeiros, no ano 2001 faltan por computar os de Portugal

(5) No caso dos pasaxeiros non se inclúen pasaxeiros en tránsito directo internacional nin Outras Clases de Tráfico (OTC), e no caso das mercadorías, non se inclúen as mercadorías en OTC

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE, Puertos del Estado, Portos Galicia, Renfe e AENA

anterior, seguido de Vigo e Pontevedra, cun valor engadido bruto xerado de 242,2 e 171,7 millóns de euros, respectivamente. Entre os tres núcleos de localización acollen o 83% do VEB total xerado polas empresas construtoras analizadas.

5.- Servicios

Cadros C.3.27. a C.3.31.

As consideracións sobre o sector servicios agrúpanse segundo os seus cinco grandes subsectores: comercio, turismo, transporte e comunicacións, servicios empresariais e, finalmente, os servicios relacionados coa educación e a saúde.

• Comercio

O subsector comercio por xunto acolle no ano 2000 un total de 14.231 locais comerciais e 12.766 empresas (o que representa o 6,6% do total estatal), sendo a actividade de comercio o por maior de produtos alimenticios, bebidas e tabaco a máis importante ó acoller preto dun 27% das empresas e locais (Fonte: Dirce).

A poboación ocupada no comercio por xunto e polo miúdo acadou os 121,7 miles de persoas (5,4 miles de ocupados menos que no ano 2000), o que representa o 23,2% do total de persoas ocupadas no sector servicios.

O número de actividades comerciais do comercio polo miúdo foi de 56.968 establecementos neste ano (o 33,4% dos mesmos pertence ó grupo da alimentación), cunha superficie total de venda de 5,3 millóns de metros cadrados (o que significa 92,2 metros cadrados de media por establecemento, fronte ós 101,9 de España).

O valor medio da facturación do total da rama do comercio polo miúdo no ano 2001, medido a través do Índice de vendas do comercio polo miúdo publicado polo IGE, supón unha retracción do consumo en 2,8

puntos porcentuais verbo de 2000 para medrar só un 3,7%. Se a esto engadimos a caída (-1%) na matriculación total de vehículos, o comportamento da demanda interna semella que comeza a contribuir moi pouco ó dinamismo da economía galega.

O índice de vendas en establecementos non especializados rexistrou un aumento medio do 5,8% respecto ó ano 2000, sendo este crecemento do 4,1% no caso das grandes superficies. No concenrente ó comercio especializado, este medra, en conxunto, un 2,3% respecto ó ano 2000, sendo do 5,9% no caso do equipamento persoal e do 3,5% no caso da alimentación.

• Turismo

O subsector turismo en Galicia segue a experimentar un descenso no número de visitantes. O número de viaxeiros chegados ós establecementos hoteleiros ascendeu a 2.522.633 persoas (5.803 menos que en 2000), dos que o 81,9% son residentes en España, en tanto que o 18,1% restante proceden do estranxeiro. Comparado coa evolución no conxunto do estado, fronte ó descenso de turistas en Galicia (un 0,2% menos que no ano anterior) en España medra o número de visitantes un 1% respecto ó ano anterior.

Segundo os datos da EPA, no ano 2001 o número de traballadores ocupados no subsector ("Hoteis, restaurantes e bares") ascendeu a 50,0 miles de traballadores (50,3 miles de persoas no ano anterior).

Respecto á situación da oferta turística de Galicia no ano 2001, cómpre salientalo aumento do número de establecementos hoteleiros e de establecementos de turismo rural así como o descenso no número prazas nos campings galegos

Os datos empresariais reflicten que este grupo de actividades estaba composto por 627 empresas (fonte: Ardán) cun emprego medio de 16 traballadores. O seu valor enga-





Usuarios de Internet ⁽¹⁾ nas CC.AA. 2000-01

	2000	2001
	(% da poboación rexional)	
Andalucía	10,1	18,2
Aragón	12,2	18,1
Asturias	10,7	22,7
Baleares	13,7	21,9
Canarias	11,7	19,1
Cantabria	9,3	19,1
Castela e León	8,8	16,0
Castela-A Mancha	8,3	12,3
Cataluña	18,6	26,6
Comunidade Valenciana	12,5	21,6
Extremadura	6,9	14,0
Galicia	8,2	14,6
Madrid	16,3	23,4
Murcia	8,0	18,5
Navarra	13,8	17,3
País Vasco	14,0	25,1
A Ríoxa	17,3	24,3
Total	12,6	19,1

(1) uso nos últimos 30 días
Fonte: Asociación de usuarios de internet



dido bruto a custo de factores ascendeu a 266,3 millóns de pesetas, un 7,8% máis que o xerado o ano anterior

• **Transporte e comunicacións**

A poboación ocupada no subsector transporte e comunicacións foi de 46,6 miles de persoas, o que supuxo unha medra de 1,4 miles de ocupados en relación os datos correspondentes ó ano 2000, segundo os datos recollidos na EPA.

No concernente ós transportes e actividades anexas, no ano 2001 prodúcese un aumento do tráfico de pasaxeiros por avión (3,4%) e por estrada (0,7%), mentres que descende o número de viaxeiros no caso do tráfico marítimo, nos portos de interese xeral (-0,4%). En relación ó transporte de mercadorías, descende o tráfico de mercadorías no caso do transporte marítimo (-0,4%) e no aéreo (-19,8%).

O subsector transporte e servicios asociados estaba composto por un total de 656 empresas (fonte: Ardán) cun emprego medio

de 18 traballadores. O VEB xerado por elas ascendeu en 2000 a 393 millóns de pesetas, un 6% máis que no ano anterior.

Respecto ás comunicacións, salienta a medra no número de usuarios da rede internet no ano 2001, que pasa do 8,2% da poboación rexional no ano 2000 ós 14,6% do 2001. Non obstante, cómpre salientar que Galicia segue estando por debaixo da media estatal, converténdose na terceira comunidade que menos usa “a rede”, só por diante de Extremadura e Castela-A Mancha.

Un total de 439 empresas formaban este grupo de actividades (fonte: Ardán), xerando un VEB a custo de factores de 176,9 millóns de pesetas, un 19,6% menos que en 1999. O emprego medio destas empresas nese ano ascendeu a 22 traballadores.

• **Servicios empresariais**

A poboación ocupada nas actividades de servicios empresariais ascendeu a 107,7 miles de persoas no ano 2001, fronte ás 100,3 miles de persoas do ano anterior. A súa importancia

relativa no total da ocupación galega nos servizos foi do 20,5%.

O subsector servizos empresariais está formado en 2000 por 488 empresas (fonte: Ardán), que, cun emprego medio de 27 traballadores por empresa, xeraban un total de 312,8 millóns de euros (un 23,8% superior ó xerado no ano anterior).

• *Educación e sanidade*

A poboación ocupada nas ramas de actividade da educación e sanidade (actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais) acollían no ano 2001 un total de 51,4 e 47,5 miles de persoas, o que supón que en conxunto acollen o 18,9% da poboación ocupada galega no ano 2001 no sector servizos. Comparado co ano anterior, prodúcese unha medra da poboación ocupada tanto na educación (5,4 miles de persoas máis) como no caso da sanidade (4,0 miles de persoas).

O sector privado dos servizos da educación e servizos relacionados coa saúde acollía, segundo os datos de Ardán, un total de 142 empresas (65 correspondentes ó subsector da educación e 77 ós servizos relacionados coa saúde). O VEB xerado polas empresas pertencentes á actividade da educación ascendeu a 4.776,1 millóns de pesetas (un 12,1% máis que no ano anterior) sendo o seu emprego medio de 22 traballadores por empresa. As 77 empresas dos servizos relacionados coa saúde, cun emprego medio de 58 traballadores, xeraron un VEB total de 17.056,6 millóns de pesetas, un 12,2% máis que no ano anterior. ■





CONSIDERACIÓN SOBRE O sector público e benestar social

1.- Os presupostos da Comunidade Autónoma e dos Entes Locais Territoriais

Cadros C.4.1. e C.4.2.

O presuposto da Comunidade Autónoma do ano 2001 ten como referencia, respecto a planificación de obxectivos e liñas de actuación, o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA), por un importe de 11.707,7 millóns de euros, para o período 2000-2006, e que inclúe a formulación da estratexia operativa por eixes do PDR 2000-2006, cun importe de 10.728,1 millóns de euros. O volume total da “Axuda prevista para Galicia” como comunidade Obxectivo 1 para o período 2000-2006 é de 5.642,3 millóns de euros, o que supón o 13,8% do conxunto do Estado.

No ano 2001 expira a vixencia dos dous modelos de financiamento da Comunidade Autónoma: xeral e sanitario. O modelo xeral,

que trata de ampliar a súa autonomía financeira e a corresponsabilidade fiscal das comunidades autónomas, sigue configurado como un sistema baseado, sobre todo, nas transferencias derivadas da participación nos ingresos do Estado (PIE), cunha porcentaxe no ano 2001 do 0,9677802. O modelo sanitario, que utiliza como criterio básico de distribución o concepto de “poboación protexida”, supón unha porcentaxe de financiamento dos presupostos do Insalud do 6,93%.

O presuposto consolidado (Administración Xeral e mailos seus Organismos Autónomos) da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2001 ascendeu a 6.758,6 millóns de euros, un 8,1% superior ó do ano 2000, o que representa o 19% do VEB galego a prezos básicos (prezos correntes) [fonte: IGE] e supón 2.480,6 euros/habitante.

Por primeira vez estímase unha situación inicial de superávit non financeiro, que





Conta financeira da Comunidade Autónoma 2000-01

	2000	2001	01/00	
	(en miles de €)		(%)	
1 Operacións correntes				
Ingresos	5.394.546,4	5.835.472,9	440.927	8,2
Gastos	4.739.142,7	4.995.155,8	256.013	5,4
Aforro por operacións correntes	655.403,7	840.317,1	184.913	28,2
2 Operacións de capital				
Ingresos	595.819,4	691.320,2	95.501	16,0
Gastos	1.302.940,2	1.472.834,3	169.894	13,0
Deficit por operacións de capital	707.120,8	781.514,1	74.393	10,5
Necesidades de financiamento	-51.717,1	58.803,0	110.520	-213,7
3 Operacións financeiras				
Recursos financeiros	259.583,1	231.744,3	-27.839	-10,7
Atencións financeiras	207.866,0	290.547,3	82.681	39,8
Financiamento	51.717,1	-58.803,0	-110.520	-213,7
4 Endebedamento neto				
Endebedamento bruto	259.547,1	215.522,9	-44.024	-17,0
Amortizacións	199.445,9	215.342,6	15.897	8,0
Endebedamento neto	60.101,2	0	-60.101	-100

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

se cifra en 58,8 millóns de euros, e sen endebedamento neto. Todo o endebedamento bruto (215,5 millóns de euros) aplícase a amortización da débeda.

A débeda en Galicia, segundo o avance do Banco de España, foi de 3.019 millóns de euros, un 2% máis que no ano anterior. Esta cantidade significa o 7,4% do endebedamento total das Comunidades Autónomas españolas.

O endebedamento por habitante acadou os 1.127,00 euros, un 11,1% superior á media de endebedamento por habitante do conxunto das Comunidades Autónomas. En termos do PIB a débeda acumulada autonómica galega sitúase no 10,6% do noso PIB fronte a unha media das CC.AA. españolas do 7,7%.

Os gastos por operacións non financeiras de capital acadaron os 1.472,8 millóns de euros, un 13% superior ó ano anterior, equivalente ó 4,1% do VEB galego a prezos básicos, prezos correntes (fonte: IGE).

A ratio de aforro neto (aforro por operacións correntes–endebedamento neto)/operacións de capital (gastos) pasa do 45,7 do exercicio anterior ó 57% en 2001, o que supón un

incremento da cobertura das operacións de capital polo aforro neto.

A carga financeira da débeda pública nos presupostos de 2001 situouse en 396,3 millóns de euros, 180,8 millóns de euros de gastos financeiros e 215,5 millóns de euros de amortización da débeda. A carga financeira supuxo o 6,8% dos ingresos correntes presupostados, aumentando un 6,4% (23,7 millóns de euros), dez puntos menos do aumento rexistrado no ano anterior.

Os ingresos por operacións correntes (5.835,5 millóns de euros) experimentaron un incremento de 440,9 millóns de euros, un 8,2% superior ó exercicio anterior. Os ingresos polo total das operacións de capital (923,1 millóns de euros) aumenta en 67,7 millóns de euros, un 7,9% máis que o ano anterior. Este aumento correspóndese basicamente co aumento dos ingresos procedentes de transferencias de capital, que aumentan un 15,9% (86,9 millóns de euros).

No capítulo de transferencias de capital cómpre destaca-los 139,7 millóns de euros do concepto do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), cunha diminución do 6,1% (9,1 millóns de euros) respecto ó ano anterior,

CADRO C.4.2.

Presuposto consolidado da Comunidade Autónoma 2000-01: distribución económica

Ingresos

	2000	2001	2000	2001	01/00	
	importe		valor relativo		importe	(%)
	(en miles de €)		(%)			
I Impostos directos	412.769,1	447.417,5	6,6	6,6	34.648,3	8,4
II Imposto indirectos	222.644,9	245.633,6	3,5	3,6	22.988,7	10,3
III Taxas, prezos e outros ingresos	160.314,0	164.004,2	2,6	2,4	3.690,2	2,3
IV Transferencias correntes	4.587.495,3	4.966.289,2	73,4	73,5	378.793,9	8,3
V Ingresos patrimoniais	11.323,1	12.128,4	0,2	0,2	805,4	7,1
Total operación correntes	5.394.546,4	5.835.472,9	86,3	86,3	440.926,5	8,2
VI Alleamento de investimentos reais	50.388,9	59.079,5	0,8	0,9	8.690,6	17,2
VII Transferencias de capital	545.430,5	632.240,7	8,7	9,4	86.810,2	15,9
Total Ingresos non financeiros	5.990.365,8	6.526.793,1	95,8	96,6	536.427,3	9,0
VIII Activos financeiros	36,1	16.221,3	-	0,2	16.185,3	44.883,3
IX Pasivos financeiros	259.547,1	215.522,9	4,2	3,2	- 44.024,1	-17,0
Total Ingresos Financeiros	259.583,1	231.744,3	4,2	3,4	- 27.838,9	-10,7
Total Operacións de Capital	855.402,5	923.064,4	13,7	13,7	67.661,9	7,9
Total	6.249.948,9	6.758.537,4	100	100	508.588,5	8,1

Gastos

	2000	2001	2000	2001	01/00	
	importe		valor relativo		importe	(%)
	(en miles de €)		(%)			
I Gastos de persoal	2.098.049,1	2.211.075,5	33,6	32,7	113.026,3	5,4
II Gastos en bens correntes e servizos	776.712,0	843.316,1	12,4	12,5	66.604,2	8,6
III Gastos financeiros	175.886,2	184.378,5	2,8	2,7	8.492,3	4,8
IV Transferencias correntes	1.688.495,4	1.756.385,8	27,0	26,0	67.890,3	4,0
Total operación correntes	4.739.142,7	4.995.155,8	75,8	73,9	256.013,1	5,4
VI Investimentos reais	704.668,7	791.040,1	11,3	11,7	86.371,4	12,3
VII Transferencias de capital	598.271,5	681.794,1	9,6	10,1	83.522,7	14,0
Total operacións non financeiras de capital	1.302.940,2	1.472.834,3	20,9	21,8	169.894,1	13,0
Total Gastos non Financeiros	6.042.082,9	6.467.990,1	96,7	95,7	425.907,2	7,0
VIII Activos financeiros	8.420,2	75.024,3	0,1	1,1	66.604,2	791,0
IX Pasivos financeiros	199.445,9	215.522,9	3,2	3,2	16.077,1	8,1
Total operacións financeiras de capital	207.866,0	290.547,3	3,3	4,3	82.681,2	39,8
Total Gastos Financeiros	207.866,0	290.547,3	3,3	4,3	82.681,2	39,8
Total Operacións de Capital	1.510.806,2	1.763.381,5	24,2	26,1	252.575,3	16,7
Total	6.249.948,9	6.758.537,4	100	100	508.588,5	8,1

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

o que representa o 15,9% da dotación total do FCI para o ano 2001, 1,6 puntos por debaixo da do ano 2000 (17,5%), por mor da mellora relativa, por efecto poboación, da variable VEB/habitante en Galicia respecto ó Estado

Neste capítulo inclúense as transferencias de capital dos Fondos Europeos, que, no ano 2001, evolucionaron do seguinte xeito:

- As transferencias estimadas do FEDER acadan os 165,9 millóns de euros, un 23% (31 millóns de euros) máis que o ano anterior.

- As transferencias estimadas do FEOGA acadan os 167,6 millóns de euros (66,8 millóns de euros, na sección garantía e 100,7 millóns de euros, na sección orientación), un 27,7% (36,3 millóns de euros) máis que o ano anterior.

- As transferencias estimadas do IFOP acadan os 77,1 millóns de euros, un 20% (12,8 millóns de euros) máis que o ano anterior.

- As transferencias estimadas do Fondo de Cohesión acadan uns ingresos de 22,3 millóns de euros, un 85,8% (10,3 millóns de euros) máis que o ano anterior.

Non se estima ningún ingreso pola iniciativa Interreg no ano 2001, cando no exercicio do 2000, esta iniciativa estaba presupostada en 4,9 millóns de euros.

Os gastos por operacións non financeiras de capital (1.472,8 millóns de euros) aumentan respecto o ano 2000 nun 13% (169,9 millóns de euros). Os investimentos reais, medran respecto ó ano anterior un 12,3% (86,4 millóns de euros) ata acadalos 791 millóns de euros. As transferencias de capital medran un 14% (143,6 millóns de euros), acadando os 681,8 millóns de euros.

O 47,8% do presuposto consolidado (3.229,2 millóns de euros) corresponde a actuacións previstas a realizar a través dos investimentos reais (791 millóns de euros), as transferencias de capital (682,1 millóns de euros) e as transferencias de correntes (1.756,4 millóns de euros).



Dentro do presuposto consolidado de gastos, os maiores incrementos prodúcense nos gastos financeiros que aumentan un 39,8%; os non financeiros aumentan un 7%, por baixo da medra da media do orzamento global. Esta ralentización dos gastos non financeiros, é pola evolución dos gastos correntes que medran un 5,4% mentres as operacións non financeiras de capital aumentan un 13% neste último ano.

O maior incremento dos gastos do capítulo VII que do VI, da a entender unha aposta por parte da Xunta de Galicia de abandonar o papel investidor e transferilo a outros axentes, públicos e privados.

O 66,4% dos investimentos reais corresponde á Administración Xeral (525,6 millóns de euros) e o 33,6% ós organismos autónomos (265,4 millóns de euros).

No que atinxe ás transferencias correntes dos organismos autónomos, salientan as transferencias do Sergas, que dedica a farma-

cía (receitas médicas) un importe de 500,5 millóns de euros.

Os Entes Locais Territoriais galegos anotan para o último ano dispoñible (2000) un índice de gasto por habitante que non chega o 66% da media española, facéndose especialmente acusado para os concellos de menos de 5.000 habitantes, onde non chega o 56%. Comparacións con Cataluña levan a estes concellos a só un 46% (e ó total a un 58%) deste referente, o que puidera estar detrás da total dependencia financeira, entre nós, verbo de axentes institucionais supramunicipais para poder dar cobertura ós servizos que demandan os seus residentes ou a simplemente non poder facelo.

2.- Seguridade Social: Ingresos

Cadro C.2.3. e C.2.4.

Ó longo do ano 2001 continuou a tendencia ó aumento do número de persoas afiliadas á Seguridade Social. En Galicia, a media anual de afiliados á Seguridade Social no ano 2001 acadou un máximo, con 904.345 persoas afiliadas, 22.249 cotizantes máis ca no ano anterior, o que supón un incremento do 2,8%.

A diferenza do acontecido no conxunto do estado, en Galicia a media anual de persoas ocupadas no ano 2001 (987,4 miles de persoas) é superior ó número de cotizantes (904,3 miles de persoas). Este comportamento diferenciado débese ó forte peso que as denominadas axudas familiares (categoría na que non é obrigatorio estar de alta na Seguridade Social) teñen no emprego galego —o 16% do total do estado—, o que explica parte do comportamento diferenciado do emprego e a cotización en Galicia. O peso relativo destas axudas familiares no total da poboación ocupada galega é do 4,6% en tanto que en España esta porcentaxe ascende ó 1,9%.

A devandita diferenza constátase no sector primario, onde hai cerca de 52.000 afi-

CADRO C.4.3.

Obrigas contraídas e dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General da Seguridad Social en Galicia 2001

	Dereitos recoñecidos	Obligacións contraídas	Diferencial
	(en miles de €)		
Transferencias	3.119.889	4.360.965	-1.241.076
Réxime Xeral	2.256.385	2.004.956	251.429
Réxime especial de traballadores autónomos	419.063	325.612	93.451
Réxime especial agrario	94.309	1.208.065	-1.113.756
Réxime especial de traballadores do mar	81.471	353.118	-271.647
Réxime especial da minería do carbón	2.409	16.624	-14.215
Réxime especial de empregados de fogar	18.462	76.595	-58.133
Accidentes de traballo e enferm. profesionais	22.568	118.442	-95.874
Cotizacións de desempregados	225.221		
Non contributivas		183.102	
Outras transferencias		74.451	
Outros capítulos	51.833	83.517	
Totais	3.171.722	4.444.481	-1.272.760

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

CADRO C.4.4.

Dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General da Seguridad Social 2001

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	(en miles de €)				
Cotizacións sociais	3.119.889	1.332.946	347.170	324.743	1.115.030
Réxime Xeral	2.256.385	993.857	225.978	230.549	806.002
Réxime especial de traballadores autónomos	419.063	169.433	53.687	56.337	139.606
Réxime especial agrario	94.309	32.187	33.800	10.865	17.457
Réxime especial de traballadores do mar	81.471	23.808	7.189	14	50.460
Réxime especial da minería do carbón	2.409	2.123	126	49	111
Réxime especial de empregados de fogar	18.462	7.745	2.358	2.755	5.604
Accidentes de traballo e enferm. profesionais	22.568	8.839	3.156	2.614	7.960
Cotizacións de desempregados	225.221	94.954	20.878	21.561	87.829
Taxas e outros ingresos	49.583	18.789	4.454	8.275	18.065
Transferencias correntes	1.843	966	345	160	372
Ingresos patrimoniais	97	83	13	0	1
Enaxenación de investimentos reais	84	84	-	-	-
Activos financeiros	227	98	34	20	74
Totais	3.171.722	1.352.966	352.016	333.198	1.133.542

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

liados e afiliadas menos no réxime especial agrario que persoas ocupadas no sector primario. No ano 2001 o réxime especial agrario experimentou un descenso de 4.205 cotizantes respecto ó ano 2000 (un 5,6%).

O aumento do emprego asalariado tradúcese nun incremento do número de cotizantes no réxime xeral que, con 26.729 novas persoas cotizantes —unha medra do 4,5%—, acada o 69,1% do total das persoas cotizantes do sistema.

O réxime especial de autónomos experimenta un crecemento de 1.796 novos cotizan-

tes, cun aumento do 1,1%, mentres o réxime especial de empregadas do fogar experimenta un aumento de 466 persoas (3,7% máis). O do mar rexistra unha caída de 537 cotizantes respecto ó ano 2000, un 1,7% menos.

Este incremento da afiliación posibilitou unha lixeira mellora da ratio cotizantes/pensionistas galegos, que no ano 2001 situouse no 1,34 persoas afiliadas ó sistema da seguridade social por cada pensión que aboa o sistema fronte ós 1,32 do ano 2000. Esta mellora, sen dúbida positiva, non é abondo para reducir o diferencial de Galicia en comparación coa media española, que no

ano 2001 foi de 2,04 cotizantes por cada pensionista.

A creación de máis emprego, os cambios na súa estrutura e a regularización do traballo que aínda non cotiza teñen que servir para mellorar esta relación entre cotizacións e persoas beneficiarias do sistema para asegura-la súa viabilidade futura.

No ano 2001 existe un diferencial teórico negativo de 1.272,8 millóns de euros entre os dereitos recoñecidos e as obrigas contraídas pola Tesorería General, xa que neste diferencial non se consideran, por unha banda, as obrigas polas prestacións contributivas de desemprego, e por outra, están consideradas as obrigas dos complementos a mínimos das pensións, as pensións non contributivas, e as prestacións sociais que son financiadas directamente polo Estado.

Cómpre salientar que este diferencial é positivo no caso do réxime xeral (251.429 miles de euros) e no caso do réxime especial de traballadores autónomos (93.451 miles de euros). Este saldo positivo non logra compensar, fundamentalmente, o diferencial negativo existente no caso do réxime especial agrario (-1.113,8 millóns de euros) e no réxime especial de traballadores do mar (-271,6 millóns de euros).

3.- Seguridade Social: Prestacións

Cadro C.4.3. a C.4.8.

O número de persoas que cobra algún tipo de prestación –ben sexa contributiva ou asistencial– elevouse no ano 2001 a 804,2 miles de persoas entre as diferentes fórmulas de protección social: pensións contributivas, pensións non contributivas, LISMI, RISGA, emerxencia social e prestacións por desemprego. Isto significa que o 34,5% da poboación galega maior de 16 anos –unha de cada tres persoas galegas– é beneficiaria do sistema de protección social pública.

Desta cifra, 673,9 miles de persoas son pensionistas da Seguridade Social, que no ano 2001 tivo un aumento do 1% no número de persoas beneficiarias. Cómpre destaca-lo diferencial entre o incremento das persoas afiliadas ó sistema –un 2,8% de novas persoas cotizantes– e o de novas pensionistas, o que supón un avance na solvencia do sistema. Aínda así, as cifras da Seguridade Social en Galicia presentan claras desigualdades: en Galicia está o 8,8% das persoas beneficiarias de pensións do Estado e só o 5,8% das cotizantes do sistema. Estas porcentaxes poderían estar condicionadas polo diferencial de retorno de xubilados a Galicia.

O peso diferente entre persoas afiliadas e beneficiarias tradúcese nun desequilibrio do sistema en Galicia. No ano 2001 os dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General da Seguridade Social foron 3.171,7 millóns de euros fronte a unhas obrigas contraídas de 4.444,5 millóns de euros, o que significa un “diferencial teórico” de 1.272,8 millóns de euros (neste diferencial non se consideran, por unha banda, as obrigas polas prestacións contributivas de desemprego, e por outra, están consideradas as obrigas dos complementos a mínimos das pensións, as pensións non contributivas, e as prestacións sociais que son financiadas directamente polo Estado).

Analizando ó devandito diferencial, cómpre salientar que este é positivo no caso do réxime xeral (251.429 miles de euros) e no caso do réxime especial de traballadores autónomos (93.451 miles de euros). Este saldo positivo non logra compensar, fundamentalmente, o diferencial negativo existente no caso do réxime especial agrario (-1.113,8 millóns de euros) e no réxime especial de traballadores do mar (-271,6 millóns de euros).

Do total das obrigas contraídas, 4.102,2 millóns de euros (o 94,1%) corresponde ás pensións e o 5,9% restante, 258,2 millóns de euros, ós subsidios. Por provincias, A Coruña é quen ten unhas maiores obrigas recoñecidas



CADRO C.4.5.

Obrigas contraídas polas entidades xestoras e Tesorería General da Seguridade Social 2001

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	(en miles de €)				
Gastos de persoal	67.512	27.085	9.542	7.255	23.630
Gastos correntes en bens e servizos	13.243	4.857	1.778	1.208	5.400
Gastos financeiros	156	55	38	48	16
Transferencias correntes	4.360.964	1.657.275	705.170	628.305	1.370.214
Pensións de invalidez	476.558	186.100	65.286	62.753	162.419
Pensións de xubilación	2.884.577	1.075.848	504.990	441.941	861.798
Pensións de viudedade	664.965	266.848	95.448	86.428	216.241
Pensións de orfandade	58.099	24.088	6.942	6.705	20.365
Pensións a favor de familiares	18.020	6.610	1.933	3.494	5.983
Incapacidade temporal	148.133	51.280	17.426	15.605	63.822
Recargos por falta de medidas seguridade e hixiene	488	172	69	60	188
Prestación por maternidade	34.642	15.803	3.090	3.104	12.645
Prestacións familiares	62.434	24.836	8.813	6.781	22.004
Outras prestacións, indemnizacións e entregas	4.948	2.248	661	571	1.468
Prestacións sociais	7.533	2.880	513	858	3.281
Transferencias ó exterior	568	562	-	5	-
Inversións reais	2.086	527	230	418	911
Activos financeiros	302	110	49	33	111
Pasivos financeiros	218	218	-	-	-
Total	4.444.481	1.690.126	716.807	637.267	1.400.281

Fonte: Tesorería General de la Seguridade Social

CADRO C.4.6.

Resumo das prestacións 2000-01: beneficiarios e importe medio segundo tipo de cobertura

	2000		2001	
	número (en miles de prestacións) (media anual)	importe medio (en €) (media mensual)	número (en miles de prestacións) (media anual)	importe medio (en €) (media mensual)
Pensións contributivas	667,4	392,00	673,9	413,00
Incapacidade permanente	58,0	448,70	57,7	480,80
Xubilación	424,1	439,00	428,2	462,00
Viuvez	160,0	277,20	162,8	291,30
Orfandade e favor familiar	25,3	199,80	25,2	211,20
Pensións non contributivas	52,6		53,5	
Invalidez	26,9		22,0	
Xubilación	25,7		31,5	
LISMI	6,9		5,2	
Pensións asistenciais	2,3		1,4	
Prestacións por desemprego	62,6		64,1	
Contributivas	31,1		32,3	
Subsidios	31,5		30,3	
Renta activa de inserción			1,4	
RISGA	(beneficiarios a 31-12) 4.156	(media anual)	(beneficiarios a 31-12) 4.357	(media anual)
Axudas de emerxencia social	1.244		1.831	

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales e da Dirección Xeral de Servizos Sociais

con 1.690,1 millóns de euros, o 38% do total galego, seguido de Pontevedra con 1.400,3 millóns (31,5%) e Lugo e Ourense con 716,1 (o 16,1%) e 637,3 millóns de euros (14,3%), respectivamente.

O importe medio da pensión contributiva en Galicia foi de 413,00 euros/mes (un

5,4% máis que no ano anterior) –o 83,5% do importe medio da pensión en todo o Estado, que foi de 494,5 euros–. Galicia non só é a Comunidade Autónoma co importe medio máis baixo, senón que o diferencial co importe medio estatal volve a aumentar no ano 2001 respecto ó ano anterior: 76,4 euros inferior en 2000 e 81,5 euros menos no ano 2001.

Pensões da Seguridade Social nas CC.AA. 2000-01: beneficiarios e importe medio segundo clase de pensión

(número: medias anuais, en miles de pensións)
(importe medio: en €)

2000

	Totais			Incapacidade permanente (1)		Xubilación		Viúvez		Orfandade e favor familiar	
	número	importe medio		número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio
Andalucía	1.199,4	434,8		173,1	508,8	641,4	494,9	321,8	323,4	63,1	189,3
Aragón	260,0	479,1		21,3	604,7	161,2	535,4	69,3	339,6	8,2	223,2
Asturias	283,2	571,5		30,5	686,8	164,6	675,0	78,1	349,4	10,0	250,1
Baleares	146,9	423,4		17,4	503,0	87,1	475,2	37,6	298,0	4,8	179,0
Canarias	201,3	442,5		23,8	481,8	106,8	523,5	57,1	335,2	13,6	189,5
Cantabria	120,0	483,4		10,9	545,3	72,7	561,0	31,4	323,6	5,0	221,5
Castela-A Mancha	312,4	431,3		26,6	478,2	188,0	483,9	84,7	335,8	13,1	199,9
Castela e León	561,6	452,9		43,9	556,5	351,2	508,2	145,3	322,4	21,2	216,0
Cataluña	1.335,1	481,1		146,4	534,6	816,5	544,5	337,1	333,0	35,1	207,6
Comunidade Valenciana	739,4	429,9		71,8	481,6	436,0	487,6	202,9	321,6	28,7	190,1
Extremadura	193,0	403,7		18,5	434,8	109,3	455,2	55,4	329,3	9,8	192,5
Galicia	667,4	392,0		58,0	448,7	424,1	439,0	160,0	277,2	25,3	199,8
Madrid	790,5	554,9		62,7	650,2	474,5	651,8	220,6	368,0	32,7	225,5
Murcia	194,8	418,4		29,0	429,3	107,9	482,7	49,3	311,3	8,6	187,8
Navarra	99,8	509,4		9,7	647,9	60,7	572,1	25,5	349,5	3,9	231,3
País Vasco	423,8	589,8		41,5	706,6	249,9	690,1	114,9	381,5	17,5	246,2
A Ríoxa	56,6	449,9		5,9	535,0	34,8	496,9	14,1	328,6	1,8	213,2
Ceuta e Melilla	13,8	502,0		1,7	636,0	6,6	626,0	4,4	345,1	1,1	182,9
Total	7.599,0	488,4		792,7	536,4	4.493,3	535,3	2.009,5	331,5	303,5	208,9
G/E (%)	8,78			7,32		9,44		7,96		8,34	

2001

	Totais			Incapacidade permanente		Xubilación		Viúvez		Orfandade e favor familiar	
	número	importe medio		número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio
Andalucía	1.213,2	458,7		172,7	541,6	651,0	521,3	327,0	339,5	62,5	200,7
Aragón	260,9	505,9		21,2	641,0	161,5	566,1	70,1	357,5	8,1	237,7
Asturias	284,4	602,3		30,7	730,1	164,8	710,7	79,0	368,8	9,9	265,0
Baleares	148,5	447,3		17,9	532,6	87,6	502,5	38,2	313,3	4,8	188,4
Canarias	205,3	485,7		23,9	509,5	109,0	550,9	58,7	351,6	13,7	201,0
Cantabria	120,6	511,2		10,9	585,2	73,0	592,4	31,8	341,7	4,9	235,4
Castela-A Mancha	314,5	454,3		26,8	508,5	188,7	510,0	85,8	352,1	13,2	211,9
Castela e León	563,6	477,7		42,7	593,9	352,9	536,1	147,0	339,2	21,0	228,7
Cataluña	1.349,8	508,3		144,4	573,5	827,3	574,6	343,2	350,4	34,9	219,6
Comunidade Valenciana	748,9	453,6		73,0	514,0	441,0	514,0	206,3	338,1	28,6	201,1
Extremadura	194,3	424,3		18,1	460,3	110,3	478,5	56,0	344,9	9,9	202,7
Galicia	673,9	413,0		57,7	480,8	428,2	462,0	162,8	291,3	25,2	211,2
Madrid	801,6	586,9		62,1	686,9	482,9	689,4	224,5	388,6	32,1	239,0
Murcia	196,8	441,1		28,4	458,5	109,6	507,9	50,3	327,0	8,5	198,6
Navarra	101,2	540,8		9,8	688,8	61,6	608,4	26,0	368,2	3,8	244,3
País Vasco	429,3	624,5		40,9	748,5	254,3	731,0	116,9	402,9	17,2	261,8
A Ríoxa	57,1	475,0		5,8	566,6	35,2	525,0	14,3	345,9	1,8	228,5
Ceuta e Melilla	13,9	528,5		1,6	674,7	6,7	658,9	4,5	363,6	1,1	194,0
Total	7.677,8	494,5		788,6	571,2	4.545,6	565,0	2.042,4	348,8	301,2	218,0
G/E (%)	8,78			7,32		9,42		7,97		8,37	

(1) desde decembro de 1997, as pensións de incapacidade permanente de beneficiarios de 65 e máis anos figuran incluídas nas de xubilación
Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

**Pensións non contributivas nas CC.AA. 2000-01: beneficiarios**

	Beneficiarios totais			Invalidez (1)			Xubilación		
	2000	2001	01/00	2000	2001	01/00	2000	2001	01/00
	(en medias anuais)	(en medias anuais)	(%)	(en medias anuais)	(en medias anuais)	(%)	(en medias anuais)	(en medias anuais)	(%)
Andalucía	105.912	108.019	2,0	57.189	48.399	-15,4	48.723	59.620	22,4
Aragón	11.584	11.252	-2,9	3.974	3.260	-18,0	7.610	7.992	5,0
Asturias	11.836	11.915	0,7	6.387	5.527	-13,5	5.449	6.388	17,2
Baleares	7.827	7.824	0,0	4.448	3.718	-16,4	3.379	4.106	21,5
Canarias	39.614	39.990	0,9	23.309	18.895	-18,9	16.305	21.095	29,4
Cantabria	6.474	6.541	1,0	3.579	3.116	-12,9	2.895	3.425	18,3
Castela-A Mancha	22.862	23.557	3,0	10.414	8.976	-13,8	12.448	14.581	17,1
Castela e León	28.276	28.690	1,5	13.631	11.770	-13,7	14.645	16.920	15,5
Cataluña	58.193	59.541	2,3	27.319	24.761	-9,4	30.874	34.780	12,7
C. Valenciana	40.614	43.277	6,6	21.314	19.329	-9,3	19.300	23.948	24,1
Estremadura	15.919	16.575	4,1	6.816	5.780	-15,2	9.103	10.795	18,6
Galicia	52.621	53.483	1,6	26.883	21.950	-18,3	25.738	31.533	22,5
Madrid	33.727	34.372	1,9	15.545	10.875	-30,0	18.182	23.497	29,2
Murcia	15.090	15.743	4,3	10.507	8.700	-17,2	4.583	7.043	53,7
Navarra	3.483	3.531	1,4	990	1.004	1,4	2.493	2.527	1,4
País Vasco	10.801	10.750	-0,5	5.797	5.569	-3,9	5.004	5.181	3,5
A Ríoxa	2.368	2.314	-2,3	1.272	974	-23,4	1.096	1.340	22,3
Ceuta e Melilla	4.074	4.210	3,3	3.044	2.495	-18,0	1.030	1.715	66,5
Total	471.275	481.584	2,2	242.418	205.098	-15,4	228.857	276.486	20,8
G/E (%)	11,2	11,1		11,1	10,7		11,2	11,4	

(1) Dende xaneiro de 2001 os beneficiarios de pensións de invalidez, con 65 ou máis anos, pasan a percibir a pensión de xubilación
 Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

Este diferencial débese, en parte, a que na estrutura das pensións galegas teñen maior peso as do sector primario.

O resto da cobertura social –agás as prestacións por desemprego–, non financiada polas cotizacións sociais, acolle un total de 66,3 miles de persoas beneficiarias, fronte ás 67,2 miles de persoas do ano anterior.

O número de persoas que cobraron pensión non contributiva da Seguridade Social en Galicia no ano 2001 foi de 53.483, un 1,6% máis ca no ano 2000, o que representa o 11,1% do total de persoas beneficiarias de pensións non contributivas do Estado.

As prestacións sociais e económicas da LISMI déronlle cobertura a 5.214 persoas beneficiarias, un 24,5% menos ca no ano 2000, e as pensións asistenciais a 1.357 persoas beneficiarias, un 40,7% menos ca no ano anterior.

As persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia (Risga) foron 4.357 a 31 de decembro do ano 2001 (o 68%

mulleres), cifra un 4,8% superior á do número de beneficiarias na mesma data do ano anterior.

4.- Prestacións por desemprego

Cadro C.4.9.

No ano 2001 das 132,1 miles de persoas paradas rexistradas, consideradas demandantes de emprego, 64,1 miles de persoas eran beneficiarias dunha prestación, un 2,4% máis ca no ano 2000; o resto –68,0 miles de persoas– non tiñan ningún tipo de cobertura.

A taxa de cobertura en Galicia aumentou en máis de dous puntos porcentuais para situarse nos 48,5% no ano 2001, fronte os 46,2% do ano anterior. Non obstante, a taxa de cobertura en Galicia segue situándose moi por baixo do valor medio da de España, que co 56,6%, está 8,1 puntos por riba da galega.

A existencia de 40,3 miles de persoas que levan máis de tres anos en paro, en moitos casos maiores de 45 anos, fai necesaria unha reflexión sobre o modo de actuar nestes





Beneficiarios de prestacións por desemprego e paro rexistrado 2000-01

2000						
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España (1)
Nivel contributivo	14.379	3.012	3.176	10.544	31.111	450,6
Nivel asistencial	12.279	3.715	5.319	10.168	31.481	592,1
Total	26.658	6.727	8.495	20.712	62.592	1.042,7
Paro rexistrado (1)	56,9	14,1	16,8	47,5	135,5	1.557,5
Benef.contr./Paro rexistr.	25,27	21,36	18,90	22,20	22,96	28,93
Benef. subs./Paro rexistr.	21,58	26,35	31,66	21,41	23,23	38,02
Taxas de cobertura bruta das prestacións por desemprego	46,85	47,71	50,57	43,60	46,19	52,53
2001						
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España (1)
Nivel contributivo	13.604	3.397	3.347	11.980	32.328	501,3
Nivel asistencial	12.152	3.372	4.952	9.864	30.340	357,1
Renta Activa de Inserción	535	180	291	421	1.427	7,8
Total	26.291	6.949	8.590	22.265	64.095	866,1
Paro rexistrado (1)	55,1	13,9	16,4	46,7	132,0	1.529,9
Benef.contr./Paro rexistr.	24,70	24,48	20,40	25,67	24,48	32,76
Benef. subs./Paro rexistr.	22,06	24,30	30,18	21,14	22,98	23,34
Taxas de cobertura bruta das prestacións por desemprego	47,73	50,08	52,35	47,71	48,54	56,61

(1) os datos do paro rexistrado e os datos de beneficiarios para España están en miles

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INEM e Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales



colectivos, tanto a través das políticas activas como da protección.

118.438 foron programadas e as restantes 33.644, intervencións urxentes.

5.- Servicio público en especie: Sanidade e Educación

Cadros C.4.10. e C.4.11.

O número de camas hospitalarias instaladas en Galicia nos centros do Sergas no ano 2001, acadou as 7.094 (7.123 en 2000), en tanto que as camas instaladas nos hospitais concertados ascendeu a 2.400. Mentres nas camas a ratio por mil habitantes nos sitúa na media española, o indicador de médicos nos sitúa en 3,8 fronte a 4,4 (86%) de media en España por cada mil habitantes (2000 último ano dispoñible).

Polo que se refire á actividade cirúrxica no ano 2001 nos hospitais do Sergas realizáronse un total de 152.082 intervencións –8.896 máis que no ano anterior–, das que

As listas de espera amosan un aumento da demora media respecto ó ano anterior, que pasa dos 67,0 días do ano 2000 ós 74,5 días do 2001.

O gasto farmacéutico público por servizos de saúde en Galicia ascendeu no ano 2001 a 546,3 millóns de euros, o que representa o 7,5% do total do gasto do Estado. Comparado co ano anterior, o gasto farmacéutico medra en Galicia nun 9,0%, fronte a unha medra do 7,9% no conxunto do Estado. O custo medio por cidadán ascendeu no caso da atención primaria a 215,2 euros no ano 2001, fronte ós 196,1 euros do ano anterior, sendo o custo farmacéutico medio por pensionista de 552,25 euros.

En relación á educación, a EPA reflicte que a poboación ocupada dedicada á educa-

CADRO C.4.10.

Actividade cirúrxica nos hospitais do Sergas 2000-01

	2000	2001	
	Total	Total	Intervencións programadas Intervencións urxentes
A Coruña	58.645	65.157	53.412
Lugo	21.215	22.494	17.095
Ourense	20.645	20.564	15.030
Pontevedra	42.681	43.867	32.901
Total	143.186	152.082	118.438

Fonte: Sergas

CADRO C.4.11.

Prestación farmacéutica en atención primaria 2000-01

		2000	2001	00/01 (%)
Receitas dispensadas	(en miles)	40.912	43.071	5,3
Activos		11.468	11.904	3,8
Pensionistas		29.444	31.167	5,9
Custo por receita	(en €)	12,38	13,06	5,5
Activos		8,81	9,25	5,0
Pensionistas		13,77	14,52	5,5
Custo/cidadán da prestación	(en €)	196,14	215,2	9,7
Activos		56,95	61,3	7,7
Pensionistas		501,79	552,3	10,1
Custo da prestación farmacéutica	(en millóns de €)	506,4	562,6	11,1
Activos		101,0	110,1	9,0
Pensionistas		405,3	452,5	11,6

Fonte: Sergas, División de farmacia e produtos sanitarios

ción en Galicia, a diferenza do acontecido no ano anterior, rexistra unha medra de 5,4 miles de persoas, ata acadar as 51,4 miles de ocupados (45,7 miles no ano 2000).

O número de alumnos e alumnas matriculados nos centros non universitarios no curso 2000-01 segue coa súa tendencia á baixa iniciada nos últimos anos da década anterior e a un ritmo superior ó existente no conxunto estatal. Mentres que en Galicia o descenso foi do 3,5% respecto ó curso anterior (14.765 alumnos menos), a nivel estatal a caída foi dun 1,3%. O descenso experimentado en Galicia é un dos máis importantes, superado tan só por Asturias (-4,4%). No ensino universitario o número de alumnos descendeu nun 3,8%, para situarse nos 92.199 alumnos no curso 2001-02 (95.869 alumnos no ano anterior).

As universidades galegas só acadaban en 2000 o 81% do gasto por alumno medio en España, o 67% das catalanas ou o 72% das do País Vasco; só temos o 78% da media española de poboación maior de 16 anos con estudos superiores (nós 13,5% fronte a un 17,2%).

Cifras que deberan facernos reflexionar nun intre no que se comeza a elaboración dun novo marco institucional e presupostario para as Universidades en Galicia. ■



CONSIDERACIÓN SOBRE O desenvolvemento rexional

1.- Infraestructuras

Cadros C.5.1. a C.5.7.

O stock de capital neto productivo territorializado en 1994 (último dato dispoñible) supuña o 5,6% do total español. Dentro deste, as estradas representaban o 7,4%; as infraestructuras hidráulicas, o 4,2%; os portos, o 18,2%; e as infraestructuras ferroviarias, o 2,7%. O devandito stock está aínda lonxe do peso poboacional de Galicia (6,99% nese ano) pero máis aínda se reparamos en que o elevado grado de dispersión ou espallamento xeográfico do hábitat galego, que se reflicte no feito de que Galicia acolle o 48,9% do total de entidades de poboación en España, aumenta as necesidades de investimento en infraestructuras en Galicia con respecto á media do estado.

En relación ás infraestructuras de transporte terrestres, a rede de estradas de Galicia esta composta en 2000 por 79.128 quilóme-

tros, dos que 61.756 quilómetros corresponden á rede viaria municipal, 15.169 km. están a cargo dos entes territoriais e 2.203 km., a cargo do Estado. Isto significa que a comunidade galega dispón de 58 quilómetros de estradas pertencentes ó Estado, Comunidade Autónoma e Deputacións por cada 100 km² de superficie e 6,30 km. por cada mil habitantes, cifras superiores ás medias estatais, que son de 32 km/100 km² e 4,07 km/1.000 habitantes, respectivamente. Ratios que deberán relativizarse con parámetros de calidade (autoestradas, sinalización, barreiras, etc.).

O número de quilómetros de autovías e autoestradas libres foi en Galicia de 368 km (o 7% do total estatal) e o autoestradas de peaxe de 191 km (o 11% do conxunto do estado). En termos de poboación, Galicia acolle 0,13 quilómetros de autovías e autoestradas libres por cada mil habitantes (0,13 de media en España) e 0,07 quilómetros de autoestra-



CADRO C.5.1.

Lonxitude da rede de estradas en Galicia e España 1999-00

	1999		2000		Galicia / España	
	Galicia	España	Galicia	España	1999	2000
	(en quilómetros)				(%)	
A cargo do Estado	2.201	24.124	2.203	24.105	9,1	9,1
Estradas de dobre calzada	74	728	74	674	10,2	11,0
Autovías e autoestradas libres	370	5.111	368	5.239	7,2	7,0
Autoestradas de peaxe	191	1.818	191	1.743	10,5	11,0
A cargo dos Entes territoriais	15.169	151.000	15.169	150.807	10,0	10,1
Comunidade Autónoma	5.123	71.080	5.119	70.837	7,2	7,2
Deputación	9.879	68.565	9.883	68.615	14,4	14,4
Outros organismos	167	11.355	167	11.355	1,5	1,5
Rede viaria municipal	61.756	489.698	61.756	489.698	12,6	12,6
Total rede de estradas	79.125	664.822	79.128	664.610	11,9	11,9

Fonte: Ministerio de Fomento

CADRO C.5.2.

Investimentos presupostados en estradas, portos e obras hidráulicas da CPTOPV 2000-01

Organismo	Concepto	2000	2001	01/00
		(en miles de €)		(%)
D.X. Obras Públicas	Estrada (413B, 600, 610)	83.805,1	100.337,7	19,7
Portos de Galicia	Portos (presuposto de capital)	19.851,4	21.107,5	6,3
Augas de Galicia	Obras hidráulicas (Cap. VI)	63.106,3	63.106,3	0,0
Obras e Servizos Hidráulicos	Obras hidráulicas (presuposto de capital)	30,1	30,1	0,0
Total		166.792,9	184.581,6	10,7

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO C.5.3.

Investimentos totais de Renfe 2000-01

	2000	2001	01/00
	(en miles de €)		(%)
A Coruña	24.377,1	38.909,5	59,6
Lugo	14.111,8	13.510,8	-4,3
Ourense	4.772,0	6.424,8	34,6
Pontevedra	4.405,4	5.673,6	28,8
Varias provincias	60,1	-	-
Total	47.726,4	64.518,6	35,2
España	478.267,4	573.726,2	20,0
G/E (%)	10,0	11,2	

Fonte: Renfe

CADRO C.5.4.

Investimentos de Portos de Galicia nos portos galegos 2000-01

	2000	2001	01/00
	(en €)		%
A Coruña	9.551.666	12.067.245	26,3
Lugo	2.589.789	2.712.903	4,8
Pontevedra	7.284.073	7.249.550	-0,5
Total	19.425.528	22.029.697	13,4

Fonte: Portos de Galicia



Investimentos en infraestructuras aeroportuarias 2000-01

	2000	2001	Total 1994 - 2001
	(en miles de €)		
A Coruña	4.520,2	1.173,4	21.801,3
Santiago	4.243,1	6.070,7	27.880,8
Vigo	2.046,4	890,2	21.121,5
Total	10.809,8	8.134,3	18.561,6
Total aeroportos españois	451.179,8		
G/E (%)	2,40		

Fonte: AENA

das de peaxe por cada mil habitantes (0,04 de media en España).

No obxectivo de mellora-la accesibilidade ó territorio galego cabe salientar que a finais do 2001 aínda non rematara a autovía do Noroeste, atopándose en execución o último tramo do peche da autovía na provincia de León.

No ano 2001 presentouse o Plan Director de Infraestructuras de Galicia 2001-2010, que presenta como obxectivos xerais a potenciación do desenvolvemento económico de Galicia, a corrección de desequilibrios sociais e económicos entre áreas territoriais e estratos de poboación, unha mellora na calidade de vida e a utilización racional e eficaz dos recursos naturais.

Nos dez anos de vixencia do plan está previsto un investimento de 9.804,3 millóns de euros, dos que o 39,7% corresponde ó investimento en estradas (3.890,1 millóns de euros), o 34% ó investimento en ferrocarril (3.329,2 millóns de euros), o 13,9% ó investimento en obras hidráulicas (1.361,3 millóns de euros), o 10,6% (1.043,4 millóns de euros) ó investimento en portos, e o 1,8% restante (180,3 millóns de euros), ó investimento en solo empresarial.

O investimento total presupostado pola Xunta en estradas, portos e obras hidráulicas ascendeu a 184.581,6 miles de euros no ano 2001, fronte ós 166.792,9 miles de euros do

ano anterior. A Dirección Xeral de Obras Públicas investiu en estradas un total de 100.337,7 miles de euros –83.805,1 miles de euros no ano anterior–, en tanto que o investimento de Augas de Galicia acadou os 63.106,3 miles de euros, Portos de Galicia 21.107,5 miles de euros e Obras e servicios hidráulicos, 30,1 miles de euros.

O investimento medio na rede de estradas no período 1996-00 ascende a 164,1 miles de euros por cada 1.000 habitantes, mentres a media estatal foi de 101,1 miles de euros. Galicia é a sexta comunidade onde máis se inviste por habitante, por detrás de Asturias (215 miles de euros por cada 1.000 habitantes), Castela e León (209,7 miles de euros), Cantabria (208,7 miles de euros), Castela a Mancha (167,2 miles de euros) e Aragón (164,3 miles de euros por cada mil habitantes). No ano 2001 a licitación pública en estradas só acadou en Galicia o 2,8% español.

Se a comparación se fai atendendo ós investimentos por quilómetro de rede, Galicia ocuparía a oitava posición, con 26 miles de euros/km. (a media estatal é de 24,9 miles de euros/km. no mesmo período).

No que ó investimento no ferrocarril se refire, no ano 2001 o investimento de Renfe en Galicia medrou un 35,2%, pasando dos 47.726,4 miles de euros do ano 2000 ós 64.518,6 miles de euros do 2001. Pero a licitación pública de obra ferroviaria no ano 2001 en Galicia só supuxo o 2,5% do total





Parques empresariais operativos promovidos polo IGVS e Xestur ⁽¹⁾

	Superficie total	Superficie comercial	Parcelas	Superficie das parcelas	Prezo
	(m ²)			(m ²)	(€/m ²)
A Coruña					
Arzúa	38.825	32.000	19	de 600 a 6.000	37,26
Boiro	241.025	169.111	43	de 750 a 30.785	de 34,86 a 36,17
Cerceda	90.808	68.642	23	de 946 a 11.000	-
Colirós	-	-	-	-	-
Culleredo	441.903	223.923	194	-	-
Melide	111.778	48.327	49	de 625 a 3.275	de 29,03 a 33,81
Noia	-	-	-	-	-
Ordes	71.877	52.665	33	de 907 a 3.341	-
As Pontes	-	-	-	-	-
Ponteceso	59.748	36.793	72	de 300 a 1.129	-
Pontedeume	116.269	75.007	33	-	-
Ribeira	123.000	80.365	47	de 500 a 10.500	-
Somozas	325.953	215.134	9	de 15.000 a 77.000	22,15
Lugo					
A Pontenova	60.876	37.192	44	de 224 a 1.842	de 27,89 a 31,25
Becerreá	28.608	21.605	21	de 416 a 3.333	de 19,23 a 22,84
Begonte	36.811	28.256	30	de 558 a 6.209	-
Bóveda	53.385	42.097	53	de 433 a 1.554	de 18,03 a 24,04
Castro de Ribeiras de Lea	102.600	63.983	50	de 522 a 8.460	de 15,93 a 22,24
Cervo	116.958	46.079	25	de 408 a 3.989	de 14,72 a 15,84
INF-A	120.674	74.339	67	de 563 a 4.608	de 36,45 a 54,27
Meira	75.708	48.800	34	de 445 a 20.744	de 19,95 a 23,74
Muimenta	42.279	27.020	22	de 480 a 2.704	-
Pastoriza	44.190	29.880	67	de 563 a 4.608	-
Vilalba	272.136	199.810	102	de 510 a 13.226	de 14,72 a 15,84
Xove	-	-	-	-	-
Ourense					
Allariz	-	-	-	-	-
O Carballiño	116.241	73.533	40	de 820 a 8.000	-
Pereiro de Aguiar	148.552	99.674	45	de 999 a 7.547	-
Sarreaus	-	-	-	-	-
Xinzo de Limia	133.971	78.086	36	de 1.036 a 3.218	de 23,42 a 35,34
Pontevedra					
Bueu	66.016	38.076	12	de 1.217 a 8.240	-
Lalín	307.734	179.920	105	de 968 a 23.066	de 35,58 a 41,47
O Campiño (Pontevedra)	343.291	216.411	87	de 856 a 7.142	35,40
Silleda	101.230	73.059	44	de 858 a 7.531	de 35,46 a 41,47
Tui	-	-	-	-	-
Vilagarcía	61.991	35.186	30	de 610 a 1.448	-

(1) actualización a 29-04-2002

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGVS




Investimento público real territorializado por axentes das administracións públicas 2000-01 ^{(1): presupostos iniciais}

2000							
	Entidades locais		C.A.	Estado (2)	Total	Total España rexionalizable	Galicia/España
	Concellos	Deputacións					
Importe (en millóns de euros)	307,7	75,7	705,0	261,4	1.349,9	20.867,1	39,1
Porcentaxe por axente (%)	22,8	5,6	52,2	19,4	100		
2001							
	Entidades locais		C.A.	Estado (2)	Total	Total España rexionalizable	Galicia/España
	Concellos	Deputacións					
Importe (en millóns de euros)	323,3	78,1	789,1	238,0	1.428,6	22.057,1	38,5
Porcentaxe por axente (%)	22,6	5,5	55,2	16,6	100		
1998-2001							
	Entidades locais		C.A.	Estado (2)	Total	Total España rexionalizable	Galicia/España
	Concellos	Deputacións					
Importe (en millóns de euros)	1.184,6	336,0	2.733,4	1.057,2	5.316,0	79.315,6	40,3
Porcentaxe por axente (%)	22,4	6,3	51,4	19,9	100		

1) cada axente comprenden soamente á Admon. centralizada e OO.AA., excepto no caso dos Concellos que soamente se refiren á súa Admon. Centralizada

(2) non inclúen gastos de defensa

Fonte: Secretaría de Estado para las Administraciones Territoriales

español. Na anualidade do 2001 licitouse o primeiro tramo do proxecto ferroviario de alta velocidade Santiago-Oroso.

O investimento nas infraestruturas portuarias realizadas por Portos de Galicia ascendeu a 22.029,7 miles de euros, un 13,4% máis que en 2000. Pola súa banda a licitación oficial de obra pública portuaria en 2001 en Galicia só supuxo o 3,2% do total español fronte ó 48% catalán ou o 11% andaluz.

No caso dos aeroportos galegos, o investimento ascendeu a 8.134,3 miles de euros no ano 2001, un 25,5% inferior ó realizado no ano anterior. O aeroporto de Santiago de foi o que máis volume de investimento recibiu (6.070,7 miles de euros), seguido dos de A Coruña e Vigo, con 1.173,4 e 890,2 miles de euros, respectivamente.

O investimento real de Augas de Galicia no ano 2001 foi de 72.769,3 miles de euros. O apartado dedicado ás redes de saneamento foi

o máis importante, ó acoller o 70,5% do total investido.

En relación ós parques tecnolóxicos e empresarias, o Parque Tecnolóxico de Galicia (PTG) acollía no ano 2001 un total de 41 empresas cun emprego total de 396 persoas. A superficie total ascende a 514.438 metros cadrados e o prezo de venda do metro cadrado de 45 euros.

No ano 2001 hai un total de 36 parques empresariais operativos que están promovidos polo IGVS e Xestur, que ofertan un total de 1.436 parcelas e unha superficie comercial de 2.414.973 m². Xunto a estes parques operativos, a 29 de abril do 2002 había un total de 9 parques en execución, 25 en curso e 31 en estudio de viabilidade.

No ano 2001, tódolos axentes das administracións públicas agás o Estado incrementaron o seu investimento público real territorializado en Galicia, de tal xeito que a partici-





Gastos en I+D con respecto ó PIB nas CC.AA. 1999-00

	1999	2000
	(%)	
Andalucía	0,65	0,67
Aragón	0,74	0,71
Asturias	0,55	0,81
Baleares	0,25	0,25
Canarias	0,48	0,49
Cantabria	0,60	0,47
Castela e León	0,62	0,64
Castela-A Mancha	0,33	0,57
Cataluña	1,06	1,11
C. Valenciana	0,62	0,74
Extremadura	0,41	0,54
Galicia	0,54	0,63
Madrid	1,64	1,67
Murcia	0,65	0,74
Navarra	0,93	0,92
País Vasco	1,16	1,20
A Ríoxa	0,48	0,61
Total España	0,89	0,94
UE	1,85	-

(1) PIB a prezos de mercado, prezos correntes

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE



pación dos distintos axentes das administracións públicas nos gastos correspondentes a investimento civil durante o período 1998-2001 reflicte a seguinte situación: a Comunidade Autónoma participou cun 51,4%; os Concellos, cun 22,4%; o Estado, cun 19,9%; e as Deputacións, cun 6,3%.

Na distribución territorial do investimento público do estado, organismos autónomos e entes públicos nas CC.AA. (último dato 2000), Galicia acadou o 4,5% do total, pero malia a mellora das cifras absolutas, cunha evolución negativa respecto ó ano anterior do 5,7%. Aplicando criterios de equidade per cápita, para reduci-las disparidades interterritoriais no stock de capital público, o peso da porcentaxe de investimento público en Galicia debería seguir crescendo ata igualar, polo menos, o peso relativo da poboación galega no total estatal, que acadou en 2001 o 6,65%.

Enmarcadas as administracións públicas nunha política de redución do déficit público, sen que este obxectivo poda verse compensado por unha medra da presión fiscal e cunha importante rixidez en canto ás necesidades financeiras para mantemento operativo

dos servizos públicos (sanidade, educación, servizos sociais, ...), afróntanse na actualidade, co recurso de financiamento privado, a necesidade de compaxinar a escaseza de recursos financeiros propios coa prioridade de mante-las dotacións para a formación dos stocks de capital público nos niveis axeitados que permitan incidir no crecemento da actividade económica e social de Galicia.

2.- Investigación e tecnoloxía

Cadros C.5.8. e C.5.9.

Galicia dedicou unha reducida porcentaxe do seu PIB a prezos de mercado ó investimento en I+DT: en 2000, investiu un 0,63% do PIB, co que é a sétima comunidade que menos porcentaxe dedica a I+DT. España dedica un 0,94% do seu PIB a estas actividades.

O gasto total de I+DT en Galicia, 209.457 miles de euros, representa o 3,7% do gasto total destas actividades en España, o que a converte na sétima comunidade que máis inviste en termos absolutos, tras Madrid, Cataluña, Andalucía, País Vasco, C. Valenciana e Castela e León.

CADRO C.5.9.

Gastos internos totais en I+D nas CC.AA. 1999-00: distribución segundo responsable do gasto

	Total		Administración		Empresa		Institucións de Ensino Superior		IPSFL (1)	
	1999	2000	1999	2000	1999	2000	1999	2000	1999	2000
	(en miles de €)									
Andalucía	474.726,3	542.156,0	95.258,1	103.093,0	137.475,6	177.431,0	240.496,6	259.897,0	1.496,1	1.735,0
Aragón	134.167,6	134.169,0	24.369,1	21.124,0	77.112,1	75.725,0	32.674,2	36.555,0	12,1	765,0
Asturias	74.442,3	114.586,0	12.684,0	15.376,0	31.265,8	56.352,0	30.476,5	40.320,0	16,1	2.537,0
Baleares	32.888,1	34.853,0	7.533,0	7.562,0	5.219,1	4.274,0	20.000,2	22.897,0	135,8	121,0
Canarias	104.791,8	119.432,0	26.146,8	27.907,0	15.485,6	25.594,0	62.632,7	65.931,0	526,8	-
Cantabria	42.078,1	35.942,0	9.543,6	7.918,0	15.846,9	8.993,0	15.208,5	16.067,0	1.479,1	2.964,0
Castela e León	201.997,1	222.811,0	19.056,8	18.889,0	76.758,5	92.347,0	101.654,7	110.911,0	4.527,1	664,0
Castela-A Mancha	65.099,7	118.578,0	7.467,3	10.744,0	33.604,9	76.478,0	24.015,3	31.355,0	12,1	-
Cataluña	1.129.761,4	1.262.168,0	92.595,9	94.370,0	755.927,3	850.192,0	264.638,2	304.412,0	16.599,9	13.194,0
C. Valenciana	332.186,5	430.512,0	33.343,1	36.622,0	111.096,9	181.831,0	182.609,4	204.840,0	5.137,2	7.220,0
Extremadura	38.675,2	56.537,0	6.896,0	13.273,0	7.412,2	14.946,0	23.900,1	28.318,0	466,9	-
Galicia	165.092,7	209.457,0	31.185,8	35.984,0	50.168,3	67.230,0	83.735,8	105.145,0	2,8	1.098,0
Madrid	1.589.412,3	1.751.983,0	443.390,8	477.707,0	850.866,8	954.488,0	278.125,6	301.160,0	17.029,2	18.627,0
Murcia	84.509,9	104.216,0	19.809,5	16.906,0	35.333,3	45.165,0	29.367,1	42.146,0	-	-
Navarra	91.147,2	94.595,0	1.651,1	2.063,0	58.191,9	61.814,0	31.304,1	30.648,0	0,0	70,0
País Vasco	414.083,0	459.617,0	10.495,6	13.183,0	324.495,8	359.375,0	76.133,2	84.718,0	2.958,4	2.342,0
A Ríoxa	20.298,9	27.377,0	1.834,1	2.055,0	10.836,1	16.761,0	7.628,7	8.561,0	-	-
Total	4.995.358,3	5.718.989,0	843.260,5	904.776,0	2.597.097,4	3.068.996,0	1.504.600,8	1.693.881,0	50.399,5	51.337,0
G/E (%)	3,3	3,7	3,7	4,0	1,9	2,2	5,6	6,2	0,01	2,14

(1) IPSFL = Institucións privadas sen fins de lucro

Fonte: INE. Estadística sobre las actividades en Investigación Científica y Desarrollo Tecnológico



O peso relativo do gasto en I+DT das empresas galegas no total español foi do 2,2% en 2000, fronte ó 1,9% do ano 1999. No caso das universidades, este pasa do 5,6% ó 6,2% do ano 2000, en tanto que para a administración, estas porcentaxes aumentan dende o 3,7% ata o 4,0% de 2000. Isto aconsellaría dotar de estímulo ás empresas para implicarlas en maior medida na súa aposta pola competitividade futura.

As institucións de ensino superior e as empresas son as entidades que dedican unha maior cantidade ó I+DT en Galicia en 2000: a súa contribución representa o 50,2% e o 32,1%, respectivamente. En 1999, esas porcentaxes eran do 50,7% e o 30,4%, respectivamente. En España, as institucións de ensino superior contribuían, no ano 2000, co 29,6%, mentres que as empresas aportaban o 53,7%. A situación galega aparece así invertida verbo da media española na cuota de esforzo empresarial relativo ó I+D (32% nós e 53% en España).

O persoal empregado en I+D en equivalencia a dedicación plena acadou os 5.667 persoas (o 4,7% do total estatal), o que representa unha medra de 1.132 traballadores en relación ó ano anterior. Do total de persoas ocupadas en I+D, o número de investigadores ascendeu a 3.982 persoas (o 5,2% do total estatal), 678 máis que en 1999. En termos relativos, en Galicia hai un total de 4,9 persoas ocupadas nestas actividades por cada mil activos fronte ás 7,2 persoas que se rexistra de media no conxunto do estado.

3.- Desenvolvemento territorial e medioambiental

Cadros C.5.10. a C.5.13.

Se considerámo-la separación entre a Galicia occidental-costa e a Galicia interior, a primeira acolle o 33,7% da superficie e o 69,3% da poboación galega segundo o padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2001, sendo a súa densidade de poboación de

189,9 habitantes por quilómetro cadrado, fronte ós 42,6 habitantes por quilómetro cadrado da Galicia interior. O número de concellos que conforman a Galicia occidental-costa é de 138 (o 43,8% dos concellos galegos) e o número de entidades singulares de poboación de 13.664 (o 45,6%).

A cota de mercado, un índice que reflicte a capacidade de consumo comparativa mediante un termo medio de números índices de distintas variables para expresa-la participación (en tanto por 100.000 sobre o total nacional), amosa que a Galicia occidental presenta unha capacidade de consumo de 4.252 (o 68,1% do valor do índice en Galicia) e que na Galicia interior, este é do 1.975.

Respecto ós diferentes “índices”, a Galicia occidental costa ten uns valores en torno ó 70% do total de Galicia. Cómpre salientalo valor acadado polo índice turístico, que expresa a importancia turística desta área, que representa o 81,1% do valor total de Galicia.

En relación ás variables con incidencia na actividade económica, o número de empresas en Galicia ascendeu a 160.988, das que un 70% estaban establecidas na Galicia occidental-costa. Relacionando esta porcentaxe (fonte: Directorio de empresas de Galicia) coas existentes para cada unha das actividades (fonte: La Caixa) pódese ver que a porcentaxe de actividades industriais na Galicia occidental-costa é do 62,3%, mentres que no caso das actividades comerciais maioristas ascende ó 71,9%.

Finalmente, atendendo ós datos facilitados polo Ardán, o 75,6% das 12.394 empresas consideradas (9.373 firmas) están empregadas na denominada Galicia occidental-costa e acollen en torno ó 85,4% dos ingresos de explotación e do VEB xerado nos anos 1999 e 2000.

Os programas ambientais da Xunta de Galicia supoñen o 3,4% do total orzamentario



CADRO C.5.10.

Territorio e poboación nas áreas funcionais galegas

	Superficie (km ²)	Poboación a 1/1/01	Densidade de poboación	Número de concellos	Entidades singulares (1)
Provincia de A Coruña	7.943	1.108.002	139,5	94	10.292
Ferrol	1.556	208.026	133,7	20	2.599
A Coruña	2.597	515.128	198,3	35	3.403
Santiago	3.790	384.848	101,6	39	4.290
Provincia de Lugo	10.026	364.125	36,3	67	9.741
Mariña	1.395	75.956	54,4	15	1.739
Monforte	1.981	60.452	30,5	12	1.906
Lugo	6.650	227.717	34,2	40	6.096
Provincia de Ourense	7.274	344.623	47,4	92	3.675
Ourense	4.119	272.079	66,1	67	3.101
Verín	1.754	37.455	21,4	12	263
O Barco	1.401	35.089	25,1	13	311
Provincia de Pontevedra	4.417	916.176	207,4	62	6.239
Vigo	1.605	504.305	314,1	25	2.522
Pontevedra	1.316	334.969	254,5	28	2.039
Lalín	1.496	76.902	51,4	9	1.678
Galicia	29.660	2.732.926	92,1	315	29.947
Galicia occidental-costá	9.979	1.894.919	189,9	138	13.664
Galicia interior	19.681	838.007	42,6	177	16.283

(1) ano 1996

Fonte: La Caixa, Anuario económico 2001; IGE, Renovación do Padrón a 1/01/01; Mapa comarcal de Galicia

CADRO C.5.11.

Principais indicadores económicos das Áreas Funcionais galegas 2000

	Cota de Mercado	Índice industrial	Índice comercial	Índice comercial polo miúdo	Índice comercial por xunto	Índice de restauración e bares	Índice Turístico	Índice actividade económica
Provincia de A Coruña	2.444	2.469	2.582	2.595	2.575	3.010	1.341	2.430
Ferrol	441	571	372	361	382	513	112	400
A Coruña	1.161	1.361	1.435	1.563	1.359	1.524	630	1.401
Santiago	845	535	779	678	833	975	598	631
Provincia de Lugo	866	1.001	782	877	726	819	317	743
Mariña	182	430	149	165	139	163	82	199
Monforte	145	182	99	95	103	114	36	112
Lugo	535	380	531	613	483	532	192	425
Provincia de Ourense	866	966	691	714	677	806	247	732
Ourense	670	593	574	586	563	667	193	552
Verín	89	62	54	49	56	69	21	50
O Barco	92	223	57	68	53	66	26	105
Provincia de Pontevedra	2.068	1.635	2.041	2.192	1.951	2.067	1.161	1.757
Vigo	1.138	1.065	1.295	1.478	1.187	1.190	534	1.104
Pontevedra	755	449	627	595	644	730	574	548
Lalín	174	120	121	117	121	148	41	108
Galicia	6.244	6.071	6.096	6.378	5.929	6.702	3.066	5.662
Galicia occidental-costá	4.252	4.184	4.476	4.653	4.370	4.858	2.488	4.108
Galicia interior	1.975	1.787	1.617	1.715	1.553	1.833	551	1.527

Fonte: La Caixa, Anuario económico, 2002



Principais variables con incidencia na actividade económica nas áreas funcionais galegas 2000

	Telefonos	Vehiculos de motor	Oficinas bancarias	Número de empresas (1)	Actividades industriais	Actividades comerciais maioristas	Actividades comerciais minoristas (en m ²)	Actividades de restauración e bares
Provincia de A Coruña	424.354	539.905	913	67.434	16.505	4.579	23.872	10.371
Ferrol	79.783	101.832	139	10.324	2.367	636	4.187	1.846
A Coruña	211.374	257.052	452	35.702	8.769	2.684	11.203	4.855
Santiago	133.197	181.021	322	21.408	5.369	1.259	8.482	3.670
Provincia de Lugo	137.036	192.250	372	21.207	6.030	1.601	8.036	3.396
María	28.733	38.443	91	4.423	1.399	325	1.999	811
Monforte	22.240	31.331	61	3.267	1.088	196	1.310	509
Lugo	86.063	121.474	218	13.517	3.536	1.073	4.708	2.052
Provincia de Ourense	134.237	203.875	418	20.519	6.609	1.278	7.054	2.978
Ourense	106.176	164.959	319	16.673	5.073	1.033	5.477	2.303
Verín	12.296	17.679	42	1.820	566	103	756	329
O Barco	13.250	17.989	48	2.026	851	129	733	303
Provincia de Pontevedra	327.536	502.047	769	51.828	13.300	4.122	18.006	6.928
Vigo	190.442	284.575	414	29.247	6.847	2.689	9.268	3.611
Pontevedra	113.728	177.328	289	18.432	5.031	1.189	7.174	2.705
Lalín	23.150	39.792	66	4.149	1.418	234	1.550	606
Galicia	1.023.163	1.438.077	2.472	160.988	42.444	11.580	56.968	23.673
Galicia occidental-cost	719.757	980.790	1.619	113.460	26.433	8.326	39.096	16.320
Galicia interior	300.023	452.685	842	47.528	14.670	3.167	16.928	7.152

(1) a 1 de xaneiro de 2000

Fonte: La Caixa, Anuario económico, 2002; INE; DIRCE



CADRO C.5.13.

VEB e Ingresos de explotación das empresas galegas 1999-00: distribución segundo Áreas Funcionais ⁽¹⁾

Empresas	VEB 1999	VEB 2000	Ingresos de explotación 1999	Ingresos de explotación 2000	VEB 99 / VEB 97
		(millóns de €)			(%)
Provincia de A Coruña	5.150	3.370,5	3.686,4	15.607,5	12,2
Ferrol	616	370,6	358,2	1.667,2	10,5
A Coruña	2.876	2.191,0	2.489,5	10.179,3	12,8
Santiago	1.658	808,9	838,7	3.761,0	11,5
Provincia de Lugo	1.253	375,6	414,1	2.028,9	8,9
Mariña	310	91,2	97,5	453,4	3,0
Monforte	123	27,4	27,9	144,6	14,5
Lugo	820	257,1	288,7	1.430,9	10,2
Provincia de Ourense	1.365	517,1	567,3	2.287,0	34,5
Ourense	1.087	381,4	413,8	1.784,6	8,3
Verín	110	24,9	27,1	110,6	9,3
O Barco	168	110,8	126,4	391,8	16,8
Provincia de Pontevedra	4.626	2.993,2	3.340,7	16.350,5	18,3
Vigo	2.871	2.200,4	2.449,8	12.405,8	20,4
Pontevedra	1.489	699,8	784,0	3.469,6	11,6
Lalín	266	92,9	106,9	475,0	12,2
Galicia	12.394	7.256,3	8.008,5	36.273,8	14,6
Galicia occidental-costa ⁽¹⁾	9.373	6.195,5	6.835,6	31.235,5	15,3
Galicia interior	3.021	1.060,8	1.172,9	5.038,3	10,6

(1) Inclúe tódalas comarcas das áreas funcionais de Ferrol, A Coruña, Mariña e Pontevedra, e as comarcas Baixo Miño e Vigo, na área funcional de Vigo, e as comarcas de A Barbanza, Barcala, Muros, Noia, O Sar, Santiago, e Xallas, na área funcional de Santi

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos Ardán.

e o 0,5% do PIB a prezos de mercado (prezos correntes).

A superficie estragada polo lume pasou do 24,4% español en 2000 ó 27,1% en 2001 e no que atinxe ó lixo urbano en 2000 –último dato- a recollida selectiva abrangúa entre nós o 34% do total mentres a media española se situaba no 42%. No ano 2000 contabamos só co 1,2% da superficie de Espacios Naturais Protexidos de España e co 0,4 % da superficie inscrita no 2001 como de agricultura ecolóxica.

4.- Indicadores económicos de desenvolvemento

Cadros C.5.14. e C.5.15.

O crecemento do VEB tradúcese nun aumento do 6,7% da renda familiar (poder de compra) por habitante en Galicia respecto ó ano anterior, acadando un total de 11.739 euros no ano 2001. Nese ano, a renda familiar por habitante en Galicia acada o 97,17% do valor medio de España, o que supón unha medra de 0,8 puntos en relación ó ano ante-

rior, no que o indicador estaba situado no 96,38% do valor medio español.

Galicia é a sétima comunidade autónoma con menor índice por habitante da RFBD. En peor situación atópanse Andalucía, Asturias, Canarias, Castela a Mancha, Extremadura e Murcia.

É relevante a comparación dos valores da renda e da produción por habitante de Galicia coa media española. A produción por habitante galega representa o 80,43% do valor de España, mentres que a renda por habitante é equivalente ó 97,17%, isto é, existe un diferencial favorable á economía galega de 16,74 puntos. Este diferencial explicase polo funcionamento de mecanismos de compensación, é dicir, de transferencias de rendas e os fondos de desenvolvemento territorial do estado e da UE, e en menor medida do investimento público do estado, que en Galicia foi só do 4,5% do total estatal.

Na diminución das diferencias interregionais é fundamental, o comportamento financeiro das Administracións Territoriais en





CADRO C.5.14.

Renda familiar bruta dispoñible (poder de compra) nas CC.AA. 2000-01

	PIB/hab.		Índice PIB/hab.		RFB (poder de compra)/hab.		Índice/hab.	
	2000	2001	2000	2001	2000	2001	2000	2001
	(en €)		(España=100)		(en €)		(España=100)	
Andalucía	9.777,66	10.019,18	75,05	75,98	9.398,9	10.096,1	82,31	83,57
Aragón	13.943,22	14.189,25	107,03	107,61	13.195,4	13.923,9	115,56	115,25
Asturias	11.249,02	11.505,05	86,35	87,25	10.779,3	11.478,6	94,40	95,01
Baleares	14.016,43	13.842,96	107,59	104,98	12.694,2	13.120,4	111,17	108,60
Canarias	12.003,59	11.869,23	92,14	90,01	9.832,6	10.426,6	86,11	86,31
Cantabria	12.746,04	12.945,55	97,84	98,18	11.163,6	11.826,1	97,77	97,89
Castela-A Mancha	10.669,46	10.840,18	81,90	82,21	10.735,7	11.529,4	94,02	95,43
Castela e León	12.232,57	12.570,65	93,90	95,33	12.088,0	12.855,8	105,86	106,41
Cataluña	15.602,07	15.705,92	119,76	119,11	12.484,7	13.115,9	109,34	108,57
C. Valenciana	12.446,91	12.614,09	95,54	95,66	11.285,7	12.024,9	98,84	99,53
Extremadura	8.763,03	8.983,24	67,27	68,13	10.121,3	10.696,9	88,64	88,54
Galia	10.375,46	10.606,11	79,64	80,43	11.005,4	11.739,0	96,38	97,17
Madrid	17.510,92	17.520,40	134,41	132,87	13.354,7	13.910,3	116,96	115,14
Murcia	10.793,27	10.757,69	82,85	81,58	9.744,1	10.051,4	85,34	83,20
Navarra	16.913,10	16.845,78	129,83	127,76	13.161,6	13.718,8	115,27	113,56
País Vasco	16.078,16	16.321,21	123,42	123,78	12.198,7	12.941,8	106,83	107,12
A Ríoxa	14.803,03	14.804,67	113,63	112,28	13.125,3	13.689,6	114,95	113,31
Ceuta (1)					10.806,5	11.494,5	94,64	95,14
Melilla	10.433,20	10.373,64	80,09	78,67	11.173,1	11.362,9	97,85	94,06
Total	13.027,55	13.185,98	100	100	11.418,4	12.081,1	100	100

(1) Os datos do PIB/hab. e Índice PIB/hab. corresponden a Ceuta e Melilla conxuntamente
Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de *Funcas e INE*



CADRO C.5.15.

Recadación dos principais impostos estatais 2000-01

	2000				
	IRPF	Sociedades	IVE	Imp. especiais	Resto
	(en millóns de €)				
Galia	1.443,6	695,4	1.185,8	109,4	60,7
Estado	32.119,4	17.206,6	33.389,2	16.056,4	4.346,2
G/E (%)	4,49	4,04	3,55	0,68	1,40

	2001				
	IRPF	Sociedades	IVE	Imp. especiais	Tráfico exterior
	(en millóns de €)				
Galia	1.622,3	719,8	1.230,3	115,7	112,1
Estado	36.127,3	17.215,2	34.672,7	16.576,7	4.716,3
G/E (%)	4,49	4,18	3,55	0,70	2,38

Fonte: Agencia Estatal de Administración Tributaria. Intervención General del Estado

Galicia favorecendo a converxencia real en termos de renda e benestar social. O compromiso entre equidade e eficacia debe seguir a reducir as disparidades interterritoriais achegándoas ó nivel de renda e benestar social das rexións comunitarias máis desenvolvidas.

No obxectivo da cohesión social e territorial dentro de España non semellan estar a contribuir tan positivamente as políticas euro-

peas pois os fondos por habitante recibidos en Galicia, se ben supoñen o 13,7% dos programas operativos para as rexións menos desenvolvidas do obxectivo nº 1 (con 282 euros por habitante e ano verbo da media española de 238), non chegan o 1,5% dos fondos dos programas agrarios do conxunto español (agora con só 34 euros fronte a 153), co que o balance consolidado nos situaría por termino medio no 81% do percibido (nós 317 euros

per cápita fronte a 391) por unha rexión –Castela A Mancha, Estremadura, etc.– menos desenvolvida coma nós, con problemas de despoboamento e con amplas zonas declaradas como desfavorecidas.

A recadación dos principais impostos estatais en Galicia no ano 2001 foi de 3.800,2 millóns de euros. Este importe representa sobre o acadado no ano 2000 un incremento nominal de 305,4 millóns de euros que, en termos relativos, supón un incremento do 8,7%. Salienta o crecemento da recadación polo IRPF, con 178,7 millóns de euros máis.

Neste senso, as transferencias correntes do presuposto consolidado da Comunidade Autónoma superan en 2.043,8 millóns de euros o total da recadación dos principais impostos estatais no ano. ■



